Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia dende o mes de xaneiro de 2017 para garantirlles un acceso á auga suficiente ás familias e negocios en situación de risco pola seca, así como a súa avaliación en relación cos custos desta para a gandaría, a agricultura e os ecosistemas
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17594 (10/POC-002975)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre os resultados da aplicación da Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións en Galicia
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 17598 (10/POC-002976)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 4 máis
Sobre os datos referidos ao desenvolvemento das actuacións específicas previstas no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de reforzar as competencias do persoal ao servizo da Administración autonómica en materia de igualdade de xénero a través dun novo modelo formativo máis intensivo e específico, así como a valoración do Goberno galego respecto da súa incidencia e efectividade
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 17601 (10/POC-002977)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 4 máis
Sobre os datos referidos ao desenvolvemento das actuacións específicas previstas no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 para a consecución do obxectivo de mellorar a acción pública en materia de igualdade de xénero entre o persoal ao servizo da Administración autonómica, así como a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do nivel de mellora acadado durante os anos de vixencia dese plan
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 17652 (10/POC-002978)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e 7 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento do programa denominado Bono de alugueiro social desde a súa posta en marcha
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17657 (10/POC-002979)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dalgún programa operativo no ámbito da educación para darlles unha maior visibilidade ás mulleres no medio rural e os datos referidos ás medidas desenvolvidas nos concellos para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como o establecemento dalgún módulo en materia de igualdade nos programas especializados de formación agraria e/ou nas escolas dese medio e a dispoñibilidade de indicadores estatísticos que midan a súa contribución á economía rural
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17658 (10/POC-002980)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre os datos referidos á participación das mulleres do medio rural na titularidade das explotacións agrarias e nas directivas das cooperativas entre os anos 2012 e 2017 e a avaliación do Goberno galego referida ao estudo realizado nos últimos anos en relación co impacto de xénero na programación, xestión e seguimento do Fondo Europeo Agrícola de Garantía e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, así como as normas, os acordos, os proxectos subvencionados e as iniciativas de desenvolvemento rural postas en marcha para mellorar a situación da muller no ámbito rural en todos os aspectos
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17665 (10/POC-002981)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a fundamentación da decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de non incluír o alumnado repetidor no cómputo das ratios de alumnos por aula, o número de aulas nas que se está a incumprir esa relación e as previsións respecto da redución das establecidas na actualidade
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17673 (10/POC-002982)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para a restitución ao patrimonio público de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17679 (10/POC-002983)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención ás persoas diagnosticadas de alzhéimer e outras demencias en Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17683 (10/POC-002984)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa situación da Casa Niño de Folgoso do Courel na planta baixa do edificio municipal destinado á Oficina de Turismo, así como o estado de deterioración no que se atopan e o posible risco que presentan para os nenos os bolardos de madeira que rodean o xardín do edificio, a valoración realizada pola Inspección ao respecto e as súas previsións referidas ao aumento dos recursos para a conciliación e ensino infantil de 0 a 3 anos nese concello
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17693 (10/POC-002985)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa presenza que ten na actualidade a lingua galega na etiquetaxe dos produtos e noutros usos vinculados ao comercio, as medidas adoptadas ou previstas para promover o uso da lingua galega nela e o orzamento destinado para ese fin desde o ano 2016, así como a valoración e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación coa lexislación referida ao uso do castelán na información, etiquetaxe ou documentación comercial
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 17700 (10/POC-002987)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a redacción que presenta o proxecto de decreto para a ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 17705 (10/POC-002988)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación co estado de deterioración que presenta a torre de Caldaloba, en Cospeito, os contactos mantidos ao respecto co Concello e a Dirección Xeral do Patrimonio e as medidas adoptadas ou previstas para garantir a súa conservación, así como a actuación que está a levar a cabo en relación cos bens patrimoniais de propiedade privada que contan con algunha figura de recoñecemento ou protección cando non están ben conservados ou corren risco de desaparecer
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17709 (10/POC-002989)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa práctica dos abortos euxenésicos e atención da interrupción voluntaria do embarazo
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17720 (10/POC-002990)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a valoración polo Goberno galego dalgún tipo de actuación inmediata para resolver os problemas existentes no Colexio de Educación Primaria Altamira, de Salceda de Caselas, a posibilidade de dotar de estudos de ensino postobrigatorio esa localidade e, se é o caso, os estudos concretos, así como a de aproveitar con maior eficiencia e sensibilidade o transporte escolar para permitir que o alumnado desa vila poida cursar estudos de bacharelato e de formación profesional nos concellos limítrofes
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17725 (10/POC-002993)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre os datos referidos á concesión e denegación das subvencións convocadas na Orde do 30 de decembro de 2016, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para contribuír a mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal, destinadas ás asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, así como os mecanismos da Xunta de Galicia para o seu control
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustíza e Interior

- 17727 (10/POC-002994)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo para o impulso do papel da Inspección de Traballo como garante dun emprego de calidade
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17728 (10/POC-002995)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 8 máis
Sobre a evolución que presenta a contratación indefinida e a xornada completa en Galicia
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17729 (10/POC-002996)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia ou actuación para a elaboración do estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza e a súa información respecto da data de inicio das negociacións para o remate do plan industrial, o seu remate definitivo, a publicación e a posta en marcha, así como o orzamento necesario para o seu desenvolvemento
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 17732 (10/POC-002997)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis
Sobre as liñas básicas do plan de vivenda que vai levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento en Galicia do programa marco do Ministerio de Fomento
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17809 (10/POC-002998)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre a contía dos recursos orzamentarios que vai consignar o Goberno galego para a Área Metropolitana da Coruña para o exercicio de 2018
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 17810 (10/POC-002999)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar a materialización da Lei da Área Metropolitana da Coruña
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustíza e Interior

- 17814 (10/POC-003000)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa colaboración económica na expropiación de 700.000 metros cadrados de montes veciñais en man común para a construción dun campo de golf no concello de Baiona
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17820 (10/POC-003001)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre o destino previsto pola Xunta de Galicia para os terreos que está a ocupar na actualidade a estación de autobuses de Ourense, tras o seu traslado á futura estación intermodal do AVE e as súas intencións en relación coa construción dun parque público neles, así como a recepción do acordo do Concello de Ourense ao respecto
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17823 (10/POC-003002)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre a situación na que se atopa e a data prevista polo Goberno galego para a retirada dos pneumáticos usados do depósito de Lendo-A Laracha, así como o cumprimento nel dos requisitos básicos de vixilancia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17826 (10/POC-003003)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre os datos referidos á cobertura da praza de facultativo suprimida no Centro de Saúde de Soutelo de Montes e o número de emerxencias atendidas nel entre o 1 de xullo e o 15 de setembro, así como o de cartillas asignadas a ese centro e a ratio que está a considerar a Xunta de Galicia para o seu cadro de persoal
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17845 (10/POC-003004)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre o investimento público realizado no proxecto denominado Insua dos Poetas, na parroquia de Madarnás, no concello do Carballiño, a titularidade dese espazo e os datos referidos á súa adquisición, así como o seu labor e as razóns da inexistencia dunha páxina web desa fundación onde consultar as súas memorias de actividades e os seus orzamentos públicos
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 17852 (10/POC-003005)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis
Sobre os resultados da posta en marcha das aceleradoras de empresas en distintos puntos de Galicia e as previsións para a súa extensión
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 17853 (10/POC-003006)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis
Sobre as actuacións de impulso á innovación das empresas postas en marcha pola Administración autonómica a través da compra pública innovadora
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 17902 (10/POC-003007)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre a opinión da Consellería do Mar referida ás causas da perda de produtividade marisqueira na ría de Arousa e as medidas previstas ao respecto
Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 17908 (10/POC-003008)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do abandono do uso de herbicidas con glisofato en lugares públicos e a súa substitución por métodos alternativos non contaminantes nin perigosos para a saúde e o medio ambiente, así como os datos referidos ás fumigacións que se están a levar a cabo nas redes ferroviaria e de estradas de Galicia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17957 (10/POC-003009)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as razóns do Goberno galego para non convocar o proceso de recoñecemento das cualificacións profesionais para todas as prazas do dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 17963 (10/POC-003010)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego en relación co impulso do labor dos tradutores xudiciais para axudar a resolver o escaso uso da lingua galega na Administración de xustiza en Galicia e os datos ao respecto referidos aos anos 2016 e 2017
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 17965 (10/POC-003011)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre o destino da subvención concedida no ano 2007 pola Xunta de Galicia ao Concello de Folgoso do Courel por importe de 100.000 euros para a reforma e o acondicionamento do antigo colexio como centro de día e miniresidencia, o investimento da axuda concedida nese ano por importe de 6.000 euros para equipamento informático e mobiliario, así como o destino do mobiliario mercado e as actuacións previstas polo Goberno galego en materia de dotación de prazas públicas residenciais e de centro de día a ese concello
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17979 (10/POC-003012)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e 2 máis
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o reforzo da atención sanitaria no Courel
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 17992 (10/POC-003013)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David
Sobre as razóns da actuación que está a levar a cabo a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación cos labores de protección e conservación que están a desenvolver os axentes medioambientais, así como as súas previsións respecto da realización dalgunha xuntanza con ese colectivo
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 17998 (10/POC-003014)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a opinión do Goberno galego respecto das inspeccións realizadas ás explotacións agrarias en relación coa colaboración gratuíta de familiares ou veciños nos labores de recollida de uva ou pataca e o mecanismo que vai aplicar para evitar as sancións
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 18004 (10/POC-003015)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Dirección xeral do Patrimonio para a conservación da Casa Benedicto, de Navia de Suarna
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 18010 (10/POC-003016)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos principios en que se basea a masonería, o recoñecemento da súa honorabilidade, a anulación de todas as sentenzas e condenas ditadas polo Tribunal de Represión da Masonaría e o Comunismo, así como a demanda de cesamento dos sufrimentos que están a padecer aquelas persoas que defenden esa institución e os seus ideais
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 18015 (10/POC-003017)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dalgunha xestión co Goberno municipal de Ordes para a inclusión no novo PXOM da habilitación do terreo anexo ao PAC como espazo para o helicóptero de emerxencias, as razóns da retirada do heliporto do centro de saúde dos planos do novo planeamento e a súa opinión en relación coa situación en que se atopa o transporte sanitario para a veciñanza afectada na zona
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 18019 (10/POC-003018)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación coas seis edicións do Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia, Corazón de Artesanía, levadas a cabo nos Pendellos de Agolada, na provincia de Pontevedra, os datos ao respecto e os resultados das enquisas de satisfacción dos participantes
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 18020 (10/POC-003019)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre as medidas desenvolvidas pola Xunta de Galicia para o impulso do comercio electrónico e da presenza das empresas comerciais na rede da internet
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 18021 (10/POC-003020)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación coas actuacións de mellora levadas a cabo nas prazas de abastos galegas
Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 18034 (10/POC-003021)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para a apertura dun expediente sancionador á radio comunitaria da Coruña Cuac FM, a posible incidencia da exclusión deste tipo de radios no último concurso público de licenzas e as medidas previstas para o cumprimento da lexislación vixente, así como as recomendacións da defensora do pobo ao respecto
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 17696 (10/POC-002986)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns da non emisión pola TVG de información en relación co acto de ocupación simbólica da Casa de Cornide na Coruña o día 26 de setembro de 2017
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 17723 (10/POC-002992)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis
Sobre as razóns da exclusión da primeira forza política da oposición na información emitida pola TVG respecto da valoración dos grupos políticos en relación coa enquisa referida ao posible resultado electoral en Galicia no caso de se produciren hoxe unha novas eleccións
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17239
Data envío: 21/09/2017 19:35:07.813

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira** e **Paula Vázquez Verao**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.ª**

A reestruturación das liñas do transporte público en Galicia provocou que 14 persoas –concretamente na Mariña lucense- quedasen sen traballo, todas elas pertencentes á empresa Arriva Noroeste.

A empresa sucesora, a nova adxudicataria da liña de autobús da Mariña, a UTE Morán-Rodríguez, non subrogou a estes traballadores, aínda que nos pregos de contratación sí que se recollía a obriga da subrogación dos traballadores.

Isto non sucedeu así, polo que estes traballadores oficialmente están cesados pola antiga empresa (Arriva Noroeste), pero non están subrogados pola UTE Morán Rodríguez e non teñen opción a cobrar as prestacións por desemprego, atopándose así no limbo xurídico á espera da resolución da súa situación laboral.

Por todo o exposto os deputados arriba asinantes, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª:

Que pensa facer a Consellería para cumprir co compromiso derivado do Plan de transportes e intervir para que os traballadores sexan subrogados pola empresa adxudicataria?

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 21/09/2017 19:34:08**

**Paula Vázquez Verao na data 21/09/2017 19:34:21**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 13:15
Nº Rexistro: 17261
Data envío: 22/09/2017 13:15:15.738

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No DOG do luns 29 de maio de 2017, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou a Orde *do 5 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e ás agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.*

As subvencións reguladas nesta orde contan cunha dotación orzamentaria de 500.000 € e un prazo máximo de notificación aos interesados de cinco meses a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria.

O artigo 2.3*. da orde di que: "A dotación das axudas será destinada á realización de investimentos de equipamento escénico, iluminación e son, equipamento audiovisual, xeral de sala, sistemas de prevención e seguridade, novas tecnoloxías, investimentos destinados á posta en funcionamento de locais para usos culturais, investimentos en bibliotecas públicas municipais, así como accións encamiñadas á mellora da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.*

*2.4. A axuda máxima por beneficiario que concederá a Consellería será de 30.000 euros, que en ningún caso poderá exceder o 90 % do orzamento total do proxecto subvencionable. Este importe de 30.000 € ascenderá a 35.000 € cando se trate de solicitudes conxuntas, é dicir, solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar)*"

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

E no artigo 7. Instrución do procedemento e selección de solicitudes. Establécese que:

*"A comisión valorará os expedientes, consonte os seguintes criterios prioritarios:*

*A) As solicitudes presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar) poderán obter unha puntuación de 30 puntos (dun total de 100), baixo as dúas seguintes modalidades:*

*A.1. Agrupacións de concellos baixo calquera fórmula (agás a de fusión municipal), tendo en conta os seguintes aspectos:*

a) Pola simple presentación da solicitude conxunta nos termos e cos requisitos que se determinen nas bases ou nas convocatorias: 10 puntos.

b) Polo número de concellos asociados, número de servizos que se van prestar de forma compartida, repercusión do proxecto segundo a cifra de poboación total dos concellos participantes: 10 puntos en total desagregados do seguinte xeito:

• Número de concellos asociados: 4 puntos.

• Número de servizos que se van prestar de forma compartida: 3 puntos.

• Repercusión do proxecto tendo en conta a cifra de poboación total dos concellos participantes: 3 puntos

Á vista destes datos, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron a totalidade dos concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos que solicitaron a subvención indicada?

2ª Cales foron os concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos que recibiron subvención con cargo a esta orde?

3ª) Cales foron as contías correspondentes a cada un dos concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos que recibiron a dita subvención?

4ª) Cales foron os concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos que se excluíron ou lle denegaron a subvención, e cales foron as causas que motivaron a dita exclusión ou denegación da subvención?

5ª) Considera o Goberno galego que os veciños e veciñas dun concello non agrupado, a efectos desta subvención, ou fusionado teñen máis dereitos que aqueles que viven en concellos que non cumpren este requisito?

6ª) Considera o Goberno galego que a convocatoria no mes de maio e a resolución no prazo máximo de 5 meses, é dicir, o 28 de outubro, é axeitado para que os concellos poidan facer unha programación axeitada para o desenvolvemento das obras no exercicio correspondente?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/09/2017 13:04:03**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 22/09/2017 13:04:09**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/09/2017 13:04:20**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17264
Data envío: 22/09/2017 14:27:12.338

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O pasado día 10 de maio entrou en vigor o *Decreto 12/2017 do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Hoxe en día, tanto a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, como a Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) solicitan que se eliminen ou corrixan algúns dos aspectos que recolle o decreto xa en vigor.

A pesar do requirimento feito pola CNMC á Xunta de Galicia, esta non modificou o Decreto e, ante esta situación, a CNMC interpuxo un recurso contencioso-administrativo ante o TSXG. Considerando os antecedentes doutros contenciosos similares en distintos tribunais superiores de xustiza, doutras comunidades autónomas como Madrid ou Canarias, nós manifestamos a necesidade de abordar de novo o tema e de buscar as vías de solución de maneira consensuada e dialogada.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Dende a entrada en vigor do Decreto 12/2017, cantas vivendas de uso turístico hai en cada provincia, especificadas por concellos?

2ª) Cal é a postura da Xunta de Galicia referida ao recurso contencioso-administrativo da CNMC (Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia), no relativo ao Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/09/2017 14:25:10**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/09/2017 14:25:15**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 16:48
Nº Rexistro: 17267
Data envio: 22/09/2017 16:48:57.088

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en comisión.**

Tanto a Xunta de Galiza como diversos representantes do PP veñen de recoñecer que o goberno galego vai incumprir os acordos asinados con concello de Lalín para a construción dun Centro de Alta Resolución.

Resulta altamente sorprendente e pouco respectuoso que estes anuncios se fagan en resposta a iniciativas parlamentarias do BNG, e que nin o conselleiro de sanidade nin ningún representante da consellaría se dignen a responder as peticións de entrevista do alcalde de Lalín para falar sobre este tema.

Máis aínda cando en maio de 2016 o conselleiro se comprometeu a comunicar nun prazo de dous meses os resultados do estudo de viabilidade do CAR e outras melloras previstas para a zona sanitaria de Lalín.

Transcorrido case ano e medio, o portavoz de sanidade do PP no Parlamento galego (non un representante da consellaría) anuncia un suposto Plan funcional do que nunca se falara até o momento e a intención do goberno de levar a cabo un Centro Integral de Saúde nos terreos de Alto de Vales. Unha decisión que se ser certa supón incumprir o convenio e que debería ser negociada e acordada co concello de Lalín, que expropiou os terreos para a construción dun CAR.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 16:48
Nº Rexistro: 17267
Data envío: 22/09/2017 16:48:57.088

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade é que mentres a Xunta de Galiza incumpre os compromisos asinados e fai anuncios de cara á galería, pasan os anos (6 desde a sinatura do convenio do CAR) a asistencia sanitaria na zona de Lalín está sufrindo un deterioro continuo polo mal estado das instalacións do centro de saúde, a redución de especialidades, a supresión de persoal e a non cubrición de baixas e vacacións.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Por que a Xunta de Galiza incumpriu o acordo co concello de Lalín para a construción nos terreos de Alto de Vales dun Centro de Alta Resolución?

2. Chegou a realizarse o estudo de viabilidade do CAR comprometido polo conselleiro de Sanidade? De ser así, quen o redactou, cando se rematou e a que conclusións de chegou?

3. Existe un Plan funcional para a mellora da atención sanitaria en Lalín? Quen se encarga da súa redacción? En que prazos se prevé que estea rematado? Ten previsto a Xunta de Galiza informar ao concello de Lalín sobre esta proposta?

4. Se aínda non está rematado o Plan funcional, como é que o portavoz do PP no parlamento anunciou a construción dun Centro Integrado de saúde?

5. Prevé a Xunta de Galiza a construción en Lalín dun Centro Integrado de Saúde? En que prazo? Con que orzamento?

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Prevé o goberno galego incluir no orzamento da Xunta para o ano 2018 unha partida para levar a cabo esta infraestrutura? De ser así, que cantidade está prevista?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Olalla Rodil Fernández**
**Montserrat Prado Cores**
**Ana Belén Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 22/09/2017 16:46:13**

**María Montserrat Prado Cores na data 22/09/2017 16:46:19**

**Ana Pontón Mondelo na data 22/09/2017 16:46:22**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 22/09/2017 16:46:24**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/09/2017 16:46:26**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 16:48
Nº Rexistro: 17267
Data envio: 22/09/2017 16:48:57.088

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 22/09/2017 16:46:29**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 17:57
Nº Rexistro: 17270
Data envío: 22/09/2017 17:57:58.005

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Abel Losada Álvarez, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Concello de Baiona está a piques de se converter nunha nova Marbella. En concreto, para a parroquia de Baredo está previsto o Plan Especial de Dotación e Infraestruturas "As Costeiras (PE-4)" e que ten por fin a instalación dun campo de golf. Este proxecto ten en contra aos veciños da parroquia, fundamentalmente polo impacto medioambiental que ten para Baredo e para o concello de Baiona en xeral.

Do propio proxecto derívase que o estudo de impacto ao medio ambiente resulta insuficiente, en aspectos tan relevantes como xeografía, demografía e ecoloxía, sendo especialmente preocupante o impacto directo sobre os recursos hídricos, a flora e a fauna.

Así, se ben está prevista a execución de balsas de auga para a almacenaxe de excedente que abastecerá a futura Etapa II do Plan, as cifras que se prevé aproveitar por escorrentías da Etapa I (9 buracos) son irreais. É máis, ata se pode dicir que toda a estimación dos recursos hídricos dispoñibles asociados á Etapa I é incorrecta, e vai ser preciso un maior aporte de auga externa, ou un investimento económico maior ao estimado para adecuar todo ese terreo para a captación efectiva da auga. A maiores, cunha poboación de 1.085 habitantes (INE 2015) na parroquia de Baredo, preocupa que o abastecemento de auga non estea garantido.

Por outra banda, non hai un estudio pormenorizado da topografía máis alá de planos de deslinde e acotado, pois non existe ningunha análise das augas e acuíferos subterráneos. Toda a conca hidrográfica posúe un firme granítico que terá que ser obxecto de voaduras agresivas que non só poderán causar danos materiais senón tamén afectación ás augas freáticas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Tampouco hai ningún reflexo sobre a contaminación dos acuíferos polo emprego de produtos químicos no mantemento do campo de golf. Non hai medidas de prevención que poidan establecer un control respecto dos danos á saúde das persoas, a fauna e as explotacións gandeiras, especialmente cabalos.

Ante esta situación a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a opinión do Goberno da Xunta de Galicia sobre o Plan Especial de Dotación e Infraestruturas "As Costeiras (PE-4)", no Concello de Baiona, que ten por fin a instalación dun campo de golf?

2ª) Considera o Goberno que o estudo de impacto ambiental é suficiente?

3ª) Ten coñecemento o Goberno do impacto que vai ocasionar este plan especial sobre os recursos hídricos, a flora e a fauna autóctonas?

4ª) Sabe o Goberno se coa execución deste proxecto pode ser garantido o abastecemento de auga para consumo humano, especialmente para a parroquia de Baredo?

5ª) Sabe o Goberno se existe un plan de prevención de riscos ante a máis que probable contaminación das augas?

6ª) Opina o Goberno que o proxecto debería ser reformado?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 22/09/2017 17:56:58**

**Raúl Fernández Fernández na data 22/09/2017 17:57:04**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2017 17:57
Nº Rexistro: 17270
Data envío: 22/09/2017 17:57:58.005

Grupo Parlamentario

**María Luisa Pierres López na data 22/09/2017 17:57:12**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/09/2017 17:57:18**

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 11:02
Nº Rexistro: 17331
Data envío: 25/09/2017 11:02:43.431

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á posta en funcionamento do novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense coa posta en funcionamento do novo edificio.

O Complexo Hospitalario de Ourense viña contando cun servizo de cociña no que as e os traballadores do servizo preparaban a comida para dar servizo ás necesidades da instalación hospitalaria. Segundo as últimas informacións e os datos derivados da licitación pública, a aposta inminente para o servizo de cociña unha vez se poña en funcionamento o novo edifico anexo do Hospital ourensá contará cun sistema mixto de liña tradicional e liña fría ou precociñada.

Se ben é certo que as e os profesionais así como o persoal usuario levan anos demandando unha mellora das instalacións de cociña e que as obras de ampliación poden ser unha oportunidade para este obxectivo, tamén o é que despois de anos de atrasos e indefinición sobre as obras proxectas, continúan en aberto numerosas cuestións que preocupan ás e aos ourensáns.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 11:02
Nº Rexistro: 17331
Data envío: 25/09/2017 11:02:43.431

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que razóns amparan a decisión de implantar o modelo mixto para o servizo de comidas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense? Por que desbotaron manter o servizo de cociña tradicional?

Cal é ou vai ser a distribución por días dos diferentes tipos de cociña? Cales son os criterios para a organización?

A xestión terá carácter público ou privado?

Os traballos da liña fría desenvolveranse no mesmo centro de traballo?

Está garantido o mantemento do persoal traballador?

Ten previsións o goberno galego de aumentar o persoal traballador?

O traballo a desenvolver nas instalacións da cidade de Ourense, a que áreas sanitarias se destinará?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2017 11:01:24**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2017 11:01:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2017 11:01:31**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2017 11:01:32**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2017 11:01:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2017 11:01:35**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 17350
Data envío: 25/09/2017 12:15:10.597

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O presente ano 2017 trouxo canda si importantes imprevistos que afectaron ao rural galego, especialmente ao interior de Ourense e aos concellos limítrofes de Lugo. Desde importantes danos coa xeada da primavera até a saraibada de finais de agosto. A estes fenómenos súmase unha importante seca que está a ter consecuencias no abastecemento de auga para moitas poboacións, como tamén importantes consecuencias sobre a produción agrogandeira.

Desde hai semanas, numerosas persoas que viven do sector levan desenvolvendo concentracións no concello de Viana do Bolo ás que acoden gandeiros e gandeiras dos concellos de arredor, como A Gudiña, A Mezquita ou Chandrexa de Queixa. Desenvolven este tipo de actuacións desde comezos de setembro diante da absoluta inacción por parte da Xunta de Galiza e máis concretamente da Consellaría de Medio Rural.

Nesta zona as perdas afectan de múltiples formas, fundamentalmente minorando a cantidade e variedade de alimento para o gando, mais afectando tamén de forma considerábel á produción de castaña e tamén á produción de mel, dous sectores que arrastran as perdas tamén derivadas dos lumes e mais da perda de masa vexetal por mor das xeadas, especialmente a do mes de abril.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 17350
Data envio: 25/09/2017 12:15:10.597

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para alén destas cuestións, cómpre engadir a falta de chuvia e unha longa seca que deixou baixadas históricas dos caudais da zona. Ata tal punto, que desde hai meses pode volver verse á entrada do concello de Viana do Bolo a antiga fábrica da luz polo baixo que corre o caudal do río. Este estado de seca ten consecuencias negativas ao ter almacenado moito menos alimento para o gando do habitual, estando as e os gandeiros a usar xa a reserva de inverno. Ademais, en moitos casos denuncian dificultades enormes para localizar auga para dar de beber aos animais, o que ten derivado en situacións de extremo risco. Neste contexto, a Consellaría de Medio Rural permitiu utilizar as balsas e puntos de carga para os dispositivos de extinción de incendios. Porén, segundo denuncian, na súa maioría están tamén secos e non se cumpre co seu recheo.

As consecuencias poden verse no curto prazo, no extremo destas situacións e en perdas de até o 80% na produción de mel e castaña. Mais tamén se verán a medio prazo, xa que as xeadas acaecidas tamén provocaron danos na propias árbores ou plantacións, co que alén de minguar a produción neste ciclo produtivo, tamén pode minguala ao longo dos vindeiros anos até a recuperación completa.

A perda de ingresos que supoñen estes danos poden poñer en risco a viabilidade e supervivencia de moitas explotacións. Uns ingreso que tamén implican rendas complementarias moi importantes para soster a economía das veciñas e veciños de Viana dos concellos (caso por exemplo, da castaña, que é un complemento para moitos fogares). Ademais, tamén poden ter repercusións negativas no tecido laboral dunha zona xa moi castigada polas dificultades para a fixación de poboación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 17350
Data envio: 25/09/2017 12:15:10.597

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas específicas vai adoptar o goberno galego diante da situación extrema de seca que sofre o sector primario ourensán?

Contactou ou vai contactar o goberno galego cos sectores e concellos afectados para avaliar medidas? En que prazo temporal?

Que tipo de medidas fiscais avalía ou vai avaliar o goberno galego?

Ten avaliado o goberno galego ou non a idoneidade de asumir custos materiais para axudar a saír deste momento de crise, como por exemplo alimento para o gando?

Ten información o goberno galego sobre o impacto da perda ou venda de gando na zona? Ten pensado algunha medida para evitar estas situacións?

Que medidas tomou ou vai tomar o goberno galego de cara a reordenar os recursos hídricos da zona?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
**Olalla Rodil Fernández**
**Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:15
Nº Rexistro: 17350
Data envio: 25/09/2017 12:15:10.597

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2017 12:08:08**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2017 12:08:17**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2017 12:08:19**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2017 12:08:21**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2017 12:08:23**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2017 12:08:25**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:19
Nº Rexistro: 17357
Data envío: 25/09/2017 12:19:40.029





**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

O concello de Pereiro de Aguiar (Ourense), con máis de 6.500 veciños e veciñas, que se incrementan ata os 8.000 durante os meses de maio a outubro, é un municipio rural cuxa proximidade á cidade fai que nos derradeiros anos estea en continuo crecemento, e que non segue polo tanto a dinámica de despoboamento nin de altas taxas de envellecemento que sofren a maioría dos concellos rurais da provincia de Ourense.

Os veciños e veciñas deste municipio levan esperando a construción do novo centro de saúde, así como manifestándose reclamando melloras sanitarias, dende o ano 2006. O actual atópase nunha situación deplorable por falta de espazo, ao ocupar este unha pequena parte dentro do edificio da Casa Consistorial, que impide a implantación de novas especialidades médicas necesarias (pediatría, odontoloxía ou fisioterapia), ademais de amosar graves eivas de accesibilidade xa que non dispón de ascensor, o que impide aos doentes con problemas de mobilidade acudir ás consultas na primeira planta.

O 17 de maio do ano 2016 o presidente da Xunta de Galicia anunciaba a próxima licitación da construción do novo centro de saúde de Pereiro de Aguiar, ao incluírse dentro do segundo paquete de medidas, cun investimento de 60 millóns extra, que segundo afirmaba podía desembolsar ese ano tras incrementar o Goberno central o teito de déficit para o 2016, co fin de axilizar a posta en marcha de 23 centros de saúde en toda Galicia.
O 1 de xullo dese mesmo ano asinábase un convenio entre o Sergas e o Concello do Pereiro de Aguiar, no que se recollía o compromiso de ambas partes para colaborar na construción desta nova infraestrutura sanitaria. A institución municipal comprometíase a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos necesarios a fin de poñer a disposición da Consellería de Sanidade unha parcela libre de cargas e gravames, cunha

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

superficie de 2.323 metros cadrados, coa clasificación de uso sanitario. Este asumiría ademais, segundo anunciaba o propio alcalde, todos os gastos necesarios para dotar á parcela para a ampliación do centro coas infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica e outros servizos. Pola súa banda o Sergas comprometíase á elaboración e de ser o caso, á supervisión, e á aprobación do proxecto técnico así como a contratar, dirixir e executar as obras de ampliación, con cargo aos seus orzamentos.

O Concello cedeu o terreo para a situación desta infraestrutura, e o proxecto figuraba nas memorias de orzamentos do Sergas do 2016 e tamén deste ano, a pesares do cal as obras aínda non comezaron.

Os anuncios por parte do PP da construción do centro de saúde de Pereiro de Aguiar, fixéronse sempre meses antes das eleccións autonómicas e municipais, transformando unha vez pasadas as citas electorais o compromiso adquirido cos veciños e veciñas deste concello, nun novo engano.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia a construción dun novo centro de saúde no concello de Pereiro de Aguiar?
2. A pesares de que o Concello cedeu o terreo para a construción desta infraestrutura, e de que figura na memoria de orzamentos do pasado ano, por que non deron comezo as obras?
3. Cal é o calendario que ten previsto a Xunta de Galicia para o inicio, execución, e remate das obras do centro de saúde de Pereiro de Aguiar?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 25/09/2017 12:15:56**

**Raúl Fernández Fernández na data 25/09/2017 12:16:01**

**Julio Torrado Quintela na data 25/09/2017 12:16:06**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:32
Nº Rexistro: 17364
Data envio: 25/09/2017 12:32:49.350

GRUPO PARLAMENTAR en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.ª,** sobre o incremento do censo do porcoril nos montes galegos.

O porcoril, un cruce de xabaril e porco vietnamita, comeza a supoñer unha ameaza para o ecosistema dalgunhas zonas de Galicia. Ao igual que o xabaril común, devora as colleitas e arrasa cultivos, sendo moi difícil impedirlle o paso debido ao seu reducido tamaño. Ademais, está poñendo en risco ao propio xabaril, co que se cruza para aparearse.

Aínda que a súa presencia concéntrase sobre todo nalgunhas zonas concretas do rural, tense constancia da súa presenza nas catro provincias. A súa maior capacidade reprodutiva con respecto ao xabaril autóctono xunto coa ausencia dunha estratexia articulada par poñerlle freo, está sendo o caldo de cultivo para que nos próximos anos se espalle polos montes galegos, ocupando o espazo doutras especies que, a diferencia do porcoril, si teñen valor cinexético e culinario.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª:

1.Que medidas ten adoptado ata o de agora o Goberno da Xunta de Galicia para manter baixo control aos porcoriles?

GRUPO PARLAMENTAR en marea

2. Cal é o censo do que a Xunta de Galicia ten constancia do porcoril nos montes galegos?

3. Que medidas ten previsto inplementar a Xunta de Galicia para erradicar o porcoril dos montes galegos?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 1017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputados do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 25/09/2017 11:13:35**

**Paula Quinteiro Araújo na data 25/09/2017 11:13:43**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** a ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª,** sobre as medidas a adoptar para mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de demencia e das súas coidadoras.

En Galicia, estímase que hai entre 70.000 e 100.000 casos de demencias. Na actualidade, o 23% da poboación galega ten máis de 65 anos (estímase que a porcentaxe aumentará ao 40% para o 2050, segundo o INE). Este é un indicador significativo, xa que a idade é o principal factor de risco para desenvolver unha demencia.

Do total das demencias diagnosticadas, o 70% son Alzheimer. O 21 de setembro conmemórase tódolos anos o Día Mundial do Alzheimer, data na que se pon o foco de atención nas persoas que sofren esta enfermidade, visibilizando as súas necesidades, expectativas, etc.

Esta enfermidade non afecta so á persoa que a padece, senón tamén ao seu entorno máis próximo (coidadoras principais, familiares....) que tamén precisan coidados e atencións, debidas tanto á gran carga de traballo físico que realizan como á carga afectiva que esta doenza trae consigo.

As consecuencias destas enfermidades neurodexenerativas fanse máis presentes na poboación do rural, xa que á enfermidade engádenselle as características do medio rural (moitas delas favorecidas polas políticas de desmantelamento do

rural do PP): despoboación, illamento, dispersión xeográfica, problemas de mobilidade (escaseza de transporte público) carencia de recursos sanitarios e sociais, etc. o que, engadido á elevada idade da poboación fai que en determinadas situacións se complique a intervención sociosanitaria con estas persoas.

Desde En Marea defendemos a dignidade das persoas con Alzheimer e outras demencias, o respecto á súa autonomía, o recoñecemento dos seus dereitos, así como os das persoas coidadoras, cuxa labor debe ser recoñecida, valorada e visibilizada ante a sociedade, así como o dereito das persoas a permanecer nos seus domicilios, no seu entorno, se así o desexan, todo o tempo que poidan.

O 11 de maio de 2016, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade dirixirse ao Goberno do Estado para que se recoñeza automaticamente o 33% de grao de discapacidade ás persoas ás que se lles diagnostique unha enfermidade neurodexenerativa.

Por todo o exposto anteriormente os deputados asinantes pertencentes ao Grupo Parlamentar de En Marea presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

1. Cal é o número de persoas diagnosticadas con Alzheimer e outras demencias en Galicia que se atopan agardando por a valoración do grao de discapacidade e en agarda de que se lle asigne un recurso do Programa Individual de Atención? Cantas persoas diagnosticadas con Alzheimer faleceron nos últimos dez anos sen recibir ningún tipo de atención pública?

2. Que medidas específicas dispuxo ou ten pensado dispor a Xunta para atender ás persoas diagnosticadas con Alzheimer ou outras demencias que residan en municipios rurais?

3. Que medidas específicas dispuxo ou ten pensado dispor a Xunta para atender as necesidades das persoas coidadoras de persoas diagnosticadas con Alzheimer no medio rural?

4. Ten previsto a Xunta presentar un plan específico de recursos para as comarcas rurais galegas para a atención de persoas diagnosticadas de Alzheimer ou outras demencias?

5. Vai a Xunta dirixirse ao Goberno do Estado para reiterar a petición do cumprimento do acordo do Parlamento de Galicia a respecto do recoñecemento automático do 33% de grao de discapacidade ás persoas diagnosticadas con Alzheimer ou enfermidades neurodexenerativas?

6. Cando vai a Xunta feforzar de xeito estrutural – cubrindo todos os postos de traballo vacantes e creando outros novos onde se precise - os Equipos de Valoración e Orientación para a Discapacidade para reducir as listas de agarda na valoración do grao de discapacidade?

7. Cando vai a Xunta presentar ante o Parlamento de Galicia o estudo sobre o Alzheimer en Galicia que foi acordado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 11 de maio de 2016?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:14
Nº Rexistro: 17371
Data envio: 25/09/2017 13:14:24.215

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Paula Vázquez Verao na data 25/09/2017 13:06:03**

**David Rodríguez Estévez na data 25/09/2017 13:06:10**

**Luis Villares Naveira na data 25/09/2017 13:06:18**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:16
Nº Rexistro: 17372
Data envío: 25/09/2017 13:16:33.024

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando,** deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta,** para o súa resposta oral en Comisión, **relativa ao desestimento pola Xunta de Galicia do concurso para o contrato de servizos para o deseño e execución das actuacións previstas no Plan de xestión de residuos industriais de Galicia (Priga) 2016-2022.**

En 2006 e 2008 a UE publicou dúas directivas que regulaban a xestión de residuos industriais.

En 2008 o Goberno bipartito da Xunta de Galicia aprobou a Lei 10/2008 de xestión de residuos industriais de Galicia.

O Goberno do PP tardou 8 anos en desenvolver un Plan de xestión de residuos industriais de Galicia (PRIGA) aprobado en decembro de 2016. É inaudito que se actuara con tanto retraso e falta de responsabilidade ante un problema tan gravísimo para  Galicia e para o seu medio ambiente.

Oito meses tardou o Goberno da Xunta en sacar a concurso o contrato de servizos para o deseño e execución das actuacións previstas no Plan de xestión de residuos industriais de Galicia (Priga) 2016-2022 por importe de 1.470.494,00 euros máis IVE, primeira actuación para poder pór en marcha o mencionado Plan. Este concurso conta co 80% de financiamento da UE, é dicir, o custo para Galicia deste imprescindible contrato de deseño do Plan é moi pequeno para a importancia do asunto.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:16
Nº Rexistro: 17372
Data envío: 25/09/2017 13:16:33.024

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Atopámonos que o 11 de setembro de 2017 a Xunta de Galicia publica unha resolución onde desiste de seguir adiante co concurso por: "infracción non emendable nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas." Esta situación parécenos absolutamente inaceptable e incompresible. Como se pode entender que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio non puidese desenvolver en oito meses un concurso solvente desde o punto de vista técnico e administrativo?

Esperemos que esta inexplicable incompetencia non nos leve a perder as axudas da UE.

Ademais da urxencia ambiental de pór en marcha o PRIGA, estamos a perder a posibilidade de desenvolver unha importantísima actividade que podería xerar miles de millóns de € de investimento e miles de postos de traballo. Segundo estimacións da UE e de varias consultoras internacionais este sector xerará en 2020 uns ingresos de 500.000 M€, o que abriría, para as empresas galegas do sector, unha importantísima oportunidade de negocio e de creación de postos de traballo.

Ante esta situación, **En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

1.- Cales foron as infraccións nos pregos administrativos e técnicos que obrigaron a que se desestimase a convocatoria do concurso?

2.- En que prazo pensa a Xunta de Galicia resolver estas infraccións e volver convocar o concurso?

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

3.- En que prazo considera a Xunta de Galicia que poderá pór en marcha as medidas incluídas no PRIGA?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 25/09/2017 13:12:46**

**Antón Sánchez García na data 25/09/2017 13:12:55**

**Marcos Cal Ogando na data 25/09/2017 13:13:05**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 17378
Data envío: 25/09/2017 13:31:08.248

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á avaliación do código de boas prácticas bancarias.

O Real Decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, recollía o popular "código de boas prácticas" para a banca, cuxa aplicación por parte das entidades de crédito é voluntaria, como expresamente regulaba o artigo 5.1. Este carácter voluntario implica que se trata dunha norma inxusta, que comporta unha clara desigualdade diante da lei, pois permite manter os privilexios da banca e aparentar a concesión de dereitos á posición máis débil, ás persoas afectadas polos impagamentos hipotecarios, cando en realidade ditos dereitos só poderán ser exercidos, non en virtude de norma legal, senón da súa admisión voluntaria polas entidades de crédito. É dicir, de feito o Goberno delegou a súa función de gobernar, pois remite o cumprimento das normas ao que voluntariamente acorde o sector bancario.

A gran maioría das entidades bancarias adheríronse ao Código de Boas Prácticas, porén practicamente ningunha deles ofrece o que se propoñía no citado Código. Así, deberían ofrecer unha moratoria de cinco anos a partires da primeira falta de pagamento. Porén, non o ofrecen ao cliente e na práctica optan por propoñer novas hipotecas ou avais familiares. Maioritariamente ten que ser a persoa afectada a que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 17378
Data envio: 25/09/2017 13:31:08.248

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

solicite a súa aplicación, e a banca rexeita máis da metade das solicitudes, alegando que non se cumpren os requisitos.

Na maioría dos casos, as entidades bancarias ofrecen como alternativas dende créditos persoais ate avais familiares, porén non ofrecen a moratoria a cinco anos estipulada no Código de Boas Prácticas, e por outra banda, as entidades tampouco ofrecen información aos clientes a respecto da posibilidade de acollerse a algunha acción contemplada no Código, a pesares de que o propio código indica “a obriga por parte da entidade de informar aos seus clientes das posibilidades de acollerse a unha serie de vantaxes, tan pronto o banco teña coñecemento da falta de pagamento ou do atraso do pago dunha cota.

A propia aprobación dun Código de Boas Prácticas para resolver unha abafante situación que atravesan miles de cidadáns e cidadás derivada do sobreendebedamento inducido pola propia banca recoñece que antes houbo malas prácticas, porén, lonxe de supoñer unha penalización á banca que as cometeu, viuse recompensada cunha norma feita a medida dos seus intereses. Xa que logo, o Código de Boas Prácticas queda reducido a unha declaración de boas intencións sen que na práctica sexa unha ferramenta útil para evitar desafiuzamentos e permitir que, nunha situación de impago, as persoas afectadas poidan continuar na vivenda acolléndose á moratoria e pagando unicamente xuros.

Máis aínda, o citado Código non obriga á dación en pagamento, polo que perde calquera utilidade para as miles de familias que están en situación de desafiuzamento. Dende o BNG apostamos por reformar a Lei Hipotecaria se de verdade pretende solucionar este drama social, que cada vez afecta máis persoas e familias. A solución está en facer cambios normativos e non en aprobar códigos que non son vinculantes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 17378
Data envio: 25/09/2017 13:31:08.248

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo devandito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:

Que valoración realiza a Xunta de Galiza da aplicación do Código de Boas Prácticas Bancarias en Galiza?

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno goberno galego para que se apliquen medidas xustas por parte da banca ás persoas afectadas polas hipotecas en Galiza?

Considera a Xunta de Galiza que as entidades bancarias ofrecen información suficiente aos clientes sobre o Código de Boas Prácticas Bancarias?

Cantos desafiuzamentos se evitaron en Galiza coa aplicación do Código de Boas Prácticas Bancarias?

Coñece a Xunta de Galiza cantas dacións en pago pagamento se realizaron en Galiza a través da aplicación do Código de Boas Prácticas Bancarias?

Cre a Xunta de Galiza que é necesario impulsar a dación en pagamento?

Como valora a Xunta de Galiza que a banca recibindo multimillonarias axudas públicas non aplique o código de boas prácticas?

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno goberno galego para que se apliquen medidas xustas por parte da banca ás persoas afectadas polas hipotecas en Galiza?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 17378
Data envio: 25/09/2017 13:31:08.248

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2017 13:28:44**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2017 13:28:49**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2017 13:28:51**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2017 13:28:53**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2017 13:28:54**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2017 13:28:57**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17391
Data envío: 25/09/2017 14:24:55.856





## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Mª Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, se subliñaba o interese en conseguir *máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia.*

Máis das tres cuartas partes das actuacións contidas na planificación de dito plano incorporaban cambios ou eran novas respecto ao que se estaba a facer en anos anteriores. Así mesmo, se anunciaba a intención de levar a cabo un grande esforzo de coordinación interdepartamental para intensificar o enfoque multidisciplinar e a perspectiva de xénero nas diferentes políticas públicas que afectan á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Isto levou a destacar o empeño nun eixe estratéxico que se titulaba "Mellora da Gobernanza a favor da igualdade" , situándoo, nunha primeira orde de magnitude, e que buscaba consolidar a posición de 'administración exemplar' do Goberno galego no deseño, execución e seguimento de políticas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente, contribuíndo ao progreso e benestar do conxunto da sociedade galega.

Polo tanto, os obxectivos e actuacións recompiladas para esta área de intervención centrábanse en conseguir un maior impacto e eficacia da acción pública en pro da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Partido dos Socialistas de Galicia

Definíanse un total de oito obxectivos operativos para dar contido a este eixe, a partir dos que se deseñaron as actuacións a emprender sendo un deles:

1. Reforzar a integración da perspectiva de xénero nos programas orzamentarios, na normativa e nos plans da Administración autonómica.

Para tal fin se propuña o uso de dúas ferramentas: a elaboración de orzamentos sensibles ao xénero e a avaliación do impacto de xénero das políticas públicas.

Coa introdución da análise e dimensión de xénero nos orzamentos se buscaba por de manifesto a posible fenda entre a planificación das políticas de igualdade e os recursos destinados para a súa posta en funcionamento. Garantir así mesmo que os fondos públicos son xestionados dun xeito equitativo dende unha perspectiva de xénero e que na súa execución se aplica o principio de igualdade, sendo a distribución do gasto axeitada e xusta coas necesidades de mulleres e homes.

A segunda ferramenta, a avaliación do impacto de xénero nas políticas públicas, buscaba garantir que a intervención administrativa nos distintos ámbitos de goberno non contribúa a manter ou aumentar as desigualdades entre homes e mulleres. Os informes de impacto de xénero que acompañan normativamente aos anteproxectos de lei e ás propostas de regulamento, consisten na avaliación previa dos resultados e efectos de cada norma ou programa sobre os homes e as mulleres e o seu impacto positivo ou negativo sobre a igualdade de oportunidades.

Entre as actuacións previstas se indicaban:

- Fortalecemento do proceso de avaliación do impacto de xénero na elaboración e seguimento dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia coa introdución dunha nova metodoloxía de traballo.

- Impulso á igualdade de oportunidade entre mulleres e homes e á integración da dimensión de xénero na programación, xestión e seguimento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e do Fondo

Partido dos Socialistas de Galicia

Social Europeo (FSE), especialmente en relación co próximo período 2014–2020.

- Avaliación do impacto de xénero na programación, xestión e seguimento do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

- Establecemento dun procedemento e pautas de orientación que melloren e normalicen a realización do informe de impacto de xénero nos proxectos de leis e regulamentos previstos na lexislación vixente.

- Revisión e maior visibilidade da aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes na programación, xestión e seguimento do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, Horizonte 2020.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. De que modo se concretaron durante a vixencia do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 as medidas previstas para a consecución deste obxectivo?

2. Cal foi o número de programas orzamentarios que contiveron a dimensión de xénero na súa concepción no ano 2015 e cal foi a evolución dese número desde o ano 2013?

3. Cal foi o número de programas orzamentarios que contiñan medidas de mellora das condicións de igualdade no ano 2015 e cal foi a evolución dese número desde o ano 2013?

4. En relación á actuación prevista de impulso á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e á integración da dimensión de xénero na programación, xestión e seguimento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e do Fondo Social Europeo (FSE), especialmente en relación co próximo período 2014–2020, cal foi o número cal foi o número e tipoloxía de accións de difusión e comunicación sobre a inclusión da perspectiva de xénero?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17391
Data envío: 25/09/2017 14:24:55.856





5. Como se plasmou a avaliación por parte do FOGGA do impacto de xénero na programación, xestión e seguimento do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)?

6. Foron publicados os estudos de avaliación do impacto de xénero previstos con carácter anual?

7. Considera o Goberno suficientemente conquerido este obxectivo ou entende que é preciso implementar algunha medida máis no futuro?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 25/09/2017 14:17:28**

**María Dolores Toja Suárez na data 25/09/2017 14:17:34**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 25/09/2017 14:17:41**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/09/2017 14:17:47**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/09/2017 14:17:52**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17394
Data envío: 25/09/2017 14:25:34.687



# Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Mª Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, se subliñaba o interese en conseguir *máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia.*

Máis das tres cuartas partes das actuacións contidas na planificación de dito plano incorporaban cambios ou eran novas respecto ao que se estaba a facer en anos anteriores. Así mesmo, se anunciaba a intención de levar a cabo un grande esforzo de coordinación interdepartamental para intensificar o enfoque multidisciplinar e a perspectiva de xénero nas diferentes políticas públicas que afectan á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Isto levou a destacar o empeño nun eixe estratéxico que se titulaba "Mellora da Gobernanza a favor da igualdade" , situándoo, nunha primeira orde de magnitude, e que buscaba consolidar a posición de 'administración exemplar' do Goberno galego no deseño, execución e seguimento de políticas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente, contribuíndo ao progreso e benestar do conxunto da sociedade galega.

Polo tanto, os obxectivos e actuacións recompiladas para esta área de intervención centrábanse en conseguir un maior impacto e eficacia da acción pública en pro da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Defínianse un total de oito obxectivos operativos para dar contido a este eixe, a partir dos que se deseñaron as actuacións a emprender, sendo un deles:

2. Mellorar a aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes no deseño, xestión e seguimento dos contratos, subvencións e convenios da Administración autonómica.

Buscábase elaborar e dar a coñecer entre as traballadoras e traballadores da administración directrices, criterios e pautas que permitisen introducir medidas que promovesen e velasen pola igualdade entre mulleres e homes nos procedementos de contratación pública, na concesión de subvencións e nos convenios de colaboración. Estas directrices deberían verse traducidas en aplicacións prácticas cun avance visible da integración do enfoque de xénero en todos os procedementos ata a súa normalización.

Entre as actuacións previstas para conquerir este obxectivo estaban:

- Elaboración de criterios e pautas para orientar a incorporación da promoción da igualdade entre mulleres e homes nos pregos e procedementos de contratación pública.

- Avance na aplicación práctica da perspectiva de xénero nos contratos da Administración autonómica e do seu sector público co obxectivo de que o seu uso estea normalizado no horizonte de 2015.

- Redacción de directrices e orientacións para facilitar a introdución de medidas de estímulo á igualdade de xénero na concesión de subvencións e nos convenios de colaboración promovidos pola Administración autonómica.

- Fomento do uso de medidas de promoción da igualdade entre mulleres e homes no deseño e concesión de axudas da Administración autonómica e do seu sector público, así como na formalización dos seus convenios de colaboración.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron as medidas adoptadas durante a vixencia do VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 de cara á consecución deste obxectivo concreto?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Cal foi o número de procedementos que incorporaron cláusulas con perspectiva de xénero durante os anos de vixencia deste plan?

3. Conqueriuse o obxectivo da normalización dos criterios de perspectiva de xénero en todos os Contratos da Administración autonómica e do seu sector público no horizonte marcado do ano 2015?

4. Que variación constatan na proporción de contratos, subvencións e convenios da Administración autonómica a prol das mulleres entre os anos 2013 e a actualidade?

5. Cal foi a evolución do número de convocatorias de axudas e do número de convenios asinados que incorporaron criterios de igualdade de xénero durante os anos de vixencia deste Plan?

6. Chegou a elaborarse unha guía que facilite a introdución de medidas de estímulo á igualdade de xénero na concesión de subvencións e nos convenios de colaboración promovidos pola Administración autonómica?

7. E cal foi a porcentaxe de incorporación destes criterios por tipoloxías de axudas e de convenios durante os anos de vixencia deste plan?

8. Considera o goberno suficientemente conquerido este obxectivo?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 25/09/2017 14:18:48**

**María Dolores Toja Suárez na data 25/09/2017 14:18:54**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 25/09/2017 14:18:59**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/09/2017 14:19:05**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/09/2017 14:19:09**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

# Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Mª Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, se subliñaba o interese en conseguir *máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia.*

Máis das tres cuartas partes das actuacións contidas na planificación de dito plano incorporaban cambios ou eran novas respecto ao que se estaba a facer en anos anteriores. Así mesmo, se anunciaba a intención de levar a cabo un grande esforzo de coordinación interdepartamental para intensificar o enfoque multidisciplinar e a perspectiva de xénero nas diferentes políticas públicas que afectan á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Isto levou a destacar o empeño nun eixe estratéxico que se titulaba "Mellora da Gobernanza a favor da igualdade" , situándoo, nunha primeira orde de magnitude, e que buscaba consolidar a posición de 'administración exemplar' do Goberno galego no deseño, execución e seguimento de políticas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente, contribuíndo ao progreso e benestar do conxunto da sociedade galega.

Polo tanto, os obxectivos e actuacións recompiladas para esta área de intervención centrábanse en conseguir un maior impacto e eficacia da acción pública en pro da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Defínianse un total de oito obxectivos operativos para dar contido a este eixe, a partir dos que se deseñaron as actuacións a emprender sendo un deles:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17397
Data envío: 25/09/2017 14:26:12.865



3. Desenvolver unha oferta máis ampla e visible dos indicadores de xénero, así como de estudos e contidos da Administración autonómica que integren a perspectiva de xénero.

Buscábase co mesmo o mantemento, consolidación e mellora da visibilidade do panel de indicadores de xénero que forman parte do sistema estatístico da Comunidade Autónoma. Reforzar a análise e enfoque de xénero no portal estatístico especialmente para o mundo educativo coa orientación de avanzar no coñecemento da importancia e necesidade dos indicadores de xénero e da súa aplicación práctica.

Establecíanse así mesmo, criterios para a integración desta perspectiva nos contidos e a desagregación de datos por sexo en estudos, informes e materiais publicados pola Administración autonómica, así como nos seus portais virtuais.

As actuacións previstas para acadar este obxectivo incluían:

- Consolidación do panel de indicadores de xénero que forma parte do sistema estatístico da Comunidade Autónoma.

- Mantemento da actividade estatística dirixida a representar a realidade das mulleres galegas e a comparar a súa situación coa dos homes.

- Mellora da visibilidade dos indicadores de xénero e sobre a realidade das mulleres galegas dispoñibles na Web do organismo estatístico da Comunidade Autónoma.

- Reforzo da perspectiva de xénero no portal estatístico para o mundo educativo coa orientación de avanzar no coñecemento da importancia e necesidade dos indicadores de xénero e da súa aplicación práctica.

- Establecemento dos criterios que fomenten a consideración da perspectiva de xénero e o uso de datos desagregados por sexo nos contidos publicados pola Administración autonómica.

- Desenvolvemento da perspectiva de xénero e fomento do uso de datos desagregados por sexo nos estudos, informes, estatísticas e outros materiais publicados pola Administración autonómica.

- Reorganización paulatina dos contidos relacionados coa igualdade entre mulleres e homes e/ou que integren a perspectiva de xénero existentes na Rede de portais da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron os estudios e medidas adoptadas durante a vixencia do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 de cara á consecución deste obxectivo concreto?

2. Cal foi a porcentaxe de execución que rexistrou o Instituto Galego de Estatística da operación da consolidación do panel de indicadores de xénero que forma parte do sistema estatístico da Comunidade Autónoma e durante os anos de vixencia deste plan?

3. Cales foron as principais melloras implementadas polo Instituto Galego de Estatística da visibilidade dos indicadores de xénero e sobre a realidade das mulleres galegas dispoñibles na Web do organismo estatístico da Comunidade Autónoma?

4. Que tipo de reforzo se levou a cabo dende o Instituto Galego de Estatística para a mellora da perspectiva de xénero no portal estatístico para o mundo educativo durante os anos de vixencia do plan?

5. Cal foi o número e tipoloxía de instrumentos elaborados pola Secretaría Xeral de Cultura, así como das accións de difusión e comunicación dos mesmos, de cara a establecer os criterios que fomenten a consideración da perspectiva de xénero e o uso de datos desagregados por sexo nos contidos publicados pola Administración autonómica durante eses anos?

6. Cal é a valoración do Goberno de todas as accións desenvolvidas durante os anos de vixencia do plan?



Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Mª Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 25/09/2017 14:08:52**

**María Dolores Toja Suárez na data 25/09/2017 14:08:57**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 25/09/2017 14:09:03**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/09/2017 14:09:08**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/09/2017 14:09:12**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17400
Data envío: 25/09/2017 14:26:50.744



# Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Mª Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, se subliñaba o interese en conseguir *máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia.*

Máis das tres cuartas partes das actuacións contidas na planificación de dito plano incorporaban cambios ou eran novas respecto ao que se estaba a facer en anos anteriores. Así mesmo, se anunciaba a intención de levar a cabo un grande esforzo de coordinación interdepartamental para intensificar o enfoque multidisciplinar e a perspectiva de xénero nas diferentes políticas públicas que afectan á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Isto levou a destacar o empeño nun eixe estratéxico que se titulaba "Mellora da Gobernanza a favor da igualdade" , situándoo, nunha primeira orde de magnitude, e que buscaba consolidar a posición de 'administración exemplar' do Goberno galego no deseño, execución e seguimento de políticas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente, contribuíndo ao progreso e benestar do conxunto da sociedade galega.

Polo tanto, os obxectivos e actuacións recompiladas para esta área de intervención centrábanse en conseguir un maior impacto e eficacia da acción pública en pro da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Definíanse un total de oito obxectivos operativos para dar contido a este eixe, a partir dos que se deseñaron as actuacións a emprender sendo un deles:

4. Promover un mellor uso da linguaxe e imaxes inclusivas desde a Administración autonómica de xeito que sexa visible por igual ás mulleres e aos homes, especialmente no eido da comunicación institucional.

Para a súa consecución, propúñanse accións formativas que permitirían acadar unha linguaxe e un uso da imaxe inclusivos e igualitarios na administración autonómica, prestando especial interese ao ámbito da comunicación institucional. Para reforzar este obxectivo se coordinarían esforzos e desenvolveríanse pautas de supervisión e orientación dirixidas á administración, facendo fincapé nos contidos da Rede de portais da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no departamento competente en materia de política lingüística.

Por outra banda, de cara á interiorización por parte da sociedade da necesidade de utilizar unha linguaxe non sexista, desenvolveríanse de xeito paralelo actuacións divulgativas entre a cidadanía.

As accións previstas para acadar este obxectivo eran:

- Realización de accións formativas de carácter práctico para contribuír ao uso dunha linguaxe inclusiva nas publicacións da Administración autonómica e á incorporación da perspectiva de xénero nas accións de comunicación.

- Coordinación das accións publicitarias da Administración autonómica de cara a reforzar a súa sensibilidade respecto ao uso dunha linguaxe e imaxes inclusivas.

- Desenvolvemento de pautas de supervisión e orientación para facilitar e estimular un mellor uso dunha linguaxe e imaxes inclusivas nas publicacións da Administración autonómica.

- Aplicación de medidas orientadas a asegurar unha linguaxe e imaxes máis inclusivas nos textos normativos publicados pola Administración autonómica.

- Proxección dunha linguaxe e imaxes máis inclusivas na Rede de portais da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

- Utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas nas actuacións de investigación e asesoramento realizadas polo departamento competente en política lingüística.

- Desenvolvemento de accións de divulgación e/ou información para promover o uso dunha linguaxe inclusiva na cidadanía galega, con especial atención á comunidade escolar.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Durante os anos de vixencia deste plan cal foi o número de accións de formación realizadas pola Secretaría Xeral de Igualdade para contribuír ao uso dunha linguaxe inclusiva nas publicacións da Administración autonómica e á incorporación da perspectiva de xénero nas accións de comunicación?

2. En relación ás accións comentadas, cantas persoas resultaron formadas? Cal foi o porcentaxe de homes e cal o de mulleres?

3. Cal foi o número total de campañas e accións publicitarias da Administración autonómica revisadas e validadas dende a Secretaría Xeral de Medios durante os anos de vixencia do plan?

4. Cal foi o número total de textos revisados e validados pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co fin de asegurar unha linguaxe e imaxes máis inclusivas nos textos normativos publicados pola Administración autonómica?

5. Cales e en que número foron as accións de divulgación e/ou información realizadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística co fin de promover o uso dunha linguaxe inclusiva na cidadanía galega, e con especial atención á comunidade escolar?

6. Que número e tipoloxía de medios de difusión e comunicación foron utilizados para tal fin?

7. Como valoran a incidencia e efectividade de todas as medidas adoptadas de cara a consecución deste obxectivo durante os anos de vixencia do plan?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Mª Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 25/09/2017 14:09:28**

**María Dolores Toja Suárez na data 25/09/2017 14:09:33**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 25/09/2017 14:09:40**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/09/2017 14:09:45**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/09/2017 14:09:49**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Alvarez** e **José Manuel Pérez Seco**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O sector do automóbil é extremadamente relevante na economía de Galicia, e en concreto no sur da provincia de Pontevedra. Con preto de 19.000 empregos directos (un 12 % do sector industrial) e máis de 8.000 millóns de euros en ventas; ademais dunha notable capacidade exportadora.

Ao redor da factoría de PSA-Citroën en Vigo, que segue sendo o motor e referencia, artellouse un sector de compoñentes, que contribúe con ao redor do 75 % ao valor final do automóbil, nos seus diferentes niveis. Con empresas moi ben posicionadas no mercado, entre elas algunhas galegas xa convertidas en multinacionais.

Agrupadas nun clúster propio, CEAGA, con cuantiosas o axudas públicas. Máis alá do aproveitamento propagandístico, e como non podería ser de outra maneira, a Xunta de Galicia está pendente da súa evolución e procura colaborar nas súas necesidades, pero resulta evidente que non chega.

A Xunta de Galicia debería estar máis preocupada e máis activa, na nosa opinión. Os investimentos na industria auxiliar prodúcense ao tempo do lanzamento da produción de novos vehículos na factoría final. Está previsto que chegue a furgoneta K-9 no 2018 e o todo camiño V-20 despois.

O propio presidente do Clúster ten recoñecido que, por vez primeira, un lanzamento non atrae novos provedores. Que todas as decisións de novos investimentos están tendo como destino o norte de Portugal (ou, en todo caso, Marrocos).

Cada vez as inversións na industria auxiliar desvíanse máis fóra de Galicia. En 2015 investíronse 115 millóns en Galicia na industria auxiliar, e entre tres e catro veces máis en Portugal (que suporían por riba de 1.200 empregos adicionais).

As empresas situadas ao redor de Vigo están abrindo novos proxectos ou reforzando os existentes en Portugal. Ata o propio presidente de CEAGA chama a ver Portugal como unha oportunidade. Nós insistimos, nos últimos cinco anos perdemos máis de 2.000 empregos e Portugal gañou máis de 6.000, e xa nos adianta en volume facturado.

E todo parece indicar, e así o recollen dende os sindicatos ata publicacións especializadas, que a posta en marcha da produción do proxecto coñecido como K-9 está supoñendo importante carga de traballo fóra de Galicia, en parte debido ás carencias que presenta a política industrial galega. O país veciño producirá o 25 % das pezas das novas furgonetas.

É verdade que a competencia no sector do automóbil é cada vez máis dura e en moitos segmentos moi dependente dos prezos. A redución de custos asociada á deslocalización reforza a fábrica final. E a creación do mercado interior europeo fainos competir con Portugal ou o leste de Europa; e a globalización, con Marrocos ou México.

Non podemos aspirar a reter as partes da produción máis intensivas en traballo pouco cualificado, non queremos competir nese mercado; pero tampouco debemos asistir pasivamente como país a unha rápida deslocalización da industria auxiliar, sen tomar unha acción decidida que permita equilibrar a apertura de novas unidades de produción.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia do novo escenario que se está producindo en torno á industria da automoción, e a aparición e consolidación de novos competidores?
2. Ten mantido reunións a Xunta de Galicia co Clúster da Automoción e as diferentes empresas para abordar este problema?
3. Cal é o diagnóstico da Xunta de Galicia sobre o mesmo?
4. Cales son as solucións e axudas que se contemplan?

5. Estas solucións, teñen sido definidas en colaboración cos diferentes axentes económicos e sociais?
6. En que termos?



Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/09/2017 17:28:14**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 25/09/2017 17:28:20**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 17:34
Nº Rexistro: 17413
Data envío: 25/09/2017 17:34:10.770



## Á Mesa do Parlamento

**Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A empresa Navantia, despois de sufrir a crise que se produciu na construción naval a causa do parón da actividade económica mundial, atópase nun momento de incerteza, coa posible apertura e consolidación de novos nichos de negocio.

Historicamente, tense desenvolvido un polo de atracción de numerosas empresas auxiliares que desenvolven a súa actividade industrial, complementando os labores principais do estaleiro, no ámbito metal-mecánico.

Os estaleiros da ría de Ferrol (Fene e Ferrol) dedicados á construción militar e civil, reparacións e turbinas, xeran ao redor de 2.200 empregos directos, 10.500 de carácter indirecto, o que supón o 22 % da contribución do emprego industrial da provincia, achegando o 24 % do PIB industrial provincial.

Hai un consenso xeneralizado da necesidade de promover as accións oportunas dende o goberno para que unha empresa pública sexa capaz de acadar os niveis de competitividade e xeración de emprego de calidade propio do século XXI nun país da Unión Europea. Resulta xa imprescindible un plan industrial que asegure un proxecto empresarial de futuro, que garanta a estabilidade, a competitividade dos estaleiros.

Existe acordo nos obxectivos, a modernización dos estaleiros coa implantación de novas tecnoloxías, a estabilidade na carga de traballo o que permitiría realizar os cambios organizativos necesarios e o rexuvenecemento dos traballadores e traballadoras.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia da imperiosa necesidade que ten a empresa pública Navantia dun novo plan industrial axeitado ás cambiantes realidades económicas mundiais?
2. Ten mantido xuntanzas a Xunta de Galicia coa SEPI á hora de abordar a necesidade dun plan industrial para Navantia?
3. Cales teñen sido os resultados desas xuntanzas?
4. Cales foron os maiores déficits detectados?
5. Que papel de apoio e incentivos está disposta a asumir a Xunta de Galicia no impulso industrial aos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol?

Pazo de Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/09/2017 17:33:02**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 25/09/2017 17:33:11**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2017 11:21
Nº Rexistro: 17445
Data envío: 26/09/2017 11:21:20.240

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A situación nos ríos salmoneiros da Mariña lucense é cualificada en moitos medios, asociacións, colectivos e veciñanza en xeral como de escandaloso abandono e de falta de interese por parte das administracións correspondentes.

No norte de Lugo, a Mariña lucense ten catro ríos principais coas correspondentes cuncas hidrográficas cheas de afluentes e regatos. As principais canles son o Landro, Ouro, Masma e Eo; os tres primeiros baixo o control e xestión de Augas Galicia organismo de cunca dependente da Xunta de Galicia e o río Eo dependente da Confederación Hidrográfica do Norte debido ao seu carácter fronteirizo entre comunidades autónomas.

Estes ríos dispoñen de coutos salmoneiros que en maior ou menor intensidade son importante reclamo para unha actividade pesqueira que xera importantes recursos na zona e supón un potente atractivo que ven a complementar outros nesta ampla zona da provincia de Lugo.

Son moitos os negocios da Mariña lucense, nomeadamente hostalaría, restauración, hoteis, pensións ... etc, que se dinamizan coa actividade da pesca deportiva dunha especie tan prezada como é o salmón, pola que se desprazan afeccionados non só do norte da península senón de Europa para participar nesta actividade estacional.

Tanto para percorrer as marxes como para poder pescar necesítase que as marxes e a canle estean limpos de maleza e no caso das canles, limpos de troncos, ramas e todo tipo de refugallos que van caendo á auga ao longo do ano e, especialmente no inverno e/ou cos temporais, e logo acaban formando auténticas presas de madeiras á deriva que entorpecen o libre decorrer das augas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Mesmo a falta de limpeza nas augas pode supor que a especie do salmón diminúa a súa presenza que precisa de canles limpos e cristalinos para prosperar.



Segundo veñan denunciando asociacións de pescadores e medioambientais lévase moito tempo trasladando queixas á Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, departamento da Xunta de Galicia que é coñecedor da situación, pero que non está a adoptar medidas para solucionar un grave problema medioambiental con importantes ramificacións socioeconómicas para os distintos concellos da Mariña lucense; mesmo segundo algunha destas asociacións a propia Consellería ten localizados ata 70 puntos nos ríos da súa competencia con necesidade urxente de limpeza e retirada de maleza e troncos.

No caso do río Eo os problemas de falta de limpeza tamén se reproducen a outra escala, sendo necesarias actuacións de limpeza para mellorar a vida na canle principal e nos seus afluentes.

Por estas razóns os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Consellería do Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da situación de total abandono  e da falta de limpeza dos ríos Eo, Ouro, Masma e Landro?

2ª) Cal é a razón deste estado de abandono que tan severamente afecta á especie do salmón (*salmo salar*)?

3ª) Ten a Consellería coñecemento do impacto negativo na importante actividade deportiva e socioeconómica da pesca nestes ríos e nomeadamente na do salmón?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 26/09/2017 11:09:40**

Grupo Parlamentario

**Patricia Vilán Lorenzo na data 26/09/2017 11:09:53**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 26/09/2017 11:10:01**

**Raúl Fernández Fernández na data 26/09/2017 11:10:38**

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17547
Data envío: 26/09/2017 19:27:20.516

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4**.ª, relativa aos cambios producidos no trazado do Camiño Inglés no municipio de Cabanas.

Ata hai uns meses o Camiño Inglés de Santiago, ao seu paso polo municipio de Cabanas, discorría por Laraxe e Porto, sendo ambas as parroquias de paso tradicional e histórico de camiños cara ao Seixo, Neda e Ferrol. Ademais durante este traxecto os peregrinos transitaban por vías tradicionais con servizos onde poder avituallarse (fontes, descansos, hostalería, patrimonio cultural, etc.) e pola única praia que cruzaba o Camiño de Santiago.

Sen embargo, o cambio de trazado que está realizando a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia deixa fóra da ruta á praia da Madalena, onde ademais se atopa a antiga hermita de Santa Marta (historicamente relacionada co paso de peregrinos), co que se prexudicaría tanto aos peregrinos como a parte dos negocios de hostalaría dos que dispón o municipio de Cabanas. Co novo trazado, os peregrinos atravesan directamente de Laraxe a Cabanas, sen pisar Porto.

Ademais, co novo trazado que está a impoñer a Xunta, os peregrinos deben realizar sucesivos cruzamentos perigosos pola N-651, co grave risco que representa para a súa seguridade.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Cales son os motivos que xustifican o cambio de trazado?

GRUPO PARLAMENTAR en marea

2.ª) Considera o Goberno galego adecuado realizar un cambio de trazado que supoña un incremento na perigosidade do mesmo?

3.ª) Fixo o Goberno galego algunha valoración sobre as perdas que este novo trazado pode causar na hostalería local?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 26/09/2017 19:18:18**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/09/2017 19:18:25**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17550
Data envío: 26/09/2017 19:35:47.116

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Goberno da Xunta de Galicia acordou fomentar os procesos de fusión de municipios, habilitando unha serie de partidas orzamentarias en distintas consellerías para primar os concellos resultantes.

De igual xeito, estes concellos están a ser primados na concesión de subvencións, outorgándoselles a puntuación mínima do 30 por cento pola mera presentación da solicitude por parte da entidade resultante da fusión. Ademais, este criterio deberá manterse durante os dez anos seguintes ao remate do proceso de fusión.

Tendo en conta que foron catro os concellos galegos que optaron pola súa fusión dende a adopción deste acordo, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que recursos económicos teñen recibido os concellos fusionados (Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade) por parte da Xunta de Galicia ou de calquera das entidades instrumentais entre os anos 2013-2017?

2ª Ten realizado o Goberno Galego algún estudo comparativo sobre cales serían as cantidades percibidas por estes concellos se non se houbesen fusionado?

2ª) Ten realizado o Goberno galego algún estudo comparativo sobre o aforro acadado nestes concellos antes e despois das fusións?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/09/2017 19:17:01**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17550
Data envío: 26/09/2017 19:35:47.116

Grupo Parlamentario

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/09/2017 19:17:15**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 09:53
Nº Rexistro: 17555
Data envío: 27/09/2017 09:53:29.530

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Antón Sánchez García, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda e Marcos Cal Ogando,** deputados e deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Os alumnos e alumnas do Carballal que toman a liña integrada de Pastoriza –a liña que, atendendo ao Plan de Transporte da Xunta de Galicia, comparten escolares e usuarios individuais– levan dende que comezou o curso chegando 15 minutos tarde a clase. O autobús que realiza o percorrido tería que chegar sobre as 9:30, pero rara é a xornada que chega antes das 9:50. Os condutores relatan que se debe a que teñen a obriga de facer unha ruta diferente a usual.

A escena, por desgraza, non é unha sorpresa para ninguén. Ao contrario. Levamos moito tempo advertindo dos problemas que a aplicación do Plan de Transporte da Xunta ía a supoñer para os estudantes. Os retrasos, a opacidade na xestión, o deterioro dos servizos... son o resultado natural de lexislar para as empresas amigas en vez de facelo para o conxunto da cidadanía.

A pesar de que a Xunta asegurou que tiña a intención de protexer ás pequenas e medianas empresas fronte aos xigantes empresariais co seu Plan de Transporte, a realidade foi ben distinta. O deseño dos contratos zonais foi tan restritivo que a meirande parte das pequenas empresas nin tan sequera puideron acceder a eles. Ao final, foi Monbús, propiedade de Raúl López (home feito a si mesmo, empresario feito polo Partido Popular) quen logrou facerse coa maior parte do pastel: un de cada catro contratos foi a parar ás súas mans, o límite establecido

pola Xunta para un mesmo conglomerado de sociedades. Deste xeito, Monbús consolidou a súa privilexiada situación –controla o 60% das rutas españolas por estrada e conta cunha flota de máis de 2.000 autobuses– e os enredos xudiciais do seu dono, investigado por ofrecer regalos a políticos e altos funcionarios, pasaron a un segundo plano.

É precisamente un dos 2.000 autocares de Monbús o que agora está a causar o retraso dos alumnos e alumnas do Carballal, proba inequívoca de que ou ben se lexisla para as elites económicas ou ben se lexisla para a cidadanía do común.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- Que vai facer a Xunta para garantir que a aplicación do  Plan de Transporte non vai supoñer novos retrasos e carencias nos servizos?
- Por que razón o Plan de Transporte privilexiou a un xigante empresarial como Monbús en detrimento das pequenas e medianas empresas?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Antó Sánchez García
Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Marcos Cal Ogando
Deputados e deputadas do G.P. de En Marea.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 27/09/2017 09:50:58**

**Luca Chao Pérez na data 27/09/2017 09:51:05**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2017 09:51:12**

**Marcos Cal Ogando na data 27/09/2017 09:51:22**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 10:18
Nº Rexistro: 17568
Data envío: 27/09/2017 10:18:42.044

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

O Consello de Contas acaba de entregar a Memoria anual de actividades de 2016 e os informes de fiscalización do sector público de Galicia que conteñen a fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2015.

O Informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma pon de manifesto, unha vez máis, o desprazamento de gasto, é dicir, gastos que se deixan de contabilizar no exercicio ao que corresponden, imputándose ao ano seguinte; práctica empregada ano tras ano pola Xunta de Galicia.

Á vista dos datos, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que a xestión orzamentaria da Xunta de Galicia e dos seus entes instrumentais é a axeitada?

2ª) Cales son as razóns do Goberno galego para que ano tras ano se repita esta falta de rigor orzamentario?

3ª) Considera o Goberno galego que esta práctica se corresponde co principio de transparencia?

4ª) Cal foi o desprazamento, se for o caso, no exercicio 2016?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/09/2017 10:11:58**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/09/2017 10:12:03**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/09/2017 10:12:19**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 11:39
Nº Rexistro: 17573
Data envío: 27/09/2017 11:39:21.595

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta oral na Comisión 4.ª, relativa ás axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial.

O pasado 14 de setembro publicouse no DOG a ORDE, do 1 de setembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas destinadas a persoas tituladas universitarias en situación de desemprego para a matrícula nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do sistema universitario de Galicia no curso académico 2017/18.

Dita orde establece unha partida de 200.000€ alén duns estritos requisitos que restrinxen a efectividade da convocatoria, toda vez que establece a necesidade de:

a) Estar en situación de desemprego na data de publicación da orde.

b) Ter rematados os estudos universitarios que lle dan acceso aos estudos do máster universitario con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015.

c) Estar matriculado/a no curso académico 2017/18 nun máster universitario oficial ofertado polas universidades do sistema universitario de Galicia, dun mínimo de 60 créditos.

d) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia polo menos nos dous últimos anos anteriores á data da publicación desta convocatoria.

e) Estar inscrito/a como demandante de emprego durante un período igual ou superior a 180 días no ano inmediatamente anterior contado ata o último día de prazo para a presentación de solicitudes.

f) Non estar incluídos nos casos de exención total de matrícula previstos no artigo 12 do Decreto 65/2017, do 6 de xullo (DOG nº 134, do 14 de xullo), polo

que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do sistema universitario de Galicia para o curso académico 2017/18.

g) Non ter gozado desta axuda en convocatorias anteriores.

Deste xeito atopámonos con que estas axudas deixan fóra a todos aqueles mozos e mozas que se viron obrigados a emigrar nos últimos anos, alén de a todas as persoas que se titularan en período recente. De feito, se analizamos as causas de denegación das últimas convocatorias realizadas comprobamos que son eses dous dos motivos máis frecuentes para ser rexeitados.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1-ª) Cales son os motivos de limitar a persoas que residiran en Galicia nos dous últimos anos as axudas para a matrícula?
2.ª) Cales son os motivos de exixir que pasaran dous anos da titulación para poder solicitar estas bolsas?
3.ª) Considera suficiente o Goberno galego a dotación orzamentaria destas bolsas?
4.ª) Como pensa o Goberno galego que os estudantes e as estudantes se poden manter mentres realizan os seus estudos?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 11:39
Nº Rexistro: 17573
Data envío: 27/09/2017 11:39:21.595

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 27/09/2017 11:25:46**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2017 11:25:54**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 11:42
Nº Rexistro: 17579
Data envío: 27/09/2017 11:42:20.573

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.ª**, relativa a obras cofinanciadas FEDER en diversas escolas galegas.

O pasado 20 de setembro publicouse no DOG a resolución do 11 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fai pública a formalización de contratos de obras, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, eixo 04, obxectivo específico 04.03.01.

Resolución que fai públicos os contratos conducentes ás seguintes obras:

- Obra de rehabilitación integral (enerxética e funcional) no CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos (A Coruña)

- Obra de rehabilitación integral (enerxética e funcional) no CPI Virxe do Monte de Cospeito (Lugo)

- Obra de rehabilitación enerxética no CEIP Lagostelle de Guitiriz (Lugo)

Un anuncio que, tendo en conta o calendario, nos lembra aos realizados o curso pasado que tantos problemas causaron nas diferentes comunidades educativas.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 11:42
Nº Rexistro: 17579
Data envío: 27/09/2017 11:42:20.573

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Que prazos manexa a Consellería de Educación e Cultura para a execución das devanditas obras?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 27/09/2017 11:21:36**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2017 11:21:43**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 13:21
Nº Rexistro: 17590
Data envio: 27/09/2017 13:21:30.560

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª.**

O verán pasado choveu un 27% menos que nos anos anteriores e as temperaturas foron máis altas que de costume. Encadeamos así cinco estacións consecutivas con precipitacións por baixo da media, o que se traduce nunha seca preocupante que está causando severos problemas de abastecemento de auga a moitos municipios, sobre todo na provincia de Ourense. Estes problemas acontecen a pesar de que Galicia leva en prealerta dende fai nove meses. Cabe preguntar, polo tanto, que estivo a facer o Goberno da Xunta durante todo este tempo para evitar que a ausencia de choivas causase estragos ás familias e aos negocios nunha maior situación de risco.

Os cambios nos patróns meteorolóxicos que estamos a padecer débense ao cambio climático, que deberíamos estar combatendo con moita maior contundencia e cunha ambiciosa estratexia de futuro. Síntoma do cambio climático son as precipitacións menos frecuentes, pero máis intensas, que se presentaron na nosa comunidade coa forma da "gota fría" causando gravísimos danos ao campo.

As fortes precipitacións sumadas á seca estragaron numerosas colleitas (a recolección da uva das principais denominacións de orixe minguou un 50%) e obrigaron a moitos gandeiros a comezar a utilizar xa o forraxe que estaban a gardar para o inverno, pois non hai pastos suficientes en numerosas zonas de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 13:21
Nº Rexistro: 17590
Data envío: 27/09/2017 13:21:30.560

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Co motivo da noticia de que a Xunta pensa decretar a alerta por seca en polo menos 6 das 19 cuncas da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, pensamos que é o momento de repasar o que se fixo ata o de agora e de pactar as medidas que se deben tomar no futuro.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas tomou a Xunta dende xaneiro para garantir que as familias e negocios en risco pola seca ían ter un acceso suficiente á auga?
- Que avaliación fai o Goberno dos custes que tivo a seca para a gandería, a agricultura e os ecosistemas?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 27/09/2017 13:17:14**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

David Rodríguez Estévez na data 27/09/2017 13:17:26

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17594
Data envío: 27/09/2017 14:12:30.193

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

**Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira** e **Sandra Vázquez Domínguez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Contra o que adoita afirmar a oposición, que acusa ao goberno de "propaganda" en cada un dos proxectos lexislativos que trae a este Parlamento, a actividade lexislativa da Xunta ten sido especialmente prolífica e certeira na anterior lexislatura.

De feito, a pasada lexislatura foi a segunda da historia de Galicia na que máis leis se teñen aprobado (55), mais isto veu acompañado dun esforzo considerable de racionalización e integración normativa, pois por vez primeira vez o número de leis vixentes ao final da lexislatura foi inferior ao existente ao seu comezo. Aprobáronse tamén as primeiras Directrices de Técnica Normativa de Galicia, para unificar os criterios de redacción de toda a lexislación galega.

As prioridades temáticas da acción lexislativa da Xunta de Galicia nestes catro anos teñen sido, fundamentalmente, tres: a reactivación económica, a mellora do benestar social e a racionalización en todos os sentidos, tanto no territorial como no de estruturas administrativas ou servizos públicos.

Outra prioridade, neste caso xa dende o punto de vista técnico e de autogoberno foi a substitución e modernización de textos con máis de 20 anos de antigüidade. Reduciuse nunha vintena o número de leis con máis de 25 anos de antigüidade que se manteñen vixentes en Galicia. Hoxe temos, en consecuencia, un mapa normativo fondamente renovado.

Pero para dispoñer dun ordenamento xurídico completo, claro e operativo son claves tres aspectos: poucas leis pero modernas e ben desenvolvidas e concretadas.

En consecuencia, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos cuestionar á Xunta de Galicia sobre a efectividade real das normas aprobadas na pasada lexislatura.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17594
Data envío: 27/09/2017 14:12:30.193

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Que resultados ten dado ata o de agora a aplicación da Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Blanco Paradelo na data 27/09/2017 14:10:47**

**Maria Antón Vilasánchez na data 27/09/2017 14:10:54**

**María Isabel Novo Fariña na data 27/09/2017 14:11:01**

**Marta Novoa Iglesias na data 27/09/2017 14:11:09**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/09/2017 14:11:17**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/09/2017 14:11:25**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 27/09/2017 14:11:32**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17598
Data envío: 27/09/2017 14:21:58.190

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**María Luisa Pierres López, Mª Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, se subliñaba o interese en conseguir máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia.

Máis das tres cuartas partes das actuacións contidas na planificación de dito plano incorporaban cambios ou eran novas respecto ao que se estaba a facer en anos anteriores. Así mesmo, se anunciaba a intención de levar a cabo un grande esforzo de coordinación interdepartamental para intensificar o enfoque multidisciplinar e a perspectiva de xénero nas diferentes políticas públicas que afectan á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Isto levou a destacar o empeño nun eixe estratéxico que se titulaba "Mellora da Gobernanza a favor da igualdade" , situándoo, nunha primeira orde de magnitude, e que buscaba consolidar a posición de 'administración exemplar' do Goberno galego no deseño, execución e seguimento de políticas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente, contribuíndo ao progreso e benestar do conxunto da sociedade galega.

Polo tanto, os obxectivos e actuacións recompiladas para esta área de intervención centrábanse en conseguir un maior impacto e eficacia da acción pública en pro da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Defínianse un total de oito obxectivos operativos para dar contido a este eixe, a partir dos que se deseñaron as actuacións a emprender sendo un deles:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

5. Reforzar as competencias do persoal ao servizo da Administración autonómica en materia de igualdade de xénero a través dun novo modelo formativo máis intensivo e específico.

Se contemplaba o desenvolvemento dun programa de formación en materia de igualdade de xénero sobre a base dun enfoque especializado na oferta de formación básica e un programa de formación específica e avanzada para os/as profesionais da Administración autonómica cunha relación máis directa co desenvolvemento da perspectiva de xénero. Así mesmo un programa de capacitación en xénero para o persoal integrante do grupo técnico de traballo de coordinación, dinamización e seguimento das políticas de igualdade e da estratexia de transversalidade de xénero da Administración autonómica.

Tamén formacións específicas dirixidas ao persoal dos gabinetes, ao persoal ao servizo da Administración de xustiza dependente da Comunidade Autónoma e ao persoal ao servizo do departamento competente en políticas de igualdade, así como unha formación específica sobre a incorporación da perspectiva de xénero na planificación e xestión de fondos europeos polo seu interese estratéxico.

As accións específicas previstas para a consecución deste obxectivo incluían:

– Desenvolvemento do programa de formación en materia de igualdade de xénero sobre a base dun enfoque especializado na oferta de capacitación básica.

– Realización dun programa de formación específica e avanzada para os/as profesionais da Administración autonómica cunha relación máis directa co desenvolvemento da perspectiva de xénero na acción e nos servizos públicos.

– Desenvolvemento dun programa de especialización en xénero para o persoal integrante do grupo técnico de traballo de coordinación, dinamización e seguimento das políticas de igualdade e da estratexia de transversalidade de xénero da Administración autonómica.

Partido dos Socialistas de Galicia

- Realización de actividades de sensibilización e de capacitación específicas para dotar ao persoal dos gabinetes das ferramentas necesarias para incorporar a perspectiva de xénero no desempeño das súas funcións.

- Lanzamento dun plan de formación sobre a incorporación da perspectiva de xénero na planificación e xestión de fondos europeos cara ao próximo período de programación 2014−2020.

- Organización de accións de formación en materia de xénero e igualdade para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza dependente da Comunidade Autónoma.

- Desenvolvemento dun programa de formación continua e especialización en xénero do persoal ao servizo do departamento competente en políticas de igualdade.

- Inclusión da perspectiva de xénero e reforzo das competencias en materia de igualdade entre mulleres e homes na oferta formativa promovida polos órganos e entidades da Administración autonómica.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal foi o número de accións formativas , así como de horas e prazas de formacións específicas en materia de igualdade de xénero levadas a cabo pola Escola Galega de Administración Pública co persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma?
2. Como valora o Goberno o resultado da implementación por parte da Secretaría Xeral de Igualdade do programa de especialización en xénero desenvolvido para o persoal integrante do grupo técnico de traballo de coordinación, dinamización e seguimento das políticas de igualdade e da estratexia de transversalidade de xénero da Administración autonómica? Que tipo de accións de capacitación se realizaron? Cantas foron as persoas formadas e cal foi a porcentaxe desagregada por sexo?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17598
Data envío: 27/09/2017 14:21:58.190



3. Concretouse dalgún modo o lanzamento por parte da Dirección Xeral de Programas e Fondos Europeos, do plan de formación sobre a incorporación da perspectiva de xénero na planificación e xestión de fondos europeos cara ao  período de programación 2014–2020? De ser así, cal é valoración que fan de dito plan de formación?
4. Cales foron as acción formativas levadas a cabo pola Dirección Xeral de Xustiza e Escola Galega de Administración Pública realizadas en materia de xénero e igualdade para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza dependente da Comunidade Autónoma durante os anos de vixencia deste plan? Cal foi o número de prazas ofertadas para participar e o de persoas formadas desagregado por sexo?
5. Cal é o grao de desenvolvemento do programa de formación continua e especialización en xénero do persoal ao servizo do departamento competente en políticas de igualdade ?
6. Que número e porcentaxe desagregados por sexo do total do persoal ao servizo da Administración autonómica viu reforzadas as súas competencias en materia de igualdade de xénero entre os anos de vixencia deste plan?
7. Como valora o Goberno a incidencia e efectividade de todas as medidas adoptadas de cara á consecución do obxectivo de reforzar as competencias do persoal ao servizo da Administración autonómica en materia de igualdade de xénero durante os anos de vixencia do plan?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Mª Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17598
Data envío: 27/09/2017 14:21:58.190

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 27/09/2017 14:02:06**

**María Dolores Toja Suárez na data 27/09/2017 14:02:11**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 27/09/2017 14:02:19**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/09/2017 14:02:23**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/09/2017 14:02:28**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17601
Data envío: 27/09/2017 14:22:46.706

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**María Luisa Pierres López, Mª Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, se subliñaba o interese en conseguir máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia.

Máis das tres cuartas partes das actuacións contidas na planificación de dito plano incorporaban cambios ou eran novas respecto ao que se estaba a facer en anos anteriores. Así mesmo, se anunciaba a intención de levar a cabo un grande esforzo de coordinación interdepartamental para intensificar o enfoque multidisciplinar e a perspectiva de xénero nas diferentes políticas públicas que afectan á igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Isto levou a destacar o empeño nun eixe estratéxico que se titulaba "Mellora da Gobernanza a favor da igualdade" , situándoo, nunha primeira orde de magnitude, e que buscaba consolidar a posición de 'administración exemplar' do Goberno galego no deseño, execución e seguimento de políticas das que mulleres e homes se beneficien de forma equivalente, contribuíndo ao progreso e benestar do conxunto da sociedade galega.

Polo tanto, os obxectivos e actuacións recompiladas para esta área de intervención centrábanse en conseguir un maior impacto e eficacia da acción pública en pro da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Definíanse un total de oito obxectivos operativos para dar contido a este eixe, a partir dos que se deseñaron as actuacións a emprender sendo un deles:

6. Desenvolver medidas que favorecesen a mellora da acción pública en materia de igualdade de xénero entre o persoal ao servizo da Administración autonómica e con efecto exemplar na sociedade.

Medidas que buscaban favorecer entre outras as modalidades mixtas e de teleformación nos cursos ofertados pola Administración autonómica, por ser estas as que máis se adaptan ás dispoñibilidades de tempo, permitindo compatibilizar a formación coas obrigas laborais, sociais e familiares. Igualmente para conciliar os distintos tempos, intentar fomentar a flexibilidade horaria no desenvolvemento da xornada de traballo e o teletraballo. No terreo do acceso e promoción profesional, propúñase manter a esixencia de coñecemento da normativa en materia de igualdade nos programas dos procesos selectivos e valorar os cursos sobre igualdade de xénero nos concursos de emprego público, difundindo os datos sobre a presenza de mulleres e de homes en cada corpo, escala ou categoría de emprego público.

As accións específicas previstas para a consecución deste obxectivo incluían:

- Mantemento da normativa en materia de igualdade de xénero nos programas dos procesos selectivos para o acceso aos corpos ou escalas de funcionariado e para o ingreso nas categorías de persoal laboral da Administración autonómica.

- Valoración dos cursos en materia de igualdade de xénero nos concursos para a provisión de postos vacantes dos corpos, escalas e categorías de emprego público.

- Difusión da presenza de mulleres e homes en cada corpo, escala ou categoría de emprego público a través das convocatorias de procesos selectivos para o acceso á Administración autonómica.

- Fomento da flexibilidade horaria e do teletraballo atendendo aos dereitos do persoal da Administración autonómica e aos dereitos da cidadanía como receptora do servizo público desenvolvido por esta.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

– Implantación de novas medidas de estímulo para unha crecente e efectiva igualdade entre mulleres e homes no sector público autonómico.

– Desenvolvemento dunha oferta anual de actividades formativas na modalidade de teleformación ou mixta que facilite ao persoal ao servizo da Administración autonómica a conciliación coa vida familiar e laboral.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que datos manexa a Dirección Xeral de Función Pública sobre a porcentaxe do número de procesos selectivos con sistema de oposición ou concurso oposición cuxos programas incorporan a normativa en materia de igualdade de xénero durante os anos de vixencia deste plan?

2. Cal foi o número de postos de traballo cubertos durante dito período desagregados por sexo?

3. Constataron no último ano de vixencia do plan un incremento no número de persoas que acreditaron formación valorable en materia de igualdade ? Cal foi ese incremento respecto ao ano 2013 e cal é o dato desagregado por sexo?

4. Cantos foron os funcionarios e funcionarias, así como persoal laboral dependentes da Administración autonómica que segundo datos da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa demandaron flexibilidade horaria ou a opción de teletraballo durante os anos 2013 e 2015? Cal é a valoración que fai o Goberno deste dato?

5. Cales foron as medidas concretas adoptadas durante a vixencia do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015 de cara a alcanzar unha efectiva igualdade entre mulleres e homes no sector público autonómico?

6. Considera este Goberno suficiente o nivel de mellora da acción pública entre o persoal ao servizo da Administración autonómica en materia de igualdade de xénero e durante o período de vixencia do VI Plan de igualdade?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Mª Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 27/09/2017 14:03:01**

**María Dolores Toja Suárez na data 27/09/2017 14:03:07**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 27/09/2017 14:03:12**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/09/2017 14:03:17**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/09/2017 14:03:21**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 17:09
Nº Rexistro: 17652
Data envío: 27/09/2017 17:09:08.368

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

Marta Rodríguez Arias, Jaime Castiñeiras Broz, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Nos últimos dous anos, a Xunta de Galicia vén concedendo bonos de alugueiro social e adxudicando vivendas a familias necesitadas e en risco de exclusión social, no marco das medidas para loitar contra os desafiuzamentos.

O Programa Bono de Alugueiro Social é unha das doce medidas adoptadas pola Xunta para facer fronte aos desafiuzamentos e en defensa do dereito á vivenda e consiste en axudas mensuais de ata 200 euros para o pago de aluguer.

Asemade, este programa tamén contempla unha axuda única de 600 euros para afrontar os gastos derivados da formalización do novo contrato de arrendamento ou para o pago de débedas.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Que valoración fai a Xunta de Galicia do programa Bono Alugueiro Social desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2.017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 17:09
Nº Rexistro: 17652
Data envio: 27/09/2017 17:09:08.368

**Asinado dixitalmente por:**

**Marta Rodriguez Arias na data 27/09/2017 17:01:11**

**Jaime Castiñeira Broz na data 27/09/2017 17:01:38**

**Martín Fernández Prado na data 27/09/2017 17:01:47**

**Jacobo Moreira Ferro na data 27/09/2017 17:02:03**

**Marta Novoa Iglesias na data 27/09/2017 17:02:38**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 27/09/2017 17:02:52**

**Gonzalo Trenor López na data 27/09/2017 17:03:18**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/09/2017 17:03:36**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 17:44
Nº Rexistro: 17657
Data envío: 27/09/2017 17:44:37.794



Á Mesa do Parlamento



José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

No Informe sobre as mulleres e o seu papel nas zonas rurais do Parlamento Europeo (08/03/2017) destácanse, entre outras moitas cousas, as *importantes contribucións das mulleres á economía rural*, así como que, con moita frecuencia, *as mulleres son as promotoras do desenvolvemento de actividades complementarias, dentro e fóra da explotación, que pasan o ámbito da produción agrícola, o que permite aportar unha verdadeira plusvalía ás activades que se realizan nas zonas rurais.*

As mulleres que habitan nas zonas do rural, tanto en Galicia, como en España, como no resto dos Estados Membros da Unión Europea (UE), non constitúen un grupo homoxéneo nin moito menos. As súas particularidades, como a súas diferentes situacións persoais, socioeconómicas, laborais, necesidades e contribucións á sociedade en xeral, varían moito entre os distintos lugares, rexións e Estado. Polo tanto, non existe unha única estratexia a seguir, senón que cada lugar ten as súas particularidades, aínda que todas comparten, ou deberían de compartir, os mesmos eixes estratéxicos e principios.

As iniciativas que xorden dos distintos movementos sociais, institucións e sociedade están encamiñadas a múltiples e diversos ámbitos na igualdade entre mulleres e homes, o cal é un principio fundamental da UE e os seus Estados Membros. A participación activa nos procesos de toma de decisións, na preservación de tradicións culturais, turísticas, de innovación e dinamizadoras da produción agraria e gandeira, contribúen á edificación e consolidación da identidade de xénero rexional. O cal é un obxectivo fundamental para o empoderamento da muller en todos os ámbitos, e especialmente no rural.

Tendo en conta o proceso de urbanización cada vez máis acelerado e a pirámide demográfica inversa galega, o mantemento da poboación activa, dinámica e próspera no eido rural é esencial para a fixación da poboación, conservación do medio ambiente e relevo xeracional. En todos eses ámbitos, a muller representa

un papel máis que relevante. Non obstante, malia a relevancia da muller, esta atópase infrarrepresentada, fóra dos espazos de toma de decisións, invisibilizada e con máis dificultades para o acceso ao mercado laboral en comparación cos homes.

Cos diferentes plans, tanto os impulsados polo Goberno do Estado, como pola Xunta de Galicia, trátase de traballar para mellorar a situación da muller no ámbito rural en todos os aspectos.

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Púxose algún programa operativo no ámbito da educación, para dar unha maior visibilidade ás mulleres no rural, se for o caso, cantos e cales se puxeron en marcha?

2ª) Que e cantas medidas realizou a Xunta de Galicia para facilitar a incorporación da muller ao mercado laboral rural, en que concellos foron implementadas e con que resultado?

3ª) Facilitouse algunha medida que promova a conciliación da vida persoal, familiar e laboral nun escenario de responsabilidades compartidas entre mulleres e homes no rural?

4ª) Estableceuse algún módulo sobre igualdade nos programas especializados de formación agraria ou/e nas escolas do medio rural, se for o caso, en que concellos se estableceron e con que resultados?

5ª) Ten a Xunta de Galicia indicadores estatísticos que midan a contribución xeral das mulleres aos ingresos rurais e á economía do campo, desagregados por xénero para así optimizar os datos dispoñibles sobre a situación económica e social das mulleres no medio rural e a súa participación nas actividades que realizan, se for o caso, que indicadores foron introducidos?

6ª) Ten a Xunta de Galicia o número de mulleres que son propietarias exclusivas de terra agrícola e traballada con dedicación total ao sector primario, en que concellos se atopan?

7ª) Ten a Xunta de Galicia algún programa en marcha para apoiar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisión nas zonas rurais mediante actividades formativas dirixidas a impulsar a presenza en áreas e sectores onde estean infrarrepresentadas, se for o caso, que programa ou programas ten operativos e con que resultados?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/09/2017 17:32:01**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 27/09/2017 17:32:10**

**María Luisa Pierres López na data 27/09/2017 17:32:24**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 17:45
Nº Rexistro: 17658
Data envío: 27/09/2017 17:45:01.890

PSG PSOE

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e Maria Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Na presentación do VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, subliñábase o interese en conseguir *máis e mellores resultados na aplicación práctica deste valor fundamental da democracia.* Tamén remarca o reforzo e a integración do principio de transversalidade de xénero na actuación xeral da Administración pública galega para conseguir unha igualdade real de trato e oportunidades entre mulleres e homes.

As mulleres que habitan nas zonas do rural, tanto en Galicia, como en España, coma no resto dos Estados membros da Unión Europea (UE), non constitúen un grupo homoxéneo nin moito menos. As súas particularidades, como a súas diferentes situacións persoais, socioeconómicas, laborais, necesidades e contribucións á sociedade en xeral, varían moito entre os distintos lugares, rexións e estados. Polo tanto, non existe unha única estratexia a seguir, senón que cada lugar ten as súas particularidades, aínda que todas comparten, ou deberían de compartir, os mesmos eixes estratéxicos e principios.

As iniciativas que xorden dos distintos movementos socias, institucións e sociedade están encamiñadas a múltiples e diversos ámbitos na igualdade entre mulleres e homes, o cal é un principio fundamental da UE e os seus Estados membros. A participación activa nos procesos de toma de decisións, na preservación de tradicións culturais, turísticas, de innovación e dinamizadoras da produción agraria e gandeira, contribúen á edificación e consolidación da identidade de xénero rexional. O cal é un obxectivo fundamental para o empoderamento da muller en todos os ámbitos, e especialmente no rural.

Tendo en conta o proceso de urbanización cada vez máis acelerado e a pirámide demográfica inversa galega, o mantemento da poboación activa, dinámica e próspera no eido rural é esencial para a fixación da poboación, conservación do medio ambiente e relevo xeracional. En todos eses ámbitos, a muller representa un papel máis que relevante. Non obstante, malia a relevancia da muller, esta

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

atópase infrarrepresentada, fóra dos espazos de toma de decisións, invisibilizada e con máis dificultades para o acceso ao mercado laboral en comparación cos homes.

Cos diferentes plans, tanto os impulsados polo Goberno do Estado, como pola Xunta de Galicia, trátase de traballar para mellorar a situación da muller no ámbito rural en todos os aspectos.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas explotacións agrarias de titularidade compartida, por sectores, se deron de alta nos anos 2012, 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, en cada unha das provincias de Galicia, especificadas por concellos, e cantas mulleres están inscritas como cotitulares de explotación agrarias dende os anos indicados?

2ª) Cal é o número de cooperativas, por sectores en cada unha das provincias galegas, e cal é a porcentaxe de mulleres e homes nas directivas das cooperativas?

3ª) Cal é a avaliación que fai a Xunta de Galicia sobre estudo realizado nos últimos anos sobre o impacto de xénero na programación, xestión e seguimento do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)?

4ª) Cantas normas e acordos puxo en marcha a Xunta de Galicia para favorecer o acceso das mulleres á terra con vocación agraria, cantas mulleres son arrendatarias de parcelas do Banco de Terras, e que porcentaxe hai de mulleres sobre o total de persoas arrendatarias?

5ª) Cantos proxectos subvencionados se puxeron en marcha en Galicia para potenciar o empoderamento feminino e que porcentaxe representa sobre o total dos proxectos subvencionados no medio rural?

6ª) En relación cá perspectiva de xénero, que criterios de valoración a favor do empoderamento feminino se incorporaron ás medidas de acción positiva para as

mulleres, cantas iniciativas de desenvolvemento rural con perspectiva de xénero foron premiadas cos premios Agader, e cantas iniciativas de desenvolvemento rural con acción positiva para as mulleres foron premiadas cos premios Agader?



7ª) Cantos e que estudos sobre a mobilidade das mulleres no medio rural foron realizados, en cantos e en que concellos; cantas e que accións de mellora foron implantadas e en que concellos?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/09/2017 17:33:43**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 27/09/2017 17:33:53**

**María Luisa Pierres López na data 27/09/2017 17:34:13**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 17:49
Nº Rexistro: 17665
Data envío: 27/09/2017 17:49:56.143

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.ª, relativa á redución das ratios por aula.

Un clamor habitual no inicio do curso escolar é o da necesidade de reducir as ratios nas aulas. Para a comunidade educativa, como é natural, aulas ateigadas de alumnos é sinónimo de peor calidade educativa e, pola contra, aulas con poucas nenas e nenos permite unha atención máis personalizada, maior dedicación por parte dos docentes e, en definitiva, mellores resultados.

Revisando a lexislación vixente referida ao número permitido de alumnado por aula temos que facer referencia ao Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil a educación primaria e a educación secundaria, segundo o cal os centros de segundo de infantil e primaria terán un máximo de 25 alumnos por unidade, 30 en secundaria e 35 en bacharelato. Cifras reiteradas na ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; salvo para o caso de bacharelato que se reducen a 33.

Ratios que aínda que un dos principais decretos-recortes educativos, o Real Decreto-lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, preveu ampliar ata nun 10%, o goberno do Partido Popular afirmou que non subiría. A práctica, sen embargo, demostra que

isto non é así, toda vez que para os cálculos das ratios non se ten en conta ao alumnado repetidor sen que exista normativa algunha que avale dita práctica.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) En base a que normativa pode xustificar a Consellería a non inclusión do alumnado repetidor no cómputo das ratios por aula?

2.ª) Considera o Goberno galego que o alumnado repetidor non precisa atención educativa?

3.ª) En cantas aulas ten constancia o Goberno galego de que se estean incumprindo as ratios por aula?

4.ª) Ten previsto o Goberno galego reducir as ratios por aula?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 27/09/2017 17:35:57**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2017 17:36:05**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2017 18:15
Nº Rexistro: 17673
Data envío: 27/09/2017 18:15:16.842

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.ª,** relativa á restitución das estatuas do Pórtico da Gloria para o patrimonio público.

Dende o pasado xullo o Pazo de Xelmírez acolle unha importantísima exposición sobre a obra do Mestre Mateo. Trátase da segunda parada desta exposición que acolleu un importante éxito de público e crítica na súa exhibición no Museo do Prado dende novembro do pasado ano. Grazas a ela volven a Santiago de Compostela parte das esculturas fundamentais do Pórtico da Gloria, lugar do que nunca tiñan que ter saído.

Dentro da exposición destacan dúas obras, Abraham e Isaac, que tras ser arrancadas do Pórtico da Gloria pasaron por propiedades diversas ata acabar en poder do ditador Francisco Franco. A súa historia é, polo tanto, parte da historia do espolio do patrimonio público a mans do franquismo. Así, as mencionadas estatuas foron trasladadas ao pazo do Conde de Ximonde, ata que en 1948 foron mercadas polo Concello de Santiago de Compostela e, finalmente acabaron en mans do ditador. Cómpre salientar que a documentación oficial da venda vinculou a mesma a que as esculturas non abandonaran o concello. De tal xeito que as mesmas se manteñen en poder da familia Franco pese a que non existe ningún documento de cesión por parte do Concello de Santiago e malia que a súa cesión sería contraditoria coa venda oficial.

Son numerosas as peticións da sociedade civil para que a familia do ditador restitúa para o público o patrimonio espoliado como botín de guerra, para que volva a formar parte do patrimonio público e poda ser gozado por toda a cidadanía. É hora de que o patrimonio da cidadanía deixe de formar parte da

colección privada dos herdeiros da ditadura. Unha cuestión necesaria para a reparación, a xustiza e a recuperación da memoria democrática deste país.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que actuacións ten previsto o goberno galego para a restitución do devandito patrimonio espoliado?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez
Ánxeles Cuña Bóveda
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 27/09/2017 18:12:34**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2017 18:12:42**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez** e **Luís Villares Naveira,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª.**

En Galicia, estímase que hai entre 70.000 e 100.000 casos de demencias. Na actualidade, o 23% da poboación galega ten máis de 65 anos (estimase que a porcentaxe aumentará ao 40% para o 2050, segundo o INE). Este é un indicador significativo, xa que a idade é o principal factor de risco para desenvolver unha demencia.

Do total das demencias diagnosticadas, o 70% son Alzheimer. O 21 de setembro conmemórase tódolos anos o Día Mundial do Alzheimer, data na que se pon o foco de atención nas persoas que sofren esta enfermidade, visibilizando as súas necesidades, expectativas, etc.

Esta enfermidade non afecta so á persoa que a padece, senón tamén ao seu entorno máis próximo (coidadoras principais, familiares....) que tamén precisan coidados e atencións, debidas tanto á gran carga de traballo físico que realizan como á carga afectiva que esta doenza trae consigo.

As consecuencias destas enfermidades neurodexenerativas fanse máis presentes na poboación do rural, xa que á enfermidade engádenselle as características do medio rural (moitas delas favorecidas polas políticas de desmantelamento do rural do PP): despoboación, illamento, dispersión xeográfica, problemas de

mobilidade (escaseza de transporte público) carencia de recursos sanitarios e sociais, etc. o que, engadido á elevada idade da poboación fai que en determinadas situacións se complique a intervención sociosanitaria con estas persoas.

Desde En Marea defendemos a dignidade das persoas con Alzheimer e outras demencias, o respecto á súa autonomía, o recoñecemento dos seus dereitos, así como os das persoas coidadoras, cuxa labor debe ser recoñecida, valorada e visibilizada ante a sociedade, así como o dereito das persoas a permanecer nos seus domicilios, no seu entorno, se así o desexan, todo o tempo que poidan.

Por todo o exposto anteriormente os deputados do Grupo Parlamentar de En Marea presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª

1. Cantas persoas diagnosticadas con Alzheimer e outras demencias están agardando sen ter acceso a recurso público ningún a que se lle recoñeza o grao de dependencia ou se lle asigne o recurso do Programa Individual de Atención? Cantas faleceron nos últimos dez anos sen recibir ningún tipo de atención pública?

2. Que medidas específicas dispuxo ou ten pensado dispor a Xunta para atender a estas persoas, diagnosticadas con Alzheimer ou outras demencias, que residen en municipios rurais con menos recursos ao seu alcance que nas urbes? E para as coidadoras destas persoas?.

3. Que xestións se teñen feito para que o Goberno do Estado adopte o acordo do Parlamento de Galicia a respecto do recoñecemento automático do 33% de discapacidade ás persoas diagnosticadas con Alzheimer ou outras demencias?

4. Vaise reforzar de xeito estrutural – cubrindo todos os postos de traballo vacantes e creando outros novos onde se precise - os Equipos de Valoración e Orientación para a Discapacidade para reducir as listas de agarda na valoración do grao de discapacidade?

5. Cando está previsto que se presente no Parlamento de Galicia o estudo sobre o Alzheimer en Galicia, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 11 de maio de 2016, incluíndo un informe sobre as persoas coidadoras.

Santiago de Compostela, a 27 de setembro de 2017

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 27/09/2017 19:12:01**

**David Rodríguez Estévez na data 27/09/2017 19:12:10**

**Luis Villares Naveira na data 27/09/2017 19:12:21**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17683
Data envío: 27/09/2017 19:39:39.316

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta na **Comisión 5ª**

A "Casa Niño de Folgoso de Caurel" sitúase nun edificio de titularidade municipal no lugar de Folgoso, no Concello de Folgoso de Courel.

Este edificio municipal destínase á Oficina de Turismo, na súa planta cero, e á Casa Niño, na planta baixa.

Para acceder ao local da Casa Niño, hai que baixar unha longa e empinada escaleira.

Por outra parte, a planta onde se sitúa a Casa Niño non está suficientemente iluminada e non conta con acceso directo a patio ou xardín, polo que para poñer a horta da Casa Niño úsase un pequeno terrario nas escaleiras.

Sen embargo, a planta na que está a Oficina de Turismo ten acceso a un espazo infrautilizado que podería destinarse a horta e xardín de xogos.

A Casa Niño deu no curso pasado 2016/2017 servizo a 8/9 nenos e nenas, nun concello con saldo vexetativo negativo e no que no ano 2016 só naceron catro crianzas.

A prestación de servizos con calidade nos entornos rurais e, especificamente, nas zonas de montaña, é un factor fundamental para contribuír á permanencia da poboación e a preservación dos espazos naturais e culturais.

Polo exposto, os deputados do Grupo Parlamentar de En Marea presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

- Considera a Xunta adecuada a situación da Casa Niño de Folgoso do Courel?

- Como valorou a inspección a ubicación actual da Casa Niño de Folgoso do Courel?

- Non considera a Xunta que é máis acaído situar a Casa Niño na planta 0 do edificio municipal no que se sitúa, para evitar unhas escaleiras moi empinadas e o conseguinte aumento de riscos de caídas de nenos e nenas?

- Non considera a Xunta que situando a Casa Niño na planta 0, onde se sitúa a Oficina de Turismo, se garante un maior espazo de xogos e a dotación dun espazo exterior para parque e horta?

- Que valoración fai a Xunta de que os bolardos de madeira que bordean o xardín do edificio no que se sitúa a Casa Niño e a Oficina de Turismo estean deteriorados e queden ao descuberto ferros que poden danar a nenos e nenas?

- Ten previsto aumentar os recursos de conciliación e ensino infantil de 0 a 3 anos no Concello de Folgoso de Courel?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17683
Data envío: 27/09/2017 19:39:39.316

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 27/09/2017 19:38:59**

**Luis Villares Naveira na data 27/09/2017 19:39:06**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:17
Nº Rexistro: 17693
Data envio: 28/09/2017 11:17:50.196

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre o uso da lingua galega na etiquetaxe.

O Consello da Cultura Galega organizou as xornadas 'Etiqueta na túa lingua, camiña polo mundo con identidade' o 26 de setembro de 2016 arredor da etiquetaxe comercial en lingua galega. Entre as ponencias, nas que estivo presente o Secretario Xeral de Igualdade, Valentín García, subliñáronse as dificultades normativas existentes na actualidade para etiquetar produtos en galego.

Neste senso, nos últimos anos o Goberno español vén aprobando normas que impoñen o castelán na etiquetaxe mais tamén da información relativa aos produtos. Por exemplo, o Real Decreto Lexislativo 1/2015, do 24 de xullo, que obriga a redactar en castelán a ficha técnica, os prospectos e a etiquetaxe dos medicamentos, sen referencia algunha a calquera outra lingua, tampouco a galega. De facto, ese decreto prevé como infracción grave non estiquetar en español con sancións de entre 30 mil e 90 mil euros.

Noutros casos, a norma obriga a etiquetar "polo menos" en castelán. É o caso do Real Decreto 126/2015, do 27 de setembro, polo que se aproba a norma xeral relativa á información alimentaria dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e as colectividades, dos envasados nos lugares de venda a petición do comprador, e dos envasados polos titulares do comercio ao por menor.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O decreto fixa como excepción aqueles produtos tradicionais elaborados e distribuídos exclusivamente no ámbito "dunha comunidade autónoma con lingua oficial propia". De novo, o incumprimento da norma prevé unha infracción punida con até 4 mil euros.

Cómpre lembrar que o Parlamento de Galiza aprobou no ano 2013 unha Proposición non de lei na que instaba a Xunta a promocionar os produtos etiquetados e comercializados en lingua galega así como estabelecer medidas de apoio para promover a etiquetaxe e a distribución de produtos agroalimentares en lingua galega e adoptar as medidas necesarias para darlles efectividade ás accións contidas na área de comercio do Plan de Normalización Lingüística.

Así mesmo, o Goberno galego aprobou, no ano 2016, o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico. Neste documento inclúese como obxectivo precisamente o contido dese acordo, incluíndo campañas de promoción do galego na etiquetaxe de produtos, principalmente naqueles de maior consumo, de proximidade e de calidade.

Porén, independentemente da opinión que poida merecer a actuación que está a levar a cabo a Xunta de Galiza, é evidente que a lexislación española supón un prexuízo, unha pexa, un impedimento para o respecto e garantía dos dereitos lingüísticos do pobo galego. Así o expresaban nas devanditas xornadas profesionais da comunicación e responsábeis empresariais que salientaron os "obstáculos legais" para poder etiquetar en galego, denunciando mesmo a "desoficialización" da lingua propia de Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:17
Nº Rexistro: 17693
Data envio: 28/09/2017 11:17:50.196

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que opinión lle merece ao Goberno galego a presenza que actualmente ten a lingua galega na etiquetaxe de produtos e outros usos vinculados ao comercio?

- Que medidas adoptou, está a adoptar ou prevé adoptar no futuro máis inmediato a Xunta de Galiza para promover a etiquetaxe en galego?

- Que Orzamento se ten investido desde 2016 neste ámbito?

- Como valora o Goberno galego a lexislación española que obriga e mesmo impón o castelán na información dos produtos, etiquetaxes ou documentación comercial?

- Pensa a Xunta de Galiza instar o Goberno español a mudar esta situación mesmo derrogando, se for preciso, as normas en vigor?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:17
Nº Rexistro: 17693
Data envio: 28/09/2017 11:17:50.196

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 11:13:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 11:13:11**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 11:13:12**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 11:13:14**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 11:13:15**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 11:13:17**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:33
Nº Rexistro: 17700
Data envío: 28/09/2017 11:33:26.009

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao novo Regulamento de Ordenación e Funcións do Servizo de Gardacostas.

O pasado día 28 de xullo, o Consello da Xunta de Galicia aprobaba un proxecto de decreto de ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia, sendo remitido o mesmo ao Consello Consultivo de Galicia. Dita normativa está a conseguir o rexeitamento do colectivo deste persoal por conter postulados contrarios a Lei de Gardacostas. De entre estes sobresae a blindaxe dos cargos de libre designación, Subdirector, xefes/as do servizo e xefes/as das unidades operativas poderán ser persoal alleo ao Servizo de Gardacostas e pasarán a ser dotados das atribución propias dos funcionarios deste Servizo, isto é: axentes da autoridade con uniforme, placa, insignia e carné profesional, podendo exercer os labores de dito corpo sen ter ningunha das súas atribucións.

No apartado d@s xefes das unidades operativas, ademais de ser nomead@s a dedo, algo sobre o que xa se ten pronunciado reiteradamente os tribunais de xustiza con sentenzas que declaran ilegal a catalogación de ditos postos como LD, agora poderán realizar función d@s titulad@s náutico pesqueir@s (patróns/as e mecánic@s) sen que ocuparan estas prazas, sempre que teñan a titulación

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:33
Nº Rexistro: 17700
Data envío: 28/09/2017 11:33:26.009

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

correspondente, podendo realizar as funcións de dous postos de traballo e cortando as posibilidades de que estas prazas poidan ser ofertadas e ocupadas por outra persoa, precarizando as funcións do persoal do propio Servizo.

Tamén é de salientar a creación dunha nova escala operativa (C1) que non aporta unha regulación regrada de promoción interna clara, por mérito, capacidade e competencia. A imposición dun modelo xerarquizado, que pretende que @s axentes desenvolvan as súas actuacións baixo ordes ou mando directo e non co criterio xeral de actuación: *"cumprindo plans ou programas de actuacións ordinarios ou extraordinarios, ou en virtude de denuncias, requirimentos, propia iniciativa ou orde dos superiores"*. A todo o anterior hai que sumar o feito de que na mesa de negociación non se tivo en conta as especiais condicións de traballo deste colectivo.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cales son as razóns para que @ Subdirector/a e @s tres xefes de servizo e @s xefes das unidades operativas sexan nomeados a dedo?

- Para cando van cumprir as sentenzas que lles obriga a que @s xefes das unidades operativas non sexan de libre designación?

- Imaxínanse a Arsenio Fernández de Mesa con tricornio e coas atribucións dun axente da garda civil?

- Como é posíbel que @s xefes/as operativ@s sexan nomead@s a dedo e que para dito posto non exista nin un só criterio de selección?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:33
Nº Rexistro: 17700
Data envío: 28/09/2017 11:33:26.009

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Consideran razoábel que un/unha axente da escala básica sexa o XUO e que dirixa as unidades compostas por persoal da escala técnica, executiva, operativa e de axentes?

- Dentro das funcións do persoal de Gardacostas non sería razoábel salvagardar a súa independencia e que actuaran de acordo a lei?

- Se con carácter xeral se establece que actuarán "cumprindo plans ou programas de actuacións ordinarios ou extraordinarios, ou en virtude de denuncias, requirimentos, propia iniciativa ou orde dos superiores" a que ven que na escala de vixilantes mariñeiros se estableza que actuarán baixo ordes ou mando directo ? Non teñen a condición de axente de autoridade todas as escalas coas mesmas atribucións? Ou hai escalas con galóns para mandar e a escala de axentes é para obedecer?

- Como se explica que se un/unha mecánic@ e un/unha patrón/a fixeron o mesmo exame de oposición e están na mesma escala (C1), agora se pretende que a patrón/a en mar e en terra mande sobre @ mecánic@?

- Como se explica que dende a creación do Servizo de Gardacostas un/unha patrón/a ou mecánic@ que aprobou a oposición coa titulación de patrón litoral e mecánic@ naval, segundo as diferentes regulación hoxe téñamos patróns/as na escala executiva, de aprobarse este decreto na escala operativa e @s de toda a vida na escala de axentes? E isto un modelo racional de promoción interna?

- Como se explica o feito de que un/unha mariñeir@ vixilante poida ir a náutica pesqueira e quitar titulacións de patrón/a ou mecánic@ pero que non teña posibilidades de realizar os días de mar para conseguir a titulación profesional e que

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

determinad@s xefes/as das unidades operativas conseguiran facer os días de mar e hoxe teñen en vigor as súas credenciais profesionais?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Ana Pontón Mondelo**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 11:32:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 11:32:13**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 11:32:15**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 11:32:16**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:33
Nº Rexistro: 17700
Data envío: 28/09/2017 11:33:26.009

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 11:32:18**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 11:32:19**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:46
Nº Rexistro: 17705
Data envío: 28/09/2017 11:46:17.194

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a torre de Caldaloba en Cospeito e o seu risco de derrube.

"A torre de Caldaloba, en Cospeito, está moi estragada, ten unha deterioración importante. Está catalogada como monumento nacional, foi a derradeira fortaleza en renderse aos Reis Católicos, e na súa contorna podería haber restos arqueolóxicos importantes. Malia todo isto, arestora corre risco de derrubarse, así que os veciños piden que se actúe no lugar para impedilo".

Así recollía a TVG nos seus informativos a situación que atinxe a torre de Caldaloba situada no Concello de Cospeito. "A chuvia, a xeada e o paso do tempo foron deteriorando unha construción que, segundo os expertos, ten un importante valor histórico. As placas metálicas que se colocaron para evitar que se filtrase auga viñeron abaixo e a estrutura interna tamén se atopa en moi mal estado. Por iso, reclaman que se actúe de xeito inmediato para evitar que caia", continúa a información.

Neste senso, desde a alcaldía de Cospeito aseguraron, en xuntanza con representantes veciñais na defensa e posta en valor desde inmóbel, que procurarían a vontade da persoa propietaria de Caldaloba para que cedese ou doase o inmóbel así como axuda á Dirección Xeral de Patrimonio para salvagardar e protexer a torre.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A torre de Caldaloba é o último resto en pé do que noutrora foi unha fortaleza destruída tras as revoltas irmandiñas. Pertenceu ao Mariscal Pardo de Cela, tras a sua decapitazón, herdaron a Dona Constança de Castro e Fernán Ares de Saavedra filla e xenro do Mariscal. Foi o derradeiro reduto da nobreza galega en resistencia á política colonial e centralista de Castela na época dos Reis Católicos. Posúe unha planta cuadrangular de 10,2 metros de lado, mais de 30 metros de altura e uns muros de 2,65 metros de espesor. Os catro andares dos que dispoñía foron erguidos en mampostería de xisto e granito, rematada por unha bóveda de canón percorrida por arcos fachóns como salienta Angel del Castillo.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Ten coñecemento o Goberno galego de cal é a situación na que se atopa a torre de Caldaloba en Cospeito?

- De ser así, que opinión lle merece esta situación?

- Púxose en contacto coa Dirección Xeral de Patrimonio o Concello de Cospeito para procurar axuda en relación coa torre de Caldaloba? De ser así, cal foi a súa resposta?

- Ten adoptado algunha medida ou prevé adoptala a Xunta de Galiza para garantir a pervivencia deste ben patrimonial de acordo co disposto na Lei de patrimonio cultural de Galiza?

- Cal é o proceder da Xunta de Galiza en relación cos bens patrimoniais de propiedade privada que contan con algunha figura de recoñecemento ou protección

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cando non se atopan en correcto estado de conservación ou mesmo corren o risco de desaparecer?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Montserrat Prado Cores**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 11:44:43**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 11:44:48**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 11:44:50**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 11:44:51**

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 11:44:53**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 11:44:54**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:56
Nº Rexistro: 17709
Data envío: 28/09/2017 11:56:16.060

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No ano 1990, ao abeiro do V Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe que fora realizado na Arxentina, o movemento feminista latinoamericano declarou o 28 de setembro Día pola Despenalización do Aborto. Esta data, nacida para denunciar e visibilizar os danos e mortes por mor dos abortos clandestinos, constituíu unha referencia para a loita pola despenalización de moitos países, inicialmente en Lationamérica e estendida a todo o mundo. Constitúe, xa que logo, unha data referencial na que en cada país o movemento feminista denuncia as carencias, de diferente tipo, que atopan para ver garantido o dereito ao aborto en condicións dignas.

Os protocolos internacionais (Conferencia Internacional sobre Poboación e Desenvolvemento, O Cairo 1994 e a súa revisión posterior en Nova York 1999) definen cales deben ser as condicións para a atención ás mulleres que teñen un aborto no 2º trimestre da xestación. No 2016, diversos colectivos feministas como a Marcha Mundial das Mulleres denunciaban que no noso país incumpríanse estes protocolos e desprazábanse, ademais, moitas mulleres fóra do país para levar a cabo a interrupción terapéutica do embarazo. O pasado 28 de setembro de 2017 volveron denunciar que a situación continuaba a manterse e que todos os abortos euxenésicos cando menos das áreas sanitarias da Coruña e de Ferrol seguen sendo transferidos a Madrid.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:56
Nº Rexistro: 17709
Data envío: 28/09/2017 11:56:16.060

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Pleno do Parlamento Galego aprobou o 23 de novembro de 2016, ao fío dunha Proposición do Bloque Nacionalista Galego, estabelecer medidas conducentes a fornecer ás mulleres da atención axeitada tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e despois deste en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e atención por parte de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inquedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica. Así mesmo, propúñase traballar pola creación de dous centros de referencia en Galiza para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), na zona norte e na zona sur, con persoal sanitario especializado, como garantía da execución dos protocolos internacionais sobre os Dereitos Sexuais e Reprodutivos. A xuízo do BNG, a consecución destes obxectivos son fundamentais para acadar o obxectivo de garantir para todas as galegas un dereito fundamental como o aborto na sanidade pública e no interior do territorio galego, independentemente da semana de xestación na que se producir o aborto, sen verse obrigadas a desprazamentos lonxe da súa contorna persoal, someténdoa a unhas condicións que impactan negativamente no procedemento.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Garante, e en que condicións, o goberno galego a práctica dos abortos euxenésicos dentro do territorio galego e no ámbito da sanidade pública?

-Que protocolo segue actualmente o SERGAS nos casos de interrupción voluntaria do embarazo? Cal no caso dun aborto euxenésico durante o segundo trimestre de xestación? Onde se desenvolven?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:56
Nº Rexistro: 17709
Data envio: 28/09/2017 11:56:16.060

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cantos abortos euxenésicos se realizaron en Galiza no ámbito do SERGAS en 2017? Cantos foron derivados desde o SERGAS a centros privados? Cantos a centros de fóra do país? Por que motivos?

-Que medidas levou a cabo o goberno galego para avaliar os casos casos denunciados na Coruña e Ferrol?

-Que medidas levou a cabo o goberno galego en materia de formación nos protocolos de atención na práctica de abortos? Cantas horas aglutinou esta formación? A cantas profesionais atinxiu?

-Que actuación levou a cabo o goberno galego para a toma en consideración e cumprimento dos acordos emandados do Parlamento Galego no Pleno do 23 de novembro de 2016?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 11:54:51**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 11:54:56**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 11:54:57**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 11:54:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 11:55:00**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 11:55:02**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 13:54
Nº Rexistro: 17720
Data envío: 28/09/2017 13:54:36.933





Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Abel Losada Álvarez, María Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Por parte deste Grupo Parlamentario téñense presentado, de forma reiterada, iniciativas relacionadas coa situación escolar existente no concello de Salceda de Caselas.

Estas demandas poden resumirse en tres grandes demandas:

1) A situación no CEP Altamira

2) A posibilidade de que o IES Pedras Rubias conte con ensinanzas postobrigatorias, e

3) O transporte escolar do alumnado residente non concello que, ante a imposibilidade de cursar ensinanzas postobrigatorias, debe desprazarse a outros concellos para cursalas.

Coa finalidade de centrar o debate, c cómpre expoñer de forma clara as cifras de nenos e nenas, rapaces e rapazas, en definitiva poboación en idade escolar actual e futura existente neste concello.

Así, as cifras obtidas no Instituto Galego de Estatística, son as seguintes:

| Idade | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Persoas | 102 | 106 | 109 | 129 | 139 | 115 | 123 | 97 | 110 | 101 | 98 | 95 | 67 | 80 | 83 | 82 |

As cifras anteriores poñen de manifesto que, neste curso escolar hai neste concello 739 alumnos e alumnas en idades correspondentes á educación primaria, e iso significa que o CEP (colexio de educación primaria) Altamira escolariza un elevado número de alumnos e alumnas o que supón a necesidade de incrementar as aulas sen que se produza a ampliación do edificio, coa lóxica perda de espazos que se viñan dedicando a outras actividades docentes. A isto deben engadirse os problemas existentes coa capacidade dos vehículos de transporte escolar que cobren as liñas para este centro.

Por outro lado, tamén se pon de manifesto que ao remate deste curso iniciarán estudos postobrigatorios un elevado número de alumnos (829, moi superior en todo caso ás cifras existentes noutros concellos de Galicia que si contan nos seus institutos (IES) con ensinanzas de bacharelato.

Isto último supón que ese alumnado deberá escolarizarse noutras localidades o que implica non poucas complexidades para este alumnado e as súas familias, dende os horarios ata o custo económico; non debemos esquecer que aínda que se trata dunha etapa non obrigatoria, o alumnado en situacións similares da práctica totalidade da Comunidade Autónoma ten ese servizo garantido e gratuíto.

Ante esta situación os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Contempla a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria algún tipo de actuación inmediata que resolva os problemas existentes no CEP Altamira de Salceda de Caselas?

2ª) Contempla a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a posibilidade de dotar con estudos de ensino post obrigatorio á localidade de Salceda de Caselas, de ser a resposta afirmativa, con que estudos concretos?

3ª) Contempla a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a posibilidade de aproveitar con maior eficiencia e sensibilidade o uso do transporte escolar, para permitir que o alumnado de Salceda de Caselas poida cursar estudos de Bacharelato e Formación Profesional en concellos limítrofes?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 28/09/2017 13:52:26**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/09/2017 13:52:40**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 13:54
Nº Rexistro: 17720
Data envío: 28/09/2017 13:54:36.933

Grupo Parlamentario

**Maria de la Concepción Burgo López na data 28/09/2017 13:52:50**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/09/2017 13:53:05**

Partido dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17725
Data envío: 28/09/2017 14:15:44.276



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.



No Diario Oficial de Galicia de 20 de xaneiro de 2017, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicou a Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións dentro do Plan específico de acción comunitaria destinada a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

Na exposición de motivos da dita Orde, establécese que se convocan coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal; na modalidade de concorrencia non competitiva, podendo, unha vez obtidos os informes preceptivos na tramitación, e autorizada por acordo do Consello da Xunta a concesión de anticipos de ata o 100 % da subvención concedida, sen constitución de garantías.

A contía orzamentaria destinada para atender estas subvencións é de 1.400.000 € (1.000.000 € establecidas nesta Orde, incrementada posteriormente pola Orde do 4 de maio de 2017 en 400.000 €).

No artigo 1.Obxecto e beneficiarios. Establécese que:

“3. Poderán ser beneficiarias das subvencións convocadas as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas debidamente inscritas no rexistro público correspondente e asociacións de mulleres rurais (en diante, entidades), para a realización de investimentos, tanto de obra como de equipamentos, en inmobles da súa titularidade ou dos que lles corresponda o dereito de uso, camiños veciñais e traídas de auga veciñais coa finalidade de mellorar a prestación dos servizos de interese veciñal análogos aos encadrados como

servizos básicos municipais na lexislación básica de réxime local, mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, contribuíndo deste xeito a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

4. As entidades deberán estar, en todo caso, debidamente inscritas no correspondente rexistro de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia (central ou provincial) dependentes da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, conter na súa denominación a identificación como asociación de veciños, federación, confederación ou unión de asociación de veciños, e ter actualizados no rexistro os datos de composición da xunta directiva e estatutos da entidade.

No suposto das comunidades de usuarios de augas deberán estar inscritas no libro do rexistro de augas do correspondente organismo de bacía."

No artigo 3. Destino das subvencións. Establécese que "Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles de titularidade veciñal ou sobre os que a entidade solicitante ten un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título, así como equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles vinculados a acadar unha eficaz prestación dos servizos de interese veciñal análogos aos encadrados como servizos básicos municipais na lexislación de réxime local e mellora da vida local nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, incluídos os camiños veciñais e as traídas de auga xestionadas polas comunidades de usuarios de augas"

No artigo 6. Resolución. Notificación e modificación. Establécese que:

"1. O prazo para resolver e notificar os procedementos iniciados en virtude desta orde será dun mes, contado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes."

E no artigo 8. Obrigas dos beneficiarios. Establece que:

"e) Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concede esta subvención durante un período mínimo de cinco anos e proceder ao reintegro das cantidades

percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte á natureza do investimento."

Á vista destes datos e superado amplamente o prazo de concesión de subvencións, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron a totalidade das asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia que solicitaron a dita subvención?

2ª) Que asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, foron beneficiadas por esta subvención, así como a contía concedida a cada unha delas?

3ª) Que asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia foron excluídas ou lles foi denegada esta subvención, así como as causas que o xustifican?

4ª) Cales son os mecanismos de control cos que conta a Xunta de Galicia para verificar que os bens financiados con esta subvención garantan a súa finalidade durante un período mínimo de cinco anos, tal e como establece o artigo 8.e) da dita Orde?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/09/2017 13:49:14**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 25/09/2017 13:49:22**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17725
Data envío: 28/09/2017 14:15:44.276

Grupo Parlamentario

**Patricia Vilán Lorenzo na data 25/09/2017 13:49:34**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17727
Data envio: 28/09/2017 14:25:30.801

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez** e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Desde o Grupo Parlamentario Popular temos manifestado como unha das nosas principais preocupacións nos últimos anos a evolución do emprego na nosa Comunidade.

A profunda crise económica padecida na última década tivo como un dos efectos máis claros a destrución de millóns de postos de traballo entre 2008 e 2012, sobre todo en sectores nos que a meirande parte de traballadores contaban cunha baixa cualificación.

Ademais, as grandes bolsas de parados supuxeron unha barreira de entrada a colectivos especialmente vulnerables e que complicou a inserción de moitas das persoas cuxa situación de desemprego se foi alongando no tempo.

Logo de catro anos de crecemento económico e caída do desemprego de xeito practicamente ininterrompido, os populares consideramos como un dos obxectivos prioritarios que tanto os novos empregos como os contratos asinados con anterioridade sexan da maior calidade posible.

Parte da mellora das condicións dos traballadores galegos pasa porque se cumpran os seus contratos e se eviten abusos en canto a horarios ou salarios. Nesta cuestión, xoga un papel fundamental a labor da Inspección de Traballo, que supervisa a actividade económica para que traballadores e empresarios se axusten ao marco laboral establecido.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galicia para o impulso do papel da Inspección de Traballo como garante dun emprego de calidade?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17727
Data envío: 28/09/2017 14:25:30.801

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/09/2017 14:21:32**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 28/09/2017 14:21:48**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 28/09/2017 14:21:54**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/09/2017 14:22:04**

**Marta Rodriguez Arias na data 28/09/2017 14:22:11**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 28/09/2017 14:22:20**

**María Soraya Salorio Porral na data 28/09/2017 14:22:28**

**Raquel Arias Rodríguez na data 28/09/2017 14:22:34**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 28/09/2017 14:22:42**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17728
Data envío: 28/09/2017 14:25:46.665

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez** e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Desde o Grupo Parlamentario Popular temos manifestado que a situación económica e a evolución do desemprego estiveron entre as nosas preocupacións centrais tanto no peor escenario da recesión económica como no actual panorama de recuperación.

A crise, agravada polas políticas socialistas de negación da mesma a nivel estatal e autonómico, tivo en España e en Galicia un efecto devastador de destrución de postos de traballo. Así, a prioridade das administracións pasou a ser recuperar os niveis de emprego previos a 2008 e flexibilizar o noso ríxido mercado laboral.

Nos datos de paro rexistrado relativos ao mes de agosto, coñeciamos que Galicia sitúase por debaixo das 190.000 persoas sen emprego, sendo a primeira vez desde o inicio da crise que se baixa desta cifra. Tamén encadeamos catro anos consecutivos de caída na evolución anual nun mes de agosto, nos que case 1 de cada 3 parados abandonaron as listas do paro, o que sitúa á Comunidade en niveis de paro inferiores aos de hai 8 anos, sendo xa preto de 4 anos de baixadas consecutivas, desde novembro de 2013. Ademais, as afiliacións seguen aumentando en Galicia na evolución anual, 19.786 persoas máis, o que supón un incremento de máis dun 2%.

Logo de catro anos de crecemento económico e caída do desemprego de xeito practicamente ininterrompido, os populares consideramos como un dos obxectivos prioritarios que tanto os novos empregos como os contratos asinados con anterioridade sexan da maior calidade posible.

Unha das debilidades do noso sistema laboral aínda é o excesivo número de contratos a tempo parcial e temporais, que en moitas ocasións non contribúen a dar a estabilidade que aos traballadores lles gustaría.

Por iso, consideramos que o nivel de contratación indefinida e a tempo completo é un indicador que pode dar unha idea da consolidación da recuperación económica para as nosas familias.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17728
Data envio: 28/09/2017 14:25:46.665

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal está a ser a evolución da contratación indefinida e a xornada completa en Galicia?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/09/2017 14:23:31**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 28/09/2017 14:23:39**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 28/09/2017 14:23:45**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/09/2017 14:23:53**

**Marta Rodriguez Arias na data 28/09/2017 14:23:59**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 28/09/2017 14:24:12**

**María Soraya Salorio Porral na data 28/09/2017 14:24:24**

**Raquel Arias Rodríguez na data 28/09/2017 14:24:30**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 28/09/2017 14:24:38**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17729
Data envío: 28/09/2017 14:26:48.079

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta,** para a súa resposta oral na Comisión 6.ª, **relativa ao Plan Industrial de Navantia**

En abril de 2016 os diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados aprobaron, a instancias do grupo parlamentario de En Marea, e por unanimidade, unha Proposición non de lei na que se instaba ao Goberno, á SEPI e a Navantia a que adoptasen as medidas necesarias para negociar un plan industrial viable para os estaleiros galegos.

Este Plan Industrial debería definir a carga de traballo, ampliando a oferta para a construción de buques do sector civil, incorporando novas actividades, como as enerxías renovables.

Tamén se solicitou un plan financeiro para garantir os recursos necesarios para manter a actividade, incluíndo un plan de investimentos e en I+D. Así mesmo, neste acordo esixíase un plan laboral que asumise a necesaria substitución xeracional no persoal, adaptándoo ás novas necesidades do Estaleiro 4.0 e que se regulase e se fidelizara a industria auxiliar.

Pese que tanto a parte social como a empresarial defenden a aplicación do plan, e ata coinciden nos principais alicerces sobre os que debe sustentarse, as conversacións para o desenvolvemento do programa continúan sen arrincar. A día de hoxe a situación segue a ser a mesma e non se adoptaron as medidas

necesarias para iniciar as negociacións entre o Goberno, a empresa e as e os representantes legais dos traballadores para a elaboración do citado plan industrial.

Os últimos balances contables de Navantia arroxan  datos económicos negativos, con perdas en 2015 que roldan os 168 millóns de euros e en 2016 de 230 M€.

Estas dificultades económicas non se deben só á falta de carga de traballo, a empresa non ten capacidade para dar resposta aos contratos asinados, ao carecer de capacidade de xestión, tanto no financeiro como no laboral.

Nos últimos anos as políticas levadas a cabo polo PP están a provocar o afogamento do sector público industrial, acrecentado pola falta de partidas necesarias nas sucesivas Leis Xerais de Orzamentos dende o ano 2012.

Pola súa banda o Goberno da Xunta de Galicia segue coa súa política de portadas da prensa amiga cando hai algunha noticia positiva, nas que non ten nada de que presumir dada a súa total inhibición sobre a xestión de Navantia, desatendendo as múltiples iniciativas deste grupo nas que instabamos a solicitar ao Goberno do Estado a presenza da Xunta no Consello de Administracion de Navantia dado o seu carácter estratéxico para as políticas industriais en Galicia. Por contra, cando hai noticias negativas ou ausencia de noticias, como é no caso do desenvolvemento do imprescindible Plan Industrial, esconde a cabeza como a avestruz alegando non ter competencias.

O Plan Industrial de Navantia, anunciado pola compañía e a SEPI hai máis de 7 meses, e como xa mencionamos aprobado no Congreso hai ano e medio, segue nas pavías, e ante esta inacción do Goberno do Estado e a indiferenza do Goberno da Xunta, Navantia queda abandonada á súa sorte. É incomprensible

tanta incompetencia e tanta pasividade ante a deterioración da compañía.

Tamén é incompresible que os responsables do PP en Galicia e en Madrid non saiban ver os enormes valores tecnolóxicos e industriais de Navantia Fene e Ferrol un estaleiro de primeiro nivel mundial.
A súa aversión cara ao público lévalles mesmo a deostar de maneira ignorante e indignante aos profesionais, técnicos e traballadores destes estaleiros deixándoos ante a opinión pública como unha rémora social que só vive do maná do Estado.
A ignorancia curase lendo e, se lesen as publicacións de maior prestixio do sector naval a nivel internacional, verían que por exemplo os últimos desenvolvementos de enxeñaría naval e de propulsión mixta de Navantia Ferrol e Fene como son os barcos de asalto anfibio, LHD na nomenclatura internacional, como o recentemente entregado á armada Australiana HMAS Adelaide, son considerados os de superior operatibilidade e prestacións no mundo, superando aos seus competidores desenvolvidos por estaleiros franceses ou estadounidenses.

Ante esta inacción, do Goberno do Estado e da dirección da compañía, a Xunta de Galicia debería de ser proactiva adiantando todos aqueles trámites que van ser imprescindibles para a concreción do Plan Industrial.

A materialización do Estaleiro 4.0 é un proxecto que requirirá de varios anos de execución, en concreto máis dun lustro, polo que, aínda que se puxese en marcha de inmediato, non estaría listo para arrincar cando se inicie o programa de construción das futuras fragatas F-110 para a Armada española que podería dar vida e carga de traballo aos estaleiros por un prazo de 10 anos.

E dentro dese proxecto de Estaleiro 4.0 a peza crave é o imprescindible dique seco cuberto que permite a integración da fabricación nun mesmo espazo e a automatización de moitos procesos.

A súa localización tamén esta clara, non hai outra alternativa, na dársena de Caranza pertencente ao estaleiro de Ferrol. Esta localización ten moitas afectacións ambientais, polo que o estudo de impacto ambiental e as medidas para palialas será moi complexo. Por iso urxe polo en marcha de inmediato e non perder máis tempo. Non valen as escusas de que aínda non se publicou o Plan Industrial. Ante a inacción neglixente doutras administracións a Xunta de Galicia ten que actuar con responsabilidade e dilixencia.

Por todo o exposto, **En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

1.- Activou a Xunta de Galicia algunha estratexia ou actuación para poñer en marcha o estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza?

2.- Ten a Xunta de Galicia información de cando se van iniciar as negociacións entre o Goberno, a SEPI, Navantia e a representación dos traballadores para rematar o imprescindible Plan Industrial?

3.- A Xunta de Galicia vai trasladar ao Goberno o seu interese de estar representada en esas negociacións?

4.- Ten a Xunta de Galicia información de cando se estima rematar, publicar e poñer en marcha o Plan Industrial?

5.- Ten a Xunta de Galicia información do financiamento necesario para desenvolver o Plan industrial e como se vai financiar?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17729
Data envio: 28/09/2017 14:26:48.079

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 28/09/2017 14:25:51**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17732
Data envio: 28/09/2017 14:36:38.597

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Antonio Mouriño Villar, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Na actualidade atópase en tramitación o Plan Estatal de vivenda 2018-2021 e segundo o seu borrador as liñas básicas serán as seguintes:

O impulso e mellora das axudas o alugueiro, o fomento do Parque de vivenda en alugueiro, axudas a persoas afectadas por desafiuzamentos, fomento da rehabilitación, eficiencia enerxética, rexeneración e renovación urbana, axudas para o acceso a vivenda e aos mozos, axudas a persoas mariores, así como a subsidiación dos préstamos concedidos ao abeiro dos plans de vivenda anteriores.

Este Plan de Vivenda, será desenvolvido nosa Comunidade autónoma, mediante o oportuno convenio co Ministerio de Fomento que o desenvolva.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

-Cales son as liñas do Plan de Vivenda que a Xunta levará a cabo en desenvolvemento do programa marco do Ministerio de Fomento?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 28/09/2017 14:26:27**

**Martín Fernández Prado na data 28/09/2017 14:26:43**

**Antonio Mouriño Villar na data 28/09/2017 14:26:59**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Marta Novoa Iglesias na data 28/09/2017 14:27:19**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 28/09/2017 14:27:35**

**Gonzalo Trenor López na data 28/09/2017 14:32:51**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/09/2017 14:33:03**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:37
Nº Rexistro: 17809
Data envio: 28/09/2017 16:37:34.154

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Lei 7/1085, de 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local establece que as comunidades autónomas poden, previa audiencia da Administración do Estado e dos concellos e deputacións afectados crear, mediante lei, áreas metropolitanas.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as áreas metropolitanas son entidades locais integradas polos municipios de grandes aglomeracións urbanas entre cuxos núcleos de poboación existan vinculacións económicas e sociais que fagan necesaria a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras.

O 21 de decembro de 2015 desenvolveuse unha reunión dos alcaldes e alcaldesa dos Concellos de A Coruña e dos concellos que conforman a aglomeración urbana ao redor do Concello da Coruña (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada) co fin de formular os obxectivos comúns que se pretenden acadar.

O 7 de xaneiro de 2016, desenvolveuse outra xuntanza na que se constituíron cinco mesas de traballo sobre temáticas comúns: biodiversidade; urbanismo; transporte e mobilidade; xestión de residuos e xestión da auga.

O 20 de outubro de 2016 os alcaldes e a alcaldesa dos concellos da Coruña, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada asinaron a “Declaración de María Pita”, como manifestación institucional e compromiso das distintas corporacións asinantes (e aquelas que se adhiran posteriormente se é a súa vontade) para impulsar a creación da Área Metropolitana da Coruña (AMAC).

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Neste intre, está pendente a aprobación desta declaración nalgúns dos plenos dos concellos asinantes.

Por iso as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Á vista da aprobación dos orzamentos para o exercicio 2018, que contía orzamentaria vai consignar o Goberno galego para a Área Metropolitana da Coruña?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/09/2017 16:26:53**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/09/2017 16:27:02**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/09/2017 16:27:12**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/09/2017 16:27:23**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:39
Nº Rexistro: 17810
Data envío: 28/09/2017 16:39:53.305



Á Mesa do Parlamento



Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A Lei 7/1085, de 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local establece que as comunidades autónomas poden, previa audiencia da Administración do Estado e dos concellos e deputacións afectados crear, mediante lei, áreas metropolitanas.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as áreas metropolitanas son entidades locais integradas polos municipios de grandes aglomeracións urbanas entre cuxos núcleos de poboación existan vinculacións económicas e sociais que fagan necesaria a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras.

O 21 de decembro de 2015 desenvolveuse unha reunión dos alcaldes e alcaldesa dos Concellos de A Coruña e dos concellos que conforman a aglomeración urbana ao redor do Concello da Coruña (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada) co fin de formular os obxectivos comúns que se pretenden acadar.

O 7 de xaneiro de 2016, desenvolveuse outra xuntanza na que se constituíron cinco mesas de traballo sobre temáticas comúns: biodiversidade; urbanismo; transporte e mobilidade; xestión de residuos e xestión da auga.

O 20 de outubro de 2016 os alcaldes e a alcaldesa dos concellos da Coruña, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada asinaron a “Declaración de María Pita”, como manifestación institucional e compromiso das distintas corporacións asinantes (e aquelas que se adhiran posteriormente se é a súa vontade) para impulsar a creación da Área Metropolitana da Coruña (AMAC).

Neste intre, está pendente a aprobación desta declaración nalgúns dos plenos dos concellos asinantes.

Á vista destes datos, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Que pasos está a dar a Xunta de Galicia para impulsar a materialización da Lei da área metropolitana da Coruña?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/09/2017 16:25:59**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/09/2017 16:26:08**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/09/2017 16:26:17**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/09/2017 16:26:29**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 17:35
Nº Rexistro: 17814
Data envío: 28/09/2017 17:35:34.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado catorce de xullo o Concello de Baiona iniciou a exposición pública do proxecto de Plan Especial de Dotación e Infraestruturas As Costeiras (P.E.-4) do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Baiona

No documento publicado establécese como acaída a expropiación, ao corresponder a dotación a servizos xerais, cuantificando a mesma en tres euros o metro cadrado, para un total de 2.027.965 €.

A inquietude da poboación na parroquia de Baredo, onde se ubicaría un campo de golf dentro deste Plan Especial, ten sido elevada, toda vez que no mesmo prodúcense serios inconvintes para o benestar dos veciños e veciñas.

No estudo económico do Plan Especial determínase que o custe de expropiación non será reembolsado pola concesión ou xestión da infraestrutura, toda vez que se determina un canon anual durante trinta anos de 30.000 €.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 17:35
Nº Rexistro: 17814
Data envio: 28/09/2017 17:35:34.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta de Galiza colaborar economicamente na expropiación de 700.000 metros cadrados de montes comunais para a construción dun campo de golf no Concello de Baiona?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Noa Presas Bergantiños**
**Ana Belén Pontón Mondelo**
**Olalla Rodil Fernández**
**Montserrat Prado Cores**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 17:34:25**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 17:34:30**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 17:34:32**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 17:34:33**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 17:35
Nº Rexistro: 17814
Data envio: 28/09/2017 17:35:34.065

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 17:34:35**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 17:34:36**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 17:38
Nº Rexistro: 17820
Data envío: 28/09/2017 17:38:29.487

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Os veciños e veciñas da contorna da estación de autobuses de Ourense, a través da Asociación de Veciños "As Termas", amosaron en numerosas ocasións a súa preocupación a medida que avanza o proxecto de traslado da mesma á futura Estación Intermodal do AVE, polo destino do futuro do solar no que se sitúa na actualidade esta infraestrutura.

Na zona da estación de autobuses residen preto de 1.000 persoas, nos bloques de vivendas sociais situadas ao lado da estación, que se verán afectadas de xeito directo polos usos urbanísticos que se prevén para o desenvolvemento da zona.

Antes da construción no seu día da actual estación de autobuses de Ourense, procedeuse á sinatura dun contrato de cesión do solar por parte do promotor das vivendas sociais da zona ao Concello de Ourense establecendo como uso para o solar precisamente o de ser a central de conexión de liñas de autobuses que ata o de agora coñecemos, xestionado na actualidade pola Xunta de Galicia.

No novo PXOU, a zona actualmente ocupada pola estación de autobuses, recóllese como Zona Verde / Espazo Libre, polo cal permitiría sen ter que executar ningún tipo de modificación urbanística ou de uso, a execución dun proxecto redactado a efectos de construír un parque público para uso e desfrute dos veciños da zona, que sexa complementario aos existentes na zona (Parque do Peco e Traseiras do Centro Cívico da Ponche, Parque de San Rosendo, Parque de Xesús Pousa, etc.) e que poida estar dotado de zonas novidosas e de esparexemento para a veciñanza do barrio, e por extensión de toda a cidade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

No Pleno do Concello de Ourense celebrado o 3 de xuño de 2016, acordouse por unanimidade unha moción do Grupo Socialista no que se "instaba ao Goberno municipal a que proceda a solicitar á maior brevidade posible informes técnicos e xurídicos necesarios para a revisión e redacción dun novo contrato de cesión coa persoa ou entidade xurídica que represente os dereitos de cesión sobre os terreos anteriormente sinalados, co fin de que, unha vez trasladada a actual estación de autobuses, se poida materializar unha nova cesión para a construción dun parque público nese contorna. Así como no que se "instaba ao Goberno municipal a que consensuara cos grupos municipais representados na corporación, técnicos, e funcionarios da Concellería de Medio Ambiente, e representantes veciñais do Barrio do Pino, ideas e propostas co fin de encargar un proxecto integral e adaptado ás necesidades da zona, para a construción do novo parque público non barrio".

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A que uso ten previsto dedicar no futuro a Xunta de Galicia os terreos nos que na actualidade se atopa a estación de autobuses de Ourense, cando se produza o traslado da mesma á futura Estación Intermodal do AVE?
2. Ten previsto o Goberno galego construír un parque público nos terreos nos que actualmente se sitúa a estación de autobuses de Ourense?
3. Comunicou o Concello de Ourense á Xunta de Galicia o acordo plenario, acadado no pleno celebrado o pasado 3 de xuño de 2016, para a construción dun parque público nos terreos nos que actualmente se sitúa a estación de autobuses de Ourense?
4. En caso afirmativo, cando tivo lugar dita comunicación?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 17:38
Nº Rexistro: 17820
Data envío: 28/09/2017 17:38:29.487

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 28/09/2017 17:15:40**

**Raúl Fernández Fernández na data 28/09/2017 17:28:49**

**María Luisa Pierres López na data 28/09/2017 17:28:54**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/09/2017 17:28:59**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Patricia Vilán Lorenzo, Mª Dolores Toja Suárez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

No noso país temos normativa sobre a xestión dos pneumáticos fóra de uso dende o ano 2005, isto é, o RD 1619/2005 e o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2020. Non obstante, toda a xeración de pneumáticos ao final da súa vida útil é tratada fóra de Galicia, fundamentalmente en Castela León e Portugal, a pesar de que en Galicia contamos con plantas autorizadas para a súa valorización final.

No mes de maio de 2016, dicía a Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que, en 3 meses se iniciarían os traballos para a retirada das toneladas de pneumáticos usados en depósitos da nosa Comunidade, en concreto, en Fene, As Somozas e A Laracha. Non obstante, as 35.000 toneladas de rodas amoreadas en "Cerámica Campo", en Lendo-A Laracha, seguen alí, non sabemos se con vixilancia e co cumprimento dos requisitos básicos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Iniciáronse xa os traballos para a retirada das toneladas de pneumáticos usados en Lendo-A Laracha?
2. Sabe o Goberno da Xunta de Galicia se as 35.000 toneladas de rodas amoreadas en "Cerámica Campo" seguen alí?
3. Se a resposta anterior fose positiva, cúmprense os requisitos de vixilancia?

4. Cando vai retirar o Goberno as toneladas de pneumáticos usados en Lendo-A Laracha?

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Mª Dolores Toja Suárez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/09/2017 17:39:38**

**María Dolores Toja Suárez na data 28/09/2017 17:39:43**

**Raúl Fernández Fernández na data 28/09/2017 17:39:51**

**María Luisa Pierres López na data 28/09/2017 17:39:58**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 17:48
Nº Rexistro: 17826
Data envío: 28/09/2017 17:48:45.412

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez,** deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención sanitaria en Soutelo de Montes foi obxecto de preocupación no Parlamento de Galicia por parte do Grupo Socialista, ao fío das demandas existentes na cidadanía de Soutelo que, baixo as ameazas e constantes indicios de retirada do servizo, mobilizáronse para demandar manter o servizo do seu centro de saúde co persoal e recursos necesarios. As continuas non substitucións de persoal do centro de saúde prexudican, de maneira obvia, a calidade asistencial da cidadanía de Soutelo e acumula esperas e perda de eficiencia no servizo.

Os debates parlamentarios e as respostas do Goberno galego ao respecto amosaron a perspectiva de non percibir problemáticas respecto da atención sanitaria, así como a relativización dos problemas veciñais que teñen sido reclamados. Entre outros exemplos, a resposta da Xunta de Galicia emitida o 26 de setembro de 2017, en resposta á pregunta parlamentaria do grupo socialista, sinala a existencia de 2 profesionais cando só 1 atendeu durante estes últimos tempos.

Os recentes meses de verán amosaron, unha vez máis, os problemas de persoal en torno a este centro de saúde de Soutelo, coa supresión dun facultativo dos que atendía á veciñanza. Evidenciouse por parte da Xunta de Galicia unha ampla pasividade para resolver a situación.

Sobre esta cuestión, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que medida foi cuberto o facultativo suprimido do Centro de Saúde de Soutelo de Montes? Cantos e cantas profesionais e con que tipo de contratos se cubriu esta baixa?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2. Cantas emerxencias tiveron que ser atendidas no Centro de Saúde de Soutelo de Montes entre o 1 de xullo e o 15 de setembro?

3. Cantas cartillas ten asignadas o Centro de Saúde de Soutelo de Montes e que ratio estima a Xunta de Galicia para estimar o volume de persoal destinado ao centro de saúde?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 28/09/2017 17:47:48**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/09/2017 17:47:54**

**Noela Blanco Rodríguez na data 28/09/2017 17:47:58**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 10:19
Nº Rexistro: 17845
Data envío: 29/09/2017 10:19:47.869

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.ª.**

A Insua dos Poetas, situada na parroquia de Madarnás, na que se investiu moito diñeiro público, tanto da Xunta como da Deputación de Ourense, na que se efectuaron moitas obras con persoal e maquinaria, e tamén labores de desbroce e plantación con persoal da Xunta, foi considerada Fundación no ano 2013.

A fundación, presidida por González Tosar, conta con representantes do mundo das letras e as artes, así como amigos persoais do poeta. A finalidade é conseguir un proxecto singular no que nun espazo en plena natureza, a literatura dialogue coas artes plásticas.

A nosa comunidade ten artistas ben significativos que nos enchen de orgullo, o que non é óbice para reclamar o que é lexítimo: coñecer se o espazo (onde se ubican algunhas das obras referidas) é público ou privado.

A veciñanza non se opón ás iniciativas literarias, escultóricas ou medio ambientais que promove a "Fundación Insua dos Poetas", pero pensa que sería do agrado de toda a cidadanía do Carballiño coñecer a xestión coa transparencia debida.

O Carballiño é un Concello con moita actividade cultural, grazas ás dinámicas que crean múltiples asociacións que desinteresadamente as promoven con escasos recursos..

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 10:19
Nº Rexistro: 17845
Data envio: 29/09/2017 10:19:47.869



Son conscientes das carencias da Casa da Cultura, da Biblioteca e do parque municipal. A Fábrica de Papel non abre como museo pola falta de orzamentos, o Museo etnográfico do Muíño das Lousas está pechado por falla de persoal, os grupos musicais non teñen local de ensaio… e ven como se invisten recursos a 4 quilómetros nunha finca particular (mentres non se demostre o contrario) e que supón gastos extras, por exemplo en transporte para levar a posibles usuarios.

Dende En Marea cremos que a adquisición de obras por parte dunha administración democrática ten que ser transparente.

A adquisición de esculturas para desenvolver o patrimonio galego a través de proxectos escultóricos parécenos de grande interese para promocionar, facer visible e impulsar dunha forma importante o patrimonio escultórico de Galicia. Pero, para dar resposta á demanda das veciñas e veciños facemos as seguintes preguntas:

1.ª) Canto se leva investido?
2.ª) Falamos de escultura pública galega ou ao estar en espazo privado falamos de orzamentos públicos para desenvolver proxectos privados?
3.ª) A ubicación das obras é un espazo onde se entabla unha complexa e sutil relación coa cidadanía, espectadora que a transita. Lugar natural con novas posibles dimensións. Idea estimulante e necesidade de saber para quen e con que recursos se adquire?
4.ª) Cal é a súa misión?
5.ª) Por que non hai unha páxina da Fundación onde consultar e coñecer con transparencia ás súas memorias de actividades e os seus orzamentos públicos?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Luca Chao Pérez
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 29/09/2017 10:17:58**

**Luca Chao Pérez na data 29/09/2017 10:18:08**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 12:03
Nº Rexistro: 17852
Data envío: 29/09/2017 12:03:23.813

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

Sandra Vázquez Domínguez, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Moisés Blanco Paradelo, Diego Calvo Pouso, María Isabel Novo Fariña, María Antón Vilasánchez e Cristina Romero Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O emprendemento, especialmente o industrial e o innovador, é fundamental para consolidar a reactivación da economía e a creación de emprego en Galicia. A Xunta de Galicia apoia especialmente ás persoas mozas con vocación empresarial, aos novos empresarios e aos empresarios con vocación de explorar novas liñas de negocio, especialmente no eido industrial.

O goberno galego segue a traballar no eido emprendedor para seguir reforzando as novas vocacións empresariais e a creación de novas empresas en Galicia.

Nos últimos anos as aceleradoras de empresas teñen funcionado como un piar fundamental para a economía galega, con exemplos de éxito como Vía Galicia, Agriobiotech ou Galicia Open Future.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a maioría absoluta nas eleccións autonómicas de 2016 adquirimos o compromiso de ampliar esa rede a través do desenvolvemento dun convenio coa Escola de Organización Industrial (EOI) que pretende poñer en marcha diferentes espazos *coworking*.

Polo exposto anteriormente, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión.

-Cales teñen sido os resultados da posta en marcha de aceleradoras de empresas en distintos puntos de Galicia e cales son as previsións para a súa extensión?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 12:03
Nº Rexistro: 17852
Data envio: 29/09/2017 12:03:23.813

**Sandra Vázquez Dominguez na data 29/09/2017 11:45:53**

**Marta Novoa Iglesias na data 29/09/2017 11:46:15**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/09/2017 11:46:45**

**Moisés Blanco Paradelo na data 29/09/2017 11:47:19**

**Diego Calvo Pouso na data 29/09/2017 11:47:28**

**María Isabel Novo Fariña na data 29/09/2017 11:47:40**

**Maria Antón Vilasánchez na data 29/09/2017 11:49:28**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 29/09/2017 11:49:41**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 12:03
Nº Rexistro: 17853
Data envío: 29/09/2017 12:03:42.688

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Diego Calvo Pouso, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral na Comisión 6ª , Industria, Enerxía, Comercio, Turismo.**

Tal é a importancia que a innovación está tendo en todos os eidos da nosa sociedade que foi incorporada nas Directivas Europeas de contratos públicos, aprobadas o 26 de febreiro de 2014, como unha nova política pública de impulso deste recurso co obxectivo de crecer e mellorar o benestar da cidadanía sobre a base do coñecemento, que está a piques de ser transposta ao ordenamento xurídico de España cunha nova lei.

Deste xeito, tanto a investigación como a innovación, incluídas a innovación ecolóxica e a innovación social, atópanse entre os principais motores do crecemento futuro e ocupan un lugar central da Estratexia Europa 2020, na que queda perfectamente contemplado que "*todas as autoridades públicas europeas teñen a responsabilidade de favorecer a innovación cando producen e consumen bens e servizos*".

É para elo, contan cunha ferramenta esencial para estimular novas solucións tecnolóxicas: a "contratación pública de bens e servizos sustentables e innovadores, que ao mesmo tempo axudará a crear postos de traballo e a aumentar a competitividade da industria e das PEMES, así como a mellora da eficiencia e a calidade dos servizos públicos”. Así pois, referímonos ao coñecido como Compra Pública Innovadora.

A política de innovación en Galicia para o período 2014-2020, coordinada pola Axencia Galega de Innovación, quedou establecida na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), documento que xa recolle un instrumento de actuación específico de apoio á Compra Pública Innovadora.

Si no panorama europeo, España está sendo líder neste eido, temos que afirmar que Galicia foi unha das comunidades pioneiras en incorporar e en desenvolver proxectos de impulso á Compra Pública Innovadora.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/09/2017 12:03
Nº Rexistro: 17853
Data envío: 29/09/2017 12:03:42.688

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Tendo en conta o anteriormente exposto os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta :

-Cales son as actuacións de impulso á innovación das empresas postas en marcha desde a administración autonómica a través da compra pública innovadora?

Santiago de Compostela, 29 setembro de 2.017

Con formato: Izquierda

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 29/09/2017 11:59:33

Marta Novoa Iglesias na data 29/09/2017 11:59:45

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/09/2017 12:00:04

Maria Antón Vilasánchez na data 29/09/2017 12:00:18

María Isabel Novo Fariña na data 29/09/2017 12:00:43

Cristina Isabel Romero Fernández na data 29/09/2017 12:00:59

Diego Calvo Pouso na data 29/09/2017 12:01:19

Sandra Vázquez Dominguez na data 29/09/2017 12:02:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela** e **Mª Dolores Toja Suárez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

O problema da falta de produtividade marisqueira na ría de Arousa, particularmente na zona dos Lombos do Ulla, aínda que tamén no Bohido e Cabío, ten sido obxecto de debate parlamentario nesta lexislatura, coa presentación de diversas iniciativas que pretenderon chamar a atención sobre este déficit de produtividade e as posibles medidas a levar a cabo. A pesar de que todas elas foron sistematicamente rexeitadas, ben polo Goberno galego nos debates de control ou ben polo Grupo Popular nas iniciativas de impulso, a realidade é que a produción desta ría cae progresivamente ano a ano e as persoas traballadoras do sector están especialmente preocupadas polo futuro do traballo. Os permisos de explotación teñen caído máis dun 40 % en Galicia dende o ano 2009, e a maioría destas perdas déronse respecto da ría de Arousa.

Recentemente, a Consellería do Mar notificou ás confrarías os resultados das investigacións realizadas que reafirman a perda de produtividade. Existen numerosas posibles explicacións, que afectan e inclúen a cuestións dende o furtivismo ata a ausencia de plans de rexeneración.

É preciso realizar tarefas proactivas sobre o nivel de produtividade, e a partir de aí poder desenvolver medidas concretas que poidan contribuír a mellorar o escenario.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que causas considera a Consellería de Mar que son explicativas da perda de produtividade marisqueira da ría de Arousa?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2. Que medidas ten prevista a Consellería de Mar sobre a perda de produtividade marisqueira da ría de Arousa?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Mª Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicai

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 29/09/2017 17:22:05**

**María Dolores Toja Suárez na data 29/09/2017 17:22:10**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

No ano 2009, a UE aprobaba unha Directiva (do Parlamento Europeo) sobre uso de praguicidas e a saúde humana, directiva que logo o Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, incorporou á lexislación española. O artigo 30 deste real decreto fai referencia á precisa priorización de produtos fitosanitarios para evitar a contaminación das augas, de maneira que, cando xurda un risco, se dará prioridade ao uso de produtos fitosanitarios non clasificados como perigosos para o medio acuático.

Se un circula polas estradas de Galicia, observa fumigacións indiscriminadas, aplicacións masivas de fitosanitarios de acción herbicida sobre quilómetros e quilómetros das redes de vías férreas e estradas estatal, autonómica e provinciais. E non sabemos si tales fumigacións foron realizadas con produtos autorizados pola lexislación vixente e se foron coñecidas e autorizadas pola Xunta de Galicia.

A propia Sociedade Galega de Historia Natural ten manifestado a diferentes institucións a súa preocupación, tendo en conta, fundamentalmente, as especiais características do rural galego (explotacións agrícolas familiares para autoconsumo, multitude de mananciais e pozos empregados para consumo humano, gando en réxime extensivo ou explotacións apícolas dispersas).

Din que, aínda que habitualmente se aplica unha mestura de varios produtos, o herbicida máis utilizado nestes tratamentos é o glifosato, respecto ao que existen dúbidas razoables sobre a súa presunta inocuidade segundo os últimos estudos da OMS: “Hai probas convincentes de que o glifosato pode causar cancro en animais e hai probas limitadas de carcinoxenicidade en humanos (linfoma no Hodgkin)”.

Tanto é así, que ata varios concellos en Galicia teñen aprobado no seu Pleno a decisión de deixar de usar glifosato; así, Ames, Ponteareas, Marín, Poio, Arzúa ou Nigrán.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai abandonar o Goberno galego o uso de herbicidas con glifosato en lugares públicos e substituílos por métodos alternativos non contaminantes nin perigosos para a saúde e o medio ambiente?
2. Son coñecidas pola Xunta de Galicia estas fumigacións indiscriminadas?
3. Son autorizadas pola Xunta de Galicia estas fumigacións indiscriminadas?
4. Foron realizadas con produtos autorizados pola lexislación vixente?
5. Sabe o Goberno se o herbicida utilizado nestes tratamentos foi o glifosato?

Pazo do Parlamento, 28 de setembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 29/09/2017 17:25:10**

**Raúl Fernández Fernández na data 29/09/2017 17:25:15**

**María Luisa Pierres López na data 29/09/2017 17:25:22**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 10:35
Nº Rexistro: 17957
Data envío: 02/10/2017 10:35:26.785

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.ª,** sobre a necesidade de convocar un novo proceso das cualificacións profesionais.

No DOG do pasado 19 de xaneiro, saíu publicada a orde de 30/12/2016 que convoca o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia profesional.

Na argumentación do comunicado de solicitude de avaliadores para este proceso da Dirección Xeral de Ordenación Forestal do pasado 10 de xaneiro, cítase a Proposición non de lei, presentada pola CIG a distintos grupos parlamentares e debatida neste Parlamento en xaneiro do ano 2016 onde se instaba ao goberno galego a proceder a acreditación profesional dos traballadores do dispositivo.

A cualificación profesional á que se opta é (70 prazas) :

Operacións de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural SEAD 595_2" e esta dividido nas seguintes Unidades de Competencia:

1. U.C1964_2: Executar labores de vixilancia e detección de incendios forestais, mantemento de infraestruturas de prevención e extinción, e informar á poboación.

2. UC0272_2: Asistir como primeiro intervinte en caso de accidente ou situación de emerxencia.
3. UC1966_2: Realizar labores de apoio en continxencias no medio natural e rural.
4. UC1965_2: Executar operacións de extinción de incendios forestais.

Dende En Marea, solicitamos da administración que convoque á maior brevidade un novo procedemento de recoñecemento das competencias profesionais por dúas razóns fundamentais:

A primeira, a importantísima demanda que se produciu coa primeira convocatoria -neste ano 2017-, onde se superaron con moito as cincocentas solicitudes nu proceso onde ao noso entender non se lle deu a suficiente difusión.

A segunda razón é que se debe facilitar o proceso de certificación profesional a todo o persoal do SPDCIF, así como unha formación axeitada as súas competencias laborais.

A maiores, instamos á Xunta a dar a formación necesaria e esixida por lei ás traballadoras e traballadores do SPDCIF, sobre todo no referente ás U.C. 1966_2 e 0272_ 2, U.C completamente regradas a nivel formativo a día de hoxe e imprescindíbeis para o desenrolo da profesión.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 10:35
Nº Rexistro: 17957
Data envío: 02/10/2017 10:35:26.785

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Cal é o motivo polo que non se convocan as cualificacións profesionais que abarque a todo o dispositivo do SPDCIF (2000 prazas), tal e como se fixo noutras comunidades do Estado?

Santiago de Compostela a 29 de setembro de 2017

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputados do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 02/10/2017 10:31:16**

**Paula Quinteiro Araújo na data 02/10/2017 10:31:28**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 10:44
Nº Rexistro: 17963
Data envío: 02/10/2017 10:44:04.442

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Galicia ten dúas linguas, galego e castelán, e unha Lei de normalización lingüística dende o 15 de xuño de 1983. Esta lei di, no seu artigo 7.3, que a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza.

O uso da nosa lingua na Xustiza é absolutamente residual e non hai datos oficiais actualizados, nin sequera cando se lle piden expresamente ao Goberno da Xunta de Galicia. Así o ten feito este Grupo Parlamentario, obtendo como resposta vaguidades:

1.- O servizo de tradución corre a cargo dos equipos lingüísticos existentes na sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (na Coruña), así como nas sedes das audiencias provinciais de Pontevedra, Lugo e Ourense. Tamén existen outros equipos de apoio nos decanatos dos Xulgados de Santiago e de Vigo, e un departamento de coordinación dos equipos lingüísticos na Dirección Xeral de Xustiza. Estes profesionais non só traducen, senón que tamén desenvolven tarefas de asesoramento, resolución de dúbidas ou elaboración de material de consulta.

2.- No que atinxe á actividade dos letrados e letradas da Xunta de Galicia, se coidará especialmente que as actuacións da Asesoría Xurídica que se produzan fronte aos órganos xurisdicionais radicados no territorio de Galicia se realicen en galego.

3.- Por último, no que se refire a sentenzas e documentación xudicial, a xestión e custodia destes documentos corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai potenciar o Goberno galego o labor dos tradutores xudiciais para axudar a resolver o escaso uso do galego na Administración de Xustiza en Galicia?

2. Cantas sentenzas se teñen ditado en galego en Galicia no ano 2016 e no que vai de ano 2017?

3. Cantas demandas en galego teñen presentado os letrados da Xunta de Galicia no ano 2016 e no que vai de ano 2017?

4. Cantos escritos de acusación en galego ten presentado o Goberno galego, como acusación particular, no ano 2016 e no que vai de ano 2017?

5. Cantas peticións de tradución polos tradutores xudiciais se teñen recibido en 2016 e no que vai de ano 2017?

Pazo do Parlamento, 02 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 02/10/2017 10:41:09**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 10:44
Nº Rexistro: 17963
Data envío: 02/10/2017 10:44:04.442

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Maria de la Concepción Burgo López na data 02/10/2017 10:41:14**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/10/2017 10:41:22**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/10/2017 10:41:27**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta na **Comisión 5ª.**

A dotación de prazas de centro de día e residenciais en Folgoso do Courel para a atención á terceira idade é unha reivindicación histórica do municipio, que non conta con recursos deste tipo.

En 2007 tentouse levar adiante un proxecto de residencia e centro de día, utilizando o edificio do colexio de Folgoso do Courel.

No ano 200, a Xunta concedeu unha subvención ao Concello de Folgoso do Courel (Resolución do 6 de marzo de 2007 pola que se publican as subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 8 de marzo de 2006) para a reforma e acondicionamento do antigo colexio de Folgoso para "centro de día e mini-residencia", por importe de 100.000 €.

Ese mesmo ano 2007, na Resolución do 5 de marzo de 2007 pola que se publican as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2004 pola que se regulan axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, concédense ao Concello de Folgoso do Courel 6000 € para equipamento informático e mobiliario.

A idea inicial contemplaba unha reforma integral do colexio, mais esta desbotouse.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

En marzo de 2011, na campaña das municipais, o PP anunciou que retomaría o proxecto e en 2012, previamente á campaña das eleccións galegas, Beatriz Mato promete, xunto á alcaldesa do Courel, retomar o proxecto do centro de día e residencia por parte da Xunta.

Finalmente, sobre o proxecto inicial de 24 prazas, anúnciase unha ampliación por parte da Deputación de Lugo e do Concello de Folgoso do Courel, que asumen o proxecto do centro de día e residencia da terceira idade. Trinta das cincuenta prazas do futuro edificio de servizos para a terceira idade serán de residencia e vinte de centro de día.

Folgoso do Courel ten unha das taxas de envellecemento máis elevadas de Galicia.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

1. Cal foi o destino dos 100.000 € concedidos na subvención do ano 2007?

2. Corresponde a axuda de 6000 € concedida en 2007 coa compra de mobiliario do centro de día? Coñece a Xunta que destino tivo o mobiliario mercado para a residencia e centro de día e que logo desapareceu do centro?

3. Ten previsto a Xunta algunha actuación no eido de dotación de prazas públicas residenciais e de centro de día para persoas maiores e dependentes no Concello de Folgoso de Courel?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 10:49
Nº Rexistro: 17965
Data envio: 02/10/2017 10:49:26.412

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 02/10/2017 10:48:28**

**Luis Villares Naveira na data 02/10/2017 10:48:36**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 11:19
Nº Rexistro: 17979
Data envío: 02/10/2017 11:19:00.875

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Luís Villares Naveira,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª,** sobre o reforzo da atención sanitaria no Courel.

Este verán de 2017, as prazas dos médicos de familia e de dúas enfermeiras dos centros de saúde de Folgoso do Courel non foron substituídas na súa totalidade durante as vacacións do persoal titular, co cal, en xullo e agosto só quedou un médico e unha praza de enfermeiría para os dous centros de saúde do municipio.

Deste xeito, os dous profesionais, médico e enfermeira, deberon repartir o traballo entre os dous centros de saúde existentes en Folgoso do Courel, estando 3 horas en cada un dos centros, entre os cales hai 12,6 km. Ademais, cando hai urxencias ou visitas a domicilio, os centros de saúde quedan sen persoal.

A falta de substitución das vacacións do persoal de Atención Primaria é unha constante na Sanidade Pública do noso País. Tamén é constante a oferta de contratos temporais ás profesionais do SERGAS, condenando a zonas como o Courel á falta de cobertura de prazas.

No DOG nº 42, do mércores, 1 de marzo de 2017, na Resolución do 10 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria, convocado pola Resolución do 10 de decembro de 2014, modificada pola Resolución do 24 de abril de 2015, publícase unha praza de médico de familia con destino

definitivo no Concello de Folgoso do Courel indicando como centro de saúde Seoane-Folgoso do Courel, con guión, como se fora o mesmo centro de saúde.

Neste municipio, ademais, xa non hai gardas nocturnas, sendo o centro sanitario de referencia para a poboación de Folgoso do Courel o PAC de Quiroga, a 15 km de distancia de Folgoso e a 25 km de Seoane, tardándose, no caso dalgúns lugares do municipio, máis dunha hora en chegar a dito PAC. Ademais, no traxecto dende O Courel ata o PAC de referencia, tense feito o traslado en ambulancia non medicalizada en situacións graves e téñense producido transbordos de pacientes no Alto do Boi.

Por outra parte, non se dotou ao Concello con desfibriladores, a pesares de terse acordado por unanimidade no Pleno da Corporación do 15 de decembro de 2017 a petición de tres desfibriladores á Xunta.

Neste Concello non hai servizo de pediatría ningún día á semana, tendo que desprazarse os e as nenas ao Centro de Saúde de Quiroga, onde só hai servizo de pediatría dous días á semana, de mañá.

Folgoso do Courel ten unha poboación de 1.060 habitantes (ano 2016) e cun índice de avellentamento dos máis elevados de Galicia (921,05), tendo 35 persoas en idade pediátrica. Conta con dous centros de saúde, situados nos lugares de Folgoso (cunha praza de medicina de familia, unha de enfermeiría e unha de persoal administrativo) e Seoane (co mesmo persoal). En total, segundo o SERGAS, ambos centros teñen 820 persoas aseguradas adscritas. Ademais, hai que ter en conta que a poboación do municipio aumenta durante o verán, dado a afluencia de turistas e o retorno de persoas do Courel que viven fóra habitualmente.

A cidadanía de Folgoso do Courel ten unha sensación de illamento sociosanitario, pois á falta de cobertura de baixas e permisos dos e das

profesionais nos centros de saúde, únese o escaso mantemento das estradas, as distancias e tardanza en chegar ao PAC de referencia e a situación de desabastecemento de medicinas no municipio que se produciu no ano 2016. Esta sensación provoca que mesmo xente maior con patoloxías estea pensando en marchar do Concello a outras zonas con máis servizos.

Tendo en conta as súas características, as zonas de montaña precisan políticas de "discriminación positiva" para garantir os servizos públicos, potenciando así que a cidadanía destes territorios poida vivir e traballar con dignidade, cos mesmos dereitos que o resto da poboación.

A poboación de Folgoso do Courel está neste momento mobilizada por uns servizos sociosanitarios dignos no Courel.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

1. Como vai garantir a cobertura estable das prazas de persoal sanitario dos dous centros de saúde do Concello de Folgoso do Courel?

2. Como vai garantir que ningunha aldea do Courel exceda os tempos de intervención nas urxencias sanitarias.

3. Vai a Xunta deseñar un plan para ampliar a cobertura da atención pediátrica nos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil.

4. Cando vai a Xunta atender a petición unánime do Concello de Folgoso de Courel para dotalo de tres desfibriladores externos.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017.

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Eva Solla Fernández

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 02/10/2017 11:17:45**

**Eva Solla Fernández na data 02/10/2017 11:17:53**

**Luis Villares Naveira na data 02/10/2017 11:17:59**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 11:59
Nº Rexistro: 17992
Data envio: 02/10/2017 11:59:47.525

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez,** deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta,** para a súa resposta oral na **Comisión 2.ª,** sobre as funcións que os Axentes Medioambientais deberían exercer e non poden por culpa de directrices da propia Consellería de Medio Ambiente.

Os e as Axentes Medioambientais ou  Axentes Forestais son funcionarios e funcionarias que ostentan a condición de axentes da autoridade pertencente á Administración Pública galega e que, de acordo coa súa propia normativa ten encomendadas, entre outras funcións, as de vixilancia, policía e custodia dos bens xurídicos que conforman o patrimonio natural, e a de policía xudicial en sentido xenérico tal como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de Axuizamento Criminal, actuando de forma auxiliar dos xuíces, tribunais e do Ministerio Fiscal.

Procedentes do Cuerpo Especial de Guardería Forestal del Estado e do Servicio Nacional de Caza, Pesca y Parques Nacionales dependentes no seu día do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Coa creación das Comunidades Autónomas, e como consecuencia da transferencia das competencias de Medio Ambiente ás mesmas, ditos Corpos Estatais disgréganse en 17 Copos distintos, quedando na actualidade, un reducido grupo de Axentes Ambientais no Organismo Autónomo de Parques Nacionales así como nas distintas Confederacións Hidrográficas dependentes ambos Estamentos do Ministerio de Medio Ambiente.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Na actualidade o Corpo de Axentes Medioambientais está formado por uns 540 Axentes, dos cales uns +/- 380 están adscritos á Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal, dependente da Consellería de Medio Rural. O resto, uns +/- 160 axentes, atópanse adscritos á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Distribuídos por todo o territorio galego a través de Unidades Territoriais denominadas Distritos Forestais existindo 19. As e os axentes adscritos á Consellería de Medio Rural dependen do Xefe de Distrito. As e os axentes de Medio Ambiente dependen das e dos xefes dos Servizos Provinciais de Conservación da Natureza.

Dentro do seu marco competencial vense totalmente apagados ao restarlle, a propia Consellería de Medio Ambiente, moitas das funcións atribuídas.

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª:

1. Cal é o motivo polo que a Consellería de Medio Ambiente está a ocultar e a dificultar as importantes labores de protección e conservación que fan as e os axentes medioambientais?

2. Ten pensado a señora Conselleria de Medio Ambiente reunirse co colectivo?

3. De ser afirmativa a resposta anterior...cando sería dita reunión?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 11:59
Nº Rexistro: 17992
Data envio: 02/10/2017 11:59:47.525

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Davide Estévez Rodríguez

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 02/10/2017 11:58:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 13:00
Nº Rexistro: 17998
Data envío: 02/10/2017 13:00:59.639

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo,** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.ª,** sobre o comportamento dos funcionarios de Facenda, que acoden ás explotacións "escoltados pola Garda Civil", a facer inspeccións que elevan propostas de sanción contra as colaboracións familiares nas colleitas.

Estes días, moitas labregas e labregos están a ser citados en Inspección de Traballo para verificar que recibían a colaboración de familiares ou veciñas e veciños nas labores de recollida de uva ou pataca sen haber retribución económica de por medio, co agravante de ir acompañados pola Garda Civil, o que eleva as labregas e labregos a condición de delincuentes por facer o seu traballo na terra.

Labregas e labregos galegos ven constantemente como teñen inspeccións de Facenda que elevan propostas de sanción contra as colaboracións familiares nas colleitas.

Entenden que unha práctica que se vén facendo desde sempre en Galiza, como é botarlle unha man a parentes ou veciños en intres puntuais e sen percibir ningunha renda por iso, non pode ser motivo de sanción.

As denuncias por colaboracións familiares nas colleitas de uvas e patacas son o último episodio dos problemas do agro coas administracións, onde detectamos unha serie de conflitos que buscan baleirar as rendas dos produtores.

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 13:00
Nº Rexistro: 17998
Data envio: 02/10/2017 13:00:59.639



Estase obrigando aos produtores e produtoras a realizar tramitacións, desprazamentos e perdas de tempo por non ter feito un traballo de selección, abrindo unha causa xeral contra a actividade económica no sector primario.

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea fai as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7.ª:

1. Non lle parece esaxerada a esta Consellería a maneira de proceder da Inspección de Traballo e da Garda Civil?

2. Cal vai ser o mecanismo que vai a aplicar o executivo para evitar estas multas despois de anunciar en rolda de prensa o Presidente da Xunta de Galicia que ningún/unha familiar ou veciño/a ía ser multado por recibir a colaboración nas labores de recollida?

Santiago de Compostela a 2 de outubro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Quinteiro Araujo

Deputados do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 02/10/2017 12:56:21**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Paula Quinteiro Araújo na data 02/10/2017 12:56:33**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 13:43
Nº Rexistro: 18004
Data envío: 02/10/2017 13:43:15.319

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.ª, relativa á conservación da "Casa Benedicto" en Navia de Suarna.

A coñecida como Casa Benedicto, a antiga xastrería de Navia de Suarna ubicada no corazón do seu casco histórico, leva máis dun século sendo testemuña do decorrer cotiá da capital dos Ancares.

Construída nos anos 20, hoxe a casa **de influencias modernistas máis emblemática de Navia** e que atrae as olladas e flashes de todos os visitantes, vese ameazada de morte pola piqueta, pois o concello de Navia de Suarna **pretende derrubala para ampliar a praza que rodea e gañar tres ou catro prazas de estacionamento**.

Decisión que, ao noso entender, vulneraría a propia Lei de Patrimonio que no seu artigo 88 establece que obras serán consideradas patrimonio arquitectónico, entre as que se atopan:

*e) Os edificios relevantes da arquitectura ecléctica, modernista, racionalista, do movemento moderno ou característico da complexa sucesión de movementos e tendencias arquitectónicas que percorren o período das primeiras vangardas e o movemento moderno durante o século XX ata 1965, incluída a arquitectura de indianos. Para a consideración do seu valor cultural, os inmobles deben evidenciar, total ou parcialmente, os principios recoñecibles do seu estilo arquitectónico de forma relevante pola calidade do seu proxecto, espacial ou construtiva, a súa singularidade estética ou a súa representatividade tipolóxica,*

*ademais de posuír unha dimensión social significativa.*

O edificio foi adquirido hai anos pola Deputación de Lugo coa idea de restauralo para uso público, pero pasou o tempo e nunca se chegou a dar esta circunstancia. E hoxe, como dicimos, corre perigo.

Ante esta situación, un grupo de veciños e cidadáns constituíronse recentemente na Plataforma Salvemos Casa Benedicto e nos tres primeiros días de campaña lograron máis de 4.000 sinaturas en contra do derrube.

Sen embargo, o alcalde de Navia de Suarna, en declaracións bastantes cuestionables á prensa, asegurou descoñecer o grao de protección do edificio e asegurou que "hai que tiralo pois está construído con area de río, ten partes de ladrillo e non ten valor ningún".

Porén, na fase inicial de aprobación do PXOM de Navia o edificio aparecía catalogado. Como se pode ver na ficha dáselle un nivel de "protección estrutural" e recóllense as melloras necesarias: "Rehabilitación integral coa recuperación das características orixinais da edificación". En todo caso realización das tarefas de conservación oportunas co fin de evitar o empeoramento das condicións nas que se atopa o ben".

A cuestión é que despois de todos estes anos o documento de aprobación inicial deixa de ter validez e, polo tanto, a casa deixou de estar protexida, circunstancia que aproveita a actual corporación para intentar derrubala.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

GRUPO PARLAMENTAR en marea

1. Ten a Dirección Xeral de Patrimonio constancia deste ben? Está catalogado ou ten previsto iniciar as medidas para a súa protección? Fíxose algunha visita técnica ao lugar?

2. Non considera que Patrimonio debería actuar para evitar que este tipo de bens deixen de estar protexidos porque o documento que o protexe xa caducou?

3. Que ten previsto facer a Dirección Xeral de Patrimonio para impedir o seu derrube?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda.

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 02/10/2017 13:41:15**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 13:43
Nº Rexistro: 18004
Data envio: 02/10/2017 13:43:15.319

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 02/10/2017 13:41:25

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 13:48
Nº Rexistro: 18010
Data envío: 02/10/2017 13:48:16.462



## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O 24 de xuño de 2017 cumpríase o tricentenario da Masonería, institución que hai 300 anos se atrevera a soñar cun ideal para a Humanidade sostido sobre principios sinxelos: o dereito a pensar e o deber de tolerar, as liberdades de conciencia e de pensamento, a tolerancia fraternal cara ao outro e a dignidade humana máis aló de credos, clases sociais, razas, ideas ou nacións. Lamentablemente, ao logo destes 300 anos todos os fundamentalismos relixiosos, todos os totalitarismos políticos e todos os pensamentos únicos coñecidos perseguiron os ideais dunha institución que hoxe segue a estar severamente ameazada en 23 países do mundo.

España e Galicia non foron unha excepción nesta persecución. Por tal motivo, no inicio do presente período parlamentario no Congreso dos Deputados e a través dunha proposición non de lei, o Grupo Parlamentario Socialista pedía a anulación de todas as sentenzas e condenas ditadas polo Tribunal de Represión da Masonería e o Comunismo, entre outros tribunais ilexítimos e ilegais, que condenaron a aquelas persoas que defenderon a legalidade institucional, pretenderon o restablecemento dun réxime democrático e tentaron vivir conforme a opcións amparadas polos dereitos e liberdades recoñecidos hoxe pola Constitución de 1978.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, pensamos que no Parlamento de Galicia debemos facer algo semellante.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o Goberno galego que o dereito a pensar e o deber de tolerar, as liberdades de conciencia e de pensamento, a tolerancia fraternal cara ao outro e a dignidade humana máis aló de credos,

clases sociais, razas, ideas ou nacións deben ser a base da democracia?

2. Comparte o Goberno galego que a Masonería é unha institución que leva no seu ADN estes principios?
3. Ten coñecemento o Goberno galego de que a Masonería segue a estar severamente ameazada en 23 países do mundo?
4. Está de acordo o Goberno coa anulación de todas as sentenzas e condenas ditadas polo Tribunal de Represión da Masonería e o Comunismo?
5. Comparte o Goberno galego o recoñecemento da honorabilidade da Masonería e a petición do cese do sufrimento daquelas persoas que aínda hoxe sofren persecución, sancións, condenas penais, exilio ou son executadas por mor da defensa da Masonería e dos seus ideais?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 02/10/2017 13:45:18**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 02/10/2017 13:45:23**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/10/2017 13:45:28**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 13:49
Nº Rexistro: 18015
Data envío: 02/10/2017 13:49:31.376





**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga** e **Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A atención sanitaria de emerxencias en Ordes ten, dentro do seu sistema de funcionamento, incorporada a evacuación e traslado de persoas enfermas ao Hospital Clínico de Santiago mediante o uso dun helicóptero de emerxencias. Para a utilización deste medio, é preciso dispoñer de espazo adecuado para despegue e aterraxe. Este espazo tiña unha localización determinada ao lado do PAC da localidade, que ten todos os requisitos dispoñibles para ser utilizada como tal.

A pesares do anterior, o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal abre a posibilidade de que estes espazos sexan utilizados para outros fins, ao non reservalo expresamente e destinalo de maneira concreta ao heliporto. Este novo plan, aprobado polo Goberno de Ordes que sustenta o Partido Popular, elimina este espazo para esta instalación, deixando en precario a situación da atención sanitaria de emerxencias.

Na actualidade, o helicóptero cando ten que acudir a Ordes, debe utilizar o campo de fútbol de Vista Alegre, a 12 minutos do centro de saúde. Esta distancia provoca retrasos na atención, e no caso de enfermos que deban ser trasladados en transporte sanitario, provoca que sexa necesario mobilizar unha ambulancia para trasladar a doentes dende o campo de fútbol ao PAC, ou viceversa. Tense dado o caso de ter que desprazarse unha ambulancia dende Santiago para trasladar unha persoa doente que, chegado ao campo de fútbol, necesitaba transporte sanitario para ser desprazado ou desprazada ao PAC de Ordes, que evidencia que a mala planificación resulta absolutamente ineficiente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 13:49
Nº Rexistro: 18015
Data envío: 02/10/2017 13:49:31.376

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto o Goberno galego realizar algunha xestión co Goberno municipal de Ordes para que se dispoña no PXOM a habilitación do terreo anexo ao PAC como espazo para helicóptero?
2. Considera a Xunta de Galicia que a situación na que se atopa agora o transporte sanitario para os veciños e veciñas afectadas en Ordes e a súa contorna é axeitada?
3. Coñece a Xunta de Galicia as razóns pola que o Goberno municipal de Ordes retirou o heliporto do centro de saúde dos planos do novo PXOM?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Xoaquín Fernández Leiceaga
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 02/10/2017 13:41:29**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2017 13:41:36**

**Noela Blanco Rodríguez na data 02/10/2017 13:41:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18019
Data envío: 02/10/2017 14:07:51.570

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira** e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Conscientes da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, a Xunta de Galicia segue apostando por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado .

Unha das actuacións levadas a cabo no marco do Plan de Artesanía de Galicia, co obxectivo de potenciar a promoción, profesionalización e visualización do sector é o Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia. Corazón da Artesanía, que se celebra nos Pendellos de Agolada (Pontevedra).

Segundo se establece no propio Plan, Corazón de Artesanía configúrase como un espazo de encontro (xornadas, exposicións, venda, talleres, demostracións) que permite a interacción de diferentes campos que conforman a nosa identidade e a posta en valor da nosa artesanía.

En base o anterior, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia das seis edicións do Encontro de Artesanía Popular Corazón de Artesanía?

2. Cantos obradoiros artesanais participaron nas diferentes edicións e cantos produtores locais? ¿Cantos persoas visitaron o Encontro de Artesanía Popular Corazón de Artesanía?

3. Se fixeron enquisas de satisfacción aos participantes? De ser o caso, ¿Cal foi o resultado de ditas enquisas?

4. Que iniciativas se levaron a cabo no marco do Encontro de Artesanía Popular Corazón de Artesanía?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18019
Data envio: 02/10/2017 14:07:51.570

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 02/10/2017 14:03:20**

**Maria Antón Vilasánchez na data 02/10/2017 14:03:34**

**Moisés Blanco Paradelo na data 02/10/2017 14:03:40**

**María Isabel Novo Fariña na data 02/10/2017 14:03:46**

**Marta Novoa Iglesias na data 02/10/2017 14:03:54**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/10/2017 14:04:02**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 02/10/2017 14:04:09**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18020
Data envío: 02/10/2017 14:08:04.536

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira** e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O comercio é unha actividade en constante evolución, onde as novas tecnoloxías e os cambios nos hábitos de compra das persoas consumidoras esixen aos comerciantes unha constante actualización.

Nos últimos tempos, as novas tecnoloxías están a achegar novos mercados e novas formas de comercialización. En particular, o comercio electrónico se configura como unha potencia a explotar xa que coa estratexia axeitada permite o acceso a un mercado global de clientes potenciais.

Por iso, combinar o comercio *on line* co físico e presencial é un dos retos actuais dos nosos comerciantes para incrementar a súa competitividade e proxección de futuro. Así, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas ten levado a cabo a Xunta de Galicia para o impulso do comercio electrónico e da presenza das empresas comerciais na rede?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 02/10/2017 14:04:48**

**Maria Antón Vilasánchez na data 02/10/2017 14:04:56**

**Moisés Blanco Paradelo na data 02/10/2017 14:05:02**

**María Isabel Novo Fariña na data 02/10/2017 14:05:08**

**Marta Novoa Iglesias na data 02/10/2017 14:05:18**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/10/2017 14:05:26**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18020
Data envio: 02/10/2017 14:08:04.536

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**Sandra Vázquez Dominguez na data 02/10/2017 14:05:33**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18021
Data envío: 02/10/2017 14:08:17.043

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira** e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Os mercados e as prazas de abastos se configuran como pezas estratéxicas da dinamización do comercio de proximidade ao tempo que espazos xeradores de emprego e riqueza nas vilas e cidades nas que se localizan

Os nosos mercados representan sen dúbida unha oportunidade para o sector comercial galego  ao poder configurarse como os mellores escaparates para o noso produto local e de calidade ofrecendo aos consumidores unha nova experiencia de compra máis persoal e especializada

Con localizacións privilexiadas e de interese turístico, os mercados teñen un gran potencial para converterse en auténticas incubadoras empresariais de novas experiencias comerciais, e por iso supoñen hoxe un reto ineludible tanto para as administracións como para os comerciantes, que deben procurar a súa actualización e o incremento da súa competitividade e atractivo para os clientes.

Por isto, modernizar a imaxe destes espazos comerciais e mellorar as súas infraestruturas debe ser un dos obxectivos prioritarios. Por isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia das actuacións de mellora acometidas nas prazas de abastos galegas?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 02/10/2017 14:06:17**

**Maria Antón Vilasánchez na data 02/10/2017 14:06:25**

**Moisés Blanco Paradelo na data 02/10/2017 14:06:32**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 16:30
Nº Rexistro: 18021
Data envío: 02/10/2017 14:08:17.043

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

**María Isabel Novo Fariña na data 02/10/2017 14:06:38**

**Marta Novoa Iglesias na data 02/10/2017 14:06:45**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/10/2017 14:06:54**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 02/10/2017 14:07:01**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 16:54
Nº Rexistro: 18034
Data envio: 02/10/2017 16:54:40.816

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a apertura dun expediente sancionador contra Cuac FM por emitir sen a correspondente licenza radiofónica.

O 21 de setembro de 2016 a Xunta de Galiza notificou á radio comunitaria coruñesa, Cuac FM, a apertura dun expediente sancionador por emitir sen a correspondente licenza radiofónica advertíndolle, alén do máis, de que se expón a unha multa de entre 100 mil e 200 mil euros.

Esta emisora, en activo desde o ano 1996, reclamou en diversas ocasións que a Xunta de Galiza aplique a Lei 7/2010 Xeral de Comunicación Audiovisual pola que se recoñecen os medios comunitarios coma un dereito da cidadanía (artigo 4), e establece na súa Disposición Transitoria 14 o dereito dos servizos de comunicación audiovisuais comunitarios de radio e televisión preexistentes, que emitían antes do 1 de xaneiro do 2009, a acceder a licenzas ou autorizacións no ámbito de cobertura no que viñan prestando a súa actividade.

Así as cousas, malia as demandas de Cuac FM e a Rede de Medios Comunitarios o Goberno galego rexeitou en varias ocasións aplicar a lei excluíndo as radios comunitarias, non lucrativas, do concurso de licenzas de 2013.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pasado 28 de setembro a asemblea de socias e socios do Colectivo de Universitarios Activos (Cuac) decidiu rematar coas emisións en FM dando continuidade ao seu traballo a través da rede (*streaming*) non sen amosar publicamente a súa perplexidade porque este expediente iniciado pola Xunta lles sexa notificado agora e sen previo aviso.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cal foi a razón que motivou a apertura, por parte do Goberno galego, dun expediente sancionador contra Cuac FM?

- Cre a Xunta de Galiza que ten algún tipo de responsabilidade no feito de que Cuac FM non conte con licenza radiofónica toda vez que no último concurso público excluíu este tipo de radios da posibilidade de acceder a elas?

- Por que motivo a Xunta de Galiza non aplica a Lei 7/2010 Xeral de Comunicación Audiovisual no noso país en relación ás radios comunitarias non lucrativas?

- Pensa adoptar o Goberno galego algunha medida para dar cumprimento á lexislación vixente así como ás recomendacións da Defensora del Pueblo a este respecto?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2017 16:54
Nº Rexistro: 18034
Data envio: 02/10/2017 16:54:40.816

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2017 16:51:35**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/10/2017 16:51:37**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/10/2017 16:51:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/10/2017 16:51:40**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2017 16:51:41**

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/10/2017 16:51:42**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:24
Nº Rexistro: 17696
Data envío: 28/09/2017 11:24:21.464

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**, sobre a non emisión nos servizos informativos da TVG dun acto de ocupación simbólica da Casa Cornide na Coruña.

O 26 de setembro un grupo de persoas ocuparon de maneira simbólica a Casa Cornide na Coruña para denunciar que este inmóbel, como acontece co Pazo Meirás ou as esculturas da fachada románica da Catedral de Compostela, continúan en mans da familia Franco.

O acto, ao que a CRTVG desprazou un cámara que permaneceu no lugar durante todo o acontecemento, non foi recollido en ningún dos informativos do propio día 26 e tampouco nos seguintes. Nin o Galicia Noticias, nin o Telexornal Mediodía ou Serán se fixeron eco da nova.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:24
Nº Rexistro: 17696
Data envio: 28/09/2017 11:24:21.464

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que razón non incorporou a TVG nos seus servizos informativos o acto de ocupación simbólica da Casa Cornide da Coruña malia ter enviado persoal para cubrilo?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Noa Presas Bergantiños**
**Ana Belén Pontón Mondelo**
**Montserrat Prado Cores**
**Luis Bará Torres**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 11:23:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 11:23:53**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 11:23:55**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 11:24
Nº Rexistro: 17696
Data envio: 28/09/2017 11:24:21.464

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 11:23:56**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 11:23:57**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 11:23:59**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17723
Data envío: 28/09/2017 14:02:06.230

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG.**

As decisións que está a tomar a CRTVG fannos pensar que os seus responsables de contidos teñen moi mala memoria. Esqueceron que poden atopar aos representantes institucionais de En Marea na Rúa do Hórreo. Esqueceron que a vontade popular situounos como primeira forza da oposición. E esquecen sistematicamente que nós tamén contamos cunha opinión política que, a xulgar polos resultados electorais, e de moito interese paras as galegas e os galegos.

Falamos de esquecementos porque a alternativa (que exista unha estratexia deliberada dirixida a agochar a actividade e as declaracións de En Marea) pareceríanos perversa e impropia dos responsables de prensa e comunicación da CRTVG. Perversa, porque suporía a instrumentalización dunha entidade pública co obxecto de obter un beneficio privado; e impropia porque se estaría a incumprir a obriga periodística de ofrecer unha información veraz, rigorosa e imparcial.

E a segunda ocasión, durante o mes de setembro, na que a CRTVG fixo gala da súa desmemoria foi o pasado fin de semana. O domingo Sondaxe publicou unha enquisa sobre o posible resultado electoral en Galicia si se producisen hoxe unhas novas eleccións. Ese mesmo día, a televisión pública galega emitiu a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17723
Data envío: 28/09/2017 14:02:06.230



valoración do PSdeG e do BNG, expresada, respectivamente, por Fernández Leiceaga e Ana Pontón.

http://www.crtvg.es/informativos/o-psoe-e-o-bng-avalian-a-enquisa-electoral-3419265

Nin rastro de En Marea.

Mais a cousa agravouse ao día seguinte. No telexornal Bos Días emitiuse a avaliación que fan o PSdG, o BNG e o PP da enquisa de Sondaxe. En Marea volve a non estar presente, a pesar do cal o corte colgado na páxina web denomínase “Avaliación dos grupos políticos”, como si todos eles tiveran opinado.

http://www.crtvg.es/informativos/avaliacion-dos-grupos-politicos-3422050

Como seguro que comprenderá o Director Xeral da CRTVG, esta serie de despistes non pode continuar, xa que supón unha vulneración sistemática do dereito a estar informados que asiste a tódolos galegos e galegas. Reiteramos, por elo, a nosa enteira disposición a responder a cantas preguntas teñan a ben facernos dende a televisión pública. Para nós, render contas publicamente é unha responsabilidade inescusable.

Por todo o exposto as deputadas e o deputado asinantes formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG:

- Cal foi o motivo polo que se realizaron ambas informacións sen contar coa avaliación de En Marea ?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 17723
Data envio: 28/09/2017 14:02:06.230

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/09/2017 14:01:20**

**Paula Vázquez Verao na data 28/09/2017 14:01:29**

**Luis Villares Naveira na data 28/09/2017 14:01:33**

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727